



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Deputación Permanente
Número 12

Sesión plenaria
13 de maio de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

64141 (10/SCDP-000016)

Do señor conselleiro de Cultura e Turismo, a petición propia, para dar conta do Plan de re-activación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19.

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 629, do 08-05-2020

Punto 2. Preguntas

2.1 63905 (10/PODP-007681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do tratamento da información na CRTVG durante a pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 627, do 30-04-2020

2.2 64122 (10/PODP-007766)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da coordinación no Centro de Coordinación Operativa das actuacións da Administración autonómica, do mando único estatal e das entidades locais galegas durante a emerxencia sanitaria provocada pola covid-19

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 629, do 08-05-2020

2.3 64006 (10/PODP-007704)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns polas que o Goberno galego non ten posto en funcionamento axudas directas a autónomos que tiveron que pechar as súas actividades por mor da crise sanitaria

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 629, do 08-05-2020

2.4 64125 (10/PODP-007769)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da actuación do Goberno central en relación á situación das industrias electrointensivas

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 629, do 08-05-2020

2.5 63970 E C.E. 64168 (10/PODP-007696)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego ante posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus SARS-CoV-2 tanto en termo inmediato como nunha segunda onda de contaxios

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 627, do 30-04-2020



2.6 63835 (10/PODP-007663)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre a actuación inspectora e sancionadora da Xunta de Galicia nos centros de atención a maiores nos últimos anos

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 627, do 30-04-2020

2.7 63877 (10/PODP-007673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o Goberno galego nas residencias de maiores por mor da pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa BOPG: núm. 627, do 30-04-2020

2.8 63907 (10/PODP-007682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o impacto do coronavirus nas residencias de maiores na comunidade autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 627, do 30-04-2020

2.9 64140 (10/PODP-007782)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre os fondos cos que contará a Xunta de Galicia neste exercicio para xestionar o tramo autonómico das subvencións a entidades sociais con cargo ao 0,7 % social do IRPF

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 629, do 08-05-2020



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Logo de abrir a sesión, o señor presidente prégalles aos presentes na sala que se garde un minuto de silencio en lembranza das persoas falecidas pola pandemia da covid-19 e en solidariedade coas súas familias.

Os deputados e as deputadas, así como os membros do Goberno presentes, os membros da Mesa e demais asistentes á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 8.)

A continuación o señor presidente solicítalle á secretaria da Mesa a comprobación da existencia de quórum. (Páx. 8.)

A señora secretaria, Blanco Rodríguez, comproba a presenza dos deputados e deputadas membros da Deputación Permanente ou con delegación de voto. (Páx. 8.)

Confirmada a existencia de quórum, o señor presidente procede a entrar na orde do día, que consta de dous puntos. (Páx. 8.)

Comparecencia do señor conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para dar conta do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González). (Páx. 9.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 20.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 24.), Sra. Cuña Bóveda (GCE) (Páx. 28.), Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 31.) e Sra. Romero Fernández (P). (Páx. 34.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González). (Páx. 38.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. Nesta rolda interveñen o señor Rodríguez Estévez (M) (Páx. 44.), a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 46.), a señora Cuña Bóveda (GCE) (Páx. 48.), o señor Caballero Míguez (S) (Páx. 50.), a señora Romero Fernández (P) (Páx. 52.) e o señor conselleiro de Cultura e Turismo. (Páx. 54.)

Rematada a comparecencia, e antes de entrar no punto segundo, con varias preguntas ao Goberno, o señor presidente lembra as duracións das intervencións e comunica que estas deben facerse desde os escanos directamente. Así mesmo, anuncia que as preguntas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia serán formuladas polo seu portavoz, o señor Caballero Míguez. (Páx. 57.)



Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración pola Xunta de Galicia do tratamento da información na CRTVG durante a pandemia da covid-19. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 57.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 58.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 60.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 60.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración pola Xunta de Galicia da coordinación no Centro de Coordinación Operativa das actuacións da Administración autonómica, do mando único estatal e das entidades locais galegas durante a emerxencia sanitaria provocada pola covid-19. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 62.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 63.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 65.)

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as razóns polas que o Goberno galego non ten posto en funcionamento axudas directas a autónomos que tiveron que pechar as súas actividades por mor da crise sanitaria. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (GCE)*. (Páx. 66.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 67.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (GCE)*. (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 69.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración polo Goberno galego da actuación do Goberno central en relación coa situación das industrias electrointensivas. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 71.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 72.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 74.)



Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego ante posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus SARS-CoV-2 tanto en termo inmediato como nunha segunda onda de contaxios. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 75.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 76.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Míguez (S)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 78.)

O señor presidente anuncia a acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta.
(Páx. 79.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a actuación inspectora e sancionadora da Xunta de Galicia nos centros de atención a maiores nos últimos anos. (Punto segundo da orde do día.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto da covid-19 nas residencias de maiores na comunidade autónoma de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 79.) e *Sr. Caballero Míguez*. (Páx. 80.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 81.)

Réplica dos autores: *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 83.) e *Sr. Caballero Míguez*. (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 85.)

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o Goberno galego nas residencias de maiores por mor da pandemia da covid-19. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 86.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 87.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 88.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 89.)

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os fondos cos que contará a Xunta de Galicia neste exercicio para xestionar o tramo autonómico das subvencións a entidades sociais con cargo ao 0,7 % social do IRPF. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 92.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 94.)



Antes de dar por finalizada a sesión, o señor presidente expresa o seu agradecemento ao persoal do Parlamento que fixo posible que esta se realizase, así como a todas e todos os profesionais sanitarios e dos servizos esenciais, e fai un chamamento á responsabilidade individual e colectiva ante a pandemia da covid-19. (Páx. 95.)

Remata a sesión ás tres e dez minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo a esta sesión da Deputación Permanente.

Previamente pídolles a todos os deputados e deputadas que gardemos un minuto de silencio en memoria das vítimas mortais da covid-19 e tamén mostrar o noso afecto ás familias das persoas falecidas, e ánimo tamén para as persoas que aínda están convalescentes.

(Pausa.) (Os deputados e as deputadas, así como os membros do Goberno presentes, os membros da Mesa e as demais persoas asistentes á sesión gardan un minuto de silencio.)

Grazas.

Agora si comezamos a sesión desta deputación permanente. Para iso, prégoles á secretaria, señora Blanco, que comprobe a asistencia.

A señora SECRETARIA: Moi bo día, presidente.

(Por mor da situación provocada polo estado de alarma debido á covid-19, a esta sesión acode un número reducido de deputados e deputadas en representación dos membros titulares da Deputación Permanente, nalgúns casos con delegación de voto previamente formalizada. Os asistentes son: D. Pedro Puy Fraga, D. Miguel Ángel Tellado Filgueira, D^a Raquel Arias Rodríguez, D. José Alberto Pazos Couñago, D^a Cristina Isabel Romero Fernández, D^a Marta Rodríguez Arias, D. Gonzalo Trenor López, D^a Marta Nóvoa Iglesias, D^a Paula Prado del Río, D^a Sandra Vázquez Rodríguez, D. Luís Manuel Álvarez Martínez, D. Gonzalo Caballero Míguez, D. Julio Torrado Quintela, D^a Luca Chao Pérez, D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, D^a Ana Belén Pontón Mondelo, D^a Montserrat Prado Cores e D. David Rodríguez Estévez; así como os membros do Goberno, D. Alfonso Rueda Valenzuela, D. Francisco José Conde López, D. Jesús Vázquez Almuíña, D. Román Rodríguez González e D^a Fabiola García Martínez, e os membros da Mesa, que presiden a sesión, D^a Noela Blanco Rodríguez, D. Diego Calvo Pouso e D. Miguel Ángel Santalices Vieira.)

Comprobadas as delegacións de voto, hai quórum, señor presidente.

Moitas grazas.

A orde do día, como saben, son dous puntos: en primeiro lugar, unha comparecencia, e despois as preguntas ao Goberno.

Comezamos co punto primeiro.

Comparecencia do señor conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para dar conta do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, don Román Rodríguez González.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días a todos.

Todos somos conscientes de que en apenas dous meses o mundo cambiou dun xeito radical, dun modo moi forte. A actual situación na que estamos vivindo trouxo moita dor colectiva e unha enorme dor individual, fundamentalmente para todas aquelas persoas que perderon un ser querido. As súas consecuencias tamén están supoñendo un golpe moi duro para a economía e o emprego de milleiros de persoas, de milleiros de familias en toda Galicia, en toda España e en todo o mundo.

Antes de comezar a miña intervención, gustaríame facer un agradecemento público. Por suposto, son moitas as persoas e os colectivos que demostraron que Galicia estivo á altura, empezando polos sanitarios. Pero permítanme que me dirixa a aqueles do meu ámbito de competencia e aos que diriximos este plan que hoxe presentamos:

Quero agradecer publicamente ao mundo da cultura, aos profesionais da cultura, que non deixaron de poñer o seu talento e a súa creatividade ao servizo de todos os galegos. Inicativas virtuais como #aculturasegue ou #NonNosCanceles e centos, miles de accións xenerosas destas persoas nas redes sociais axudaron a trasladar unha certa enerxía positiva e un sosego no momento en que máis se necesitaba.

E tamén ao sector turístico, que demostrou unha enorme xenerosidade ao colaborar coa Xunta de Galicia na posta en marcha de máis de cento vinte establecementos de garda, o que denominamos «hoteis de garda», en setenta concellos en toda Galicia; aloxamentos que no día de hoxe facilitaron máis de quince mil pernoctas a persoal sanitario, a profesionais de servizos esenciais e tamén a colectivos vulnerables.

En ambos os casos, foron un modelo de conduta, foron un exemplo, e gustaríame trasladarlles o agradecemento do Goberno galego e tamén me gustaría que deste parlamento.

Señorías, o conxunto da nosa economía —non digo nada novo— está atravesando un momento moi complexo, e non é unha afirmación novidosa. Hai múltiples proxeccións económicas, feitas por diferentes institucións, e todas falan dunha perda do PIB moi significativa a nivel da Unión Europea, a nivel español e tamén a nivel de Galicia. É obvio que a situación é difícil e, neste marco xeral, a situación dos sectores culturais e turísticos é tamén moi difícil. Estamos ante sectores que teñen unha demanda moi elástica, moi vulnerables aos ciclos económicos; sectores ambos que se están vendo moi afectados pola caída do consumo, polas cancelacións e tamén pola previsible caída da demanda a medio prazo, así como tamén, en moitos casos, polas restricións que as súas actividades teñen desde o punto de vista da propia oferta.

Señorías, estamos falando de dúas áreas económicas fundamentais para Galicia. No seu conxunto supoñen arredor do trece por cento do PIB galego e dan emprego aproximadamente a cento cincuenta mil persoas. Son dúas actividades das que depende o benestar de moitos milleiros de persoas e moitos milleiros de familias galegas.



Por esta razón, comezamos a traballar e a intentar dar unha resposta a este panorama. De xeito inicial, como medida de choque, a resposta do Goberno galego neste ámbito materialízase no Plan de reactivación cultural e turístico que hoxe presentamos.

A Xunta actúa dun xeito coordinado na reactivación da vida económica. Por un lado, unha parte neste caso da Administración autonómica, a través do Igape, a través da Consellería de Economía, plantexa unha serie de liñas de axuda de carácter estrutural, transversal, para o conxunto das empresas, que vai orientada fundamentalmente a favorecer a súa estrutura económica e interna: financiamento, liquidez, préstamos etcétera. E, por outro, cunha perspectiva sectorial, neste caso a Consellería de Cultura plantexa un plan orientado fundamentalmente a reactivar a vida económica destes dous sectores: do sector cultural e do sector turístico.

Este plan ten un obxectivo moi claro, un principal obxectivo, que é axudar as persoas e as familias que viven da cultura e do turismo en Galicia, dándolles prioridade absolutamente aos profesionais, ás persoas que viven e teñen o seu sustento, neste caso, na cultura e no turismo, e procurando manter o emprego mediante a reactivación da actividade.

Para lograr este obxectivo, o plan actúa nunha dobre vía, sobre a oferta e sobre a demanda. Sobre a oferta, fomentando a competitividade e reforzando a promoción de ambos os sectores, adaptando a oferta turística e a produción cultural á nova situación, estimulando a creación de novos produtos e de novos formatos que poidan desenvolverse no actual marco, e tamén impulsando a formación e a dixitalización. E sobre a demanda, xerando confianza, tentando xerar confianza a través da seguridade hixiénico-sanitaria, incentivando o consumo e creando novas canles de comercialización, tanto dos produtos turísticos coma dos produtos culturais.

Señorías, este plan fundaméntase, por unha parte, nunha serie de estudos, informes, proxeccións económicas; algúns deles encargados pola propia Administración autonómica, outros publicados por diferentes institucións académicas e de recoñecido prestixio. Pero, sobre todo, fundaméntase nas propostas dos propios sectores, nas propostas dos profesionais, que nos aportaron as súas necesidades reais e concretas a través de múltiples reunións con eles.

Desde o inicio desta crise mantivemos unha estreita colaboración, un diálogo leal e fluído cos principais representantes da cultura e do turismo en Galicia. Tivemos un total de sesenta e cinco encontros —obviamente por videoconferencia— con douscentos trinta e un axentes sectoriais en apenas dous meses. Nestas reunións escoitamos, aprendemos, vimos as súas inquietudes, as súas demandas, as súas necesidades, e recibimos achegas, achegas de todo tipo. Recibimos cento setenta propostas concretas en ambos os ámbitos. E destas cento setenta, unhas cento dez, é dicir, o 70 por cento das achegas, están recollidas neste plan. Xorde así este plan como resultado dunha participación directa e dunha cooperación leal dos sectores profesionais.

A cooperación, señorías, non pode rematar só na redacción deste plan. O gran reto da recuperación cultural e turística de Galicia é un desafío compartido, e é un desafío compartido, por suposto, cos profesionais, coas empresas, pero tamén coas demais administracións. É



máis importante que nunca coordinarnos con concellos, con deputacións, así como xerar sinerxías, evitar duplicidades e concentrar os esforzos económicos naquelas áreas que máis o precisan.

Tivemos tamén encontros coa Fegamp, a través da Mesa do Turismo coas deputacións, con Xeodestinos, con moitos alcaldes. E entre todos, entre todas as administracións, tanto galegas coma tamén de ámbito nacional, tivemos tamén múltiples reunións sectoriais no ámbito turístico, menos—hai que dicilo— no ámbito cultural. Temos a responsabilidade de protexer o tecido produtivo, o tecido empresarial, o emprego cultural e o emprego turístico en Galicia.

E antes de entrar a detallar de xeito concreto as medidas do plan gustárame falar de dous elementos que son transversais e que son, sen dúbida, fundamentais para o noso futuro a curto e medio prazo: por unha parte, a seguridade sanitaria, fundamental na actividade turística, e por outra, o Xacobeo 2021.

«Galicia, destino seguro» é básico, é indispensable nun contexto como o actual trasladar confianza e seguridade ao sector turístico, tanto aos profesionais que desenvolven o seu traballo nos establecementos turísticos coma aos potenciais visitantes e usuarios e, por extensión, ao conxunto da sociedade. Se non hai confianza, non haberá recuperación, en ningún sector, pero moi especialmente non o haberá no sector turístico.

«Galicia, destino seguro» é moito máis que un lema, é unha obriga e é unha responsabilidade compartida entre a sociedade civil, entre as persoas —puidémolo ver hai moi poucos días—, o sector empresarial e tamén as administracións.

Señorías, temos ante nós dous modelos:

Por un lado, temos o modelo que propón o Goberno central para xerar confianza no sector. Este sábado, o Ministerio de Sanidade publicou no *Boletín Oficial do Estado* unha serie de ordes con normas de seguridade de obrigado cumprimento para o sector. O domingo, un día antes de que puidesen abrir os establecementos correspondentes, o Ministerio de Turismo publicou unha serie de guías cunhas recomendacións de cumprimento voluntario. A maiores, tamén crea un selo de pago para certificar as garantías sanitarias; un selo de pago que vai supoñer un novo gasto de certificación e acreditación para os establecementos turísticos. Temos normas moi xerais de obrigado cumprimento, temos guías opcionais, recomendacións con detalle importante e demasiado específicas, e temos certificados de seguridade de pago. Iso é un modelo. Nós cremos que este modelo está xerando unha enorme confusión, e pode xerar unha gran desigualdade entre os profesionais e os usuarios e, ademais, debilita Galicia como destino, porque con base nestes selos non vai poder presentarse como un destino seguro dun xeito integral.

Por outro lado, temos o modelo da proposta que vai facer a Xunta de Galicia. Nós non queremos un destino a dúas velocidades, onde uns establecementos digan que cumpren unha normativa e outros digan que cumpren outra, é dicir, que haxa desigualdade. Nós queremos promover a igualdade entre todos os establecementos turísticos. Galicia aspira a ser un des-



tino seguro cen por cento para todos, dun xeito real, e que os clientes galegos saibamos ou os de fóra saiban que todos os negocios de turismo, de hostalería e de restauración cumpren coas máximas medidas de calidade e coas máximas medidas de carácter hixiénico-sanitario, coas máis garantistas, para poder ter un contorno laboral seguro e para ter un contorno de consumo seguro.

Por este motivo, e partindo do traballo feito, en conferencias sectoriais e en reunións con institucións como é o IGTE, cos profesionais do sector, co grupo de traballo creado especificamente, onde participan diferentes institucións e profesionais deste ámbito, elaboraremos, e faremolo man a man co sector, unha serie de manuais propios de seguridade hixiénico-sanitaria, cos cales queremos garantir que Galicia na súa totalidade sexa un destino seguro.

Estamos deseñando un modelo propio, garantista, con estándares superiores á media, que poida ser asumido e aplicado polo cen por cento dos establecementos galegos, sen desigualdade e cunha mensaxe de destino conxunto. En todo este proceso contamos coa participación e a colaboración activa do sector, dos diferentes colectivos que integran a cadea de valor do sector, e queremos facer tanto na relación e na elaboración deles coma tamén na información, na formación e na aplicación.

Ademais, axudaremos cunha partida específica de aproximadamente 1,7 millóns de euros, que xa está recollida neste plan, para que os pequenos empresarios e os autónomos poidan adaptarse a estas medidas, básicas para fomentar a confianza, básicas para ter un destino seguro no conxunto de Galicia, e poidamos ter un contorno laboral e un contorno de consumo seguro desde o punto de vista sanitario para os profesionais e tamén para os usuarios, e sobre todo que evite as desigualdades e que garanta que Galicia é un destino seguro cen por cento.

Tamén me gustaría, señorías, referirme a un piar que entendemos transversal para o turismo, para a cultura, en xeral para Galicia, que é o Xacobeo 2021. Somos absolutamente conscientes, desde o primeiro momento, que é necesario reinventar, repensar, reorganizar o Xacobeo 2021.

Como saben vostedes, tiñamos unha importante planificación en marcha; tiñamos un plan estratéxico, que o aprobamos aproximadamente hai un ano; tiñamos un avance na programación que presentamos hai só uns meses, xa se comezaba a planificar as diferentes accións; temos uns valores e uns principios que están recollidos no Plan estratéxico: participación, descentralización, sustentabilidade..., que, obviamente, seguen sendo centrais. Pero é obvio que o cambio xeral —por suposto, a escala mundial, europea, española e galega— supón que debemos reorientar esta grande oportunidade que é o Xacobeo 2021 cara a un obxectivo fundamental, que é a recuperación, a reactivación económica e, se me permiten, tamén emocional de Galicia.

Temos a obriga de construír un novo Xacobeo. Un novo Xacobeo que, sen renunciar aos principios básicos que tiña, sen renunciar ao seu carácter universal e mundial, sexa á súa vez o Xacobeo máis galego da historia. Entendemos que estamos falando dunha oportunidade para



incentivar o consumo propio, disfrutando en Galicia da nosa cultura e do noso turismo; unha oportunidade para fortalecer o tecido produtivo e empresarial; unha oportunidade para crear novas sinerxías entre cultura e turismo, con novos produtos, con produtos mixtos e innovadores, que impacten en ambos os ámbitos, e unha oportunidade para recuperarnos e para saír fortalecidos desta situación.

En definitiva, señorías, imos definir —estámolo facendo— un novo Xacobeo; un novo Xacobeo acorde ao novo mundo que nos está tocando vivir. Obviamente, esta transformación non a queremos nin a debemos facer sós desde o Goberno galego. O pasado mércores puxemos en marcha un grupo de traballo, cunha trintena de diferentes representantes da sociedade civil, co obxectivo de axudar a pensar este novo Xacobeo.

Tamén me gustaría, despois de ver certas declaracións dalgúns responsables políticos, invitalos a que se sumen a este gran proxecto que estamos poñendo en marcha, que nos asegurará durante o ano 2021 e durante o ano 2022 unha oportunidade única para a recuperación de Galicia. Creo que afortunadamente algúns comezan a darse conta xa da importancia que para Galicia tivo e ten sen dúbida a celebración do Ano Santo, a celebración do Xacobeo.

Céntrome agora, señorías, en detallar o Plan de reactivación cultural e turística, que é o obxecto desta comparecencia. Este plan parte dun orzamento de 27 millóns de euros, dos cales dez millóns son para o sector e a industria cultural, once millóns están dedicados ao sector turístico e 5,6 millóns están dedicados a medidas enmarcadas dentro do Xacobeo 2021, que teñen unha incidencia transversal nos dous ámbitos.

O plan recolle un total de corenta e sete medidas, das cales trinta e cinco delas son de nova creación e están pensadas especificamente para este plan, no contexto da recuperación da crise, e con base nos parámetros que anunciei anteriormente. Doce son modificacións de programas preexistentes, pero que se adaptan ao novo contexto, ao novo escenario macroeconómico e tamén sanitario. Combinamos trinta e cinco medidas novas coa readaptación e a modificación dalgunhas preexistentes.

Unha parte do investimento necesario para financiar esta proposta procede dunha reestruturación integral do orzamento da Consellería de Cultura e Turismo. Eliminamos unha serie de partidas de gasto que perderan o seu sentido no contexto actual. Modificamos e adaptamos aquelas que encaixaban no grande obxectivo do que estamos a falar, que é reactivar a acción cultural e turística e inxectar liquidez a través da activación nos sectores profesionais, nas persoas e nas empresas. E, por suposto, creamos tamén liñas novas, novos investimentos.

A modificación orzamentaria realízase con base en tres criterios:

O primeiro criterio é o apoio absoluto aos profesionais. Algúns dos proxectos que tiñamos previstos pasan a un segundo plano no contexto actual. Nestes momentos, o urxente, o máis importante, o máis imprescindible é o apoio ás persoas, ás persoas que traballan e viven no sector cultural e no sector turístico, e manter o emprego, o tecido produtivo, o tecido empresarial.



O segundo criterio é aportar liquidez a través da activación do seu traballo ás empresas. Para iso creamos novas convocatorias, flexibilizamos criterios de xustificación, de adiamento et-cétera respecto daquelas que xa estando en marcha posibilitaban cumprir cos obxectivos dos que estamos falando.

E o terceiro criterio é impulsar novos produtos e novos formatos, facilitando a creación de novos formatos culturais e turísticos, axeitados ao actual marco, á actual situación sanitaria, e que está tamén pensado baseándose nos novos hábitos de consumo, que a curto e medio prazo van marcar a capacidade das persoas profesionais que se dedican á cultura e ao turismo de poder desempeñar a súa actividade.

Permítanme agora, señorías, describir brevemente as medidas do plan. Entendo que xa coñecen o documento, pois colgouse xa hai varios días na internet, e farei un resumo moi sintético. Comezarei polas medidas culturais.

Primeiro eixo: activación na industria cultural galega. Aquí incluimos medidas para o sector do libro, para o fomento da lectura e para o apoio ás bibliotecas públicas. Hai unha serie de novidades, como as axudas ás empresas editoras, as axudas de promoción e fomento da cultura para as librerías, a busca de novos formatos, por exemplo, para as feiras do libro, a implementación e ampliación das liñas de compra de libros nas bibliotecas. En definitiva, poñemos á disposición deste ámbito un investimento superior aos 2,3 millóns de euros.

O plan tamén contempla un importante paquete de axudas ao sector audiovisual, basicamente buscando a flexibilización das distintas convocatorias, facilitando o 90 por cento das axudas do sector. Hai novidades que teñen que ver coa xeración de entregas de anticipos, que permiten inxectar liquidez directamente nas empresas, e tamén se crea un novo fondo de coprodución internacional. En definitiva, estamos falando, só do audiovisual neste ámbito, de practicamente catro millóns de euros.

En artes escénicas tamén modificamos algunhas convocatorias preexistentes. Co obxectivo de mobilizar recursos e de incrementar o peso das compañías na programación dos festivais, cumprimos as demandas do sector de xeito maioritario e incluimos unha importante convocatoria de proxectos plurianuais que están orzados no eixo do Xacobeo —falaremos máis adiante delas— con aproximadamente medio millón de euros. Entón, estamos a falar arredor de 2,3 millóns para este sector.

Nas artes plásticas apoiaremos e estamos apoiando as galerías de arte e as súas actividades, a súa asistencia a feiras e promoción; ampliamos os orzamentos destas liñas; creamos liñas novas, por exemplo, unha liña nova de apoio a creadores e a comisarios para a elaboración de proxectos, e tamén plantexamos no ámbito do eixo Xacobeo unha importante adquisición de obra artística aos creadores.

No ámbito da música tamén se desenvolve a adaptación de ordes significativas: produción e distribución; temos novidades, como a ampliación de potenciais beneficiarios, e contamos cun importante investimento no eido da música no eixo Xacobeo. Neste caso, accións que explicarei máis tarde, pero que posibilitan aportar sobre uns dous millóns de euros, porque



entendemos que o sector da música ten un valor moi singular como produto cultural sen dúbida ningunha, pero tamén como estímulo para o turismo musical.

Eixo dous: mantemento do emprego cultural en Galicia. Este eixo conta coa creación dun fondo de apoio a proxectos e iniciativas culturais que prioricen o mantemento de actividades dos sectores creativos. Estamos falando dun fondo novo de arredor de trescentos mil euros. Tamén incluimos aquí a reprogramación da Rede de dispositivos culturais da Xunta de Galicia, que vai incentivar a acción dos profesionais, das compañías, das produtoras —lonxe da situación actual—, para posibilitar inxectar liquidez a través da actividade deles neste sector. Estamos a falar aquí dun investimento de aproximadamente medio millón de euros.

Fomento do consumo cultural, eixo tres. Destaca a posta en marcha dunha campaña de sensibilización, dunha campaña de promoción orientada a fomentar o consumo do produto cultural galego. Queremos que a sociedade se implique, se sensibilice e merque os produtos culturais galegos. Imos dedicar a esta campaña de promoción 300.000 euros.

Aquí tamén quería incluír, señorías, a creación dun bono cultural para incentivar o consumo. Xa lles digo —xa o dixen publicamente— que o bono cultural non está recollido tal cal no plan. ¿Por que? Porque se lle plantexou ao Ministerio de Cultura para a súa inclusión dentro dun pacto de estado, que se anunciou pero que non se soubo máis nada del. Eu tiven a oportunidade persoalmente de plantexarllo ao ministro por escrito desde o 16 do mes pasado, e contaba sinceramente con que esta medida fose recollida; pero cando foron presentadas por parte do Goberno do Estado as medidas no eido cultural non aparecía en ningún lado. Vemos como no cultural non é unha prioridade para o Goberno central. E este goberno autonómico vai impulsar, deseñar e financiar un bono cultural que vai orientado basicamente a incentivar o consumo, a incentivar a demanda dentro dos sectores culturais galegos.

Obviamente, cremos que aquí temos que sumar esforzos e temos que evitar duplicidades e xerar sinerxías. Imos facer un deseño que tecnoloxicamente permita que outras institucións —un concello, unha deputación— que queiran sumarse o poidan facer e poidan manifestar tamén a súa vontade clara e explícita de axudar os seus sectores culturais a través dunha incentivación do consumo, a través dun bono cultural.

Eixo catro: formación, profesionalización e mellora da competitividade. Creamos un servizo de asesoramento e de consultoría para as empresas e os profesionais culturais; creámolo con profesionais neste caso da Cidade da Cultura, asesorados pola Cámara de Comercio. E este asesoramento e esta consultoría van orientados a facilitar e a axudar os pequenos autónomos, os promotores, as pequenas empresas, e a adaptarse aos grandes cambios que no marco legal, no marco da xustificación, no marco das axudas públicas, na normativa da desescalada teñen que facer nestes días.

Por último, temos tamén un ambicioso plan de formación, cun investimento de 600.000 euros, que contempla bolsas de formación en materia cultural; un plan de transformación dixital no ámbito cultural, e tamén a posta en marcha de programas de formación para xestores culturais e para profesionais das institucións da cultura. Estámolo facendo con diferentes colectivos de xestores culturais.



No eido turístico hai varias medidas:

Eixo un: accións de promoción e de activación da demanda. Temos xa moi avanzado o deseño dunha nova campaña de promoción turística que acompaña este Plan de reactivación. Reformulamos todas as previsións previas e encargamos unha nova campaña adaptada á situación actual na que vivimos. Hai accións obviamente convencionais, pero tamén hai accións innovadoras, cunha forte presenza no márketing *online*. Imos orientar esta campaña de promoción fundamentalmente ao turismo de proximidade, aos mercados máis próximos: ao norte de Portugal —e agardemos que máis adiante poidamos ter conexión— e, por suposto, ás comunidades autónomas máis próximas a nós. Somos conscientes de que todas as comunidades autónomas de España imos competir, no bo sentido da palabra, polo turismo interno, polo turismo de proximidade. Por iso estamos traballando en deseñar esta campaña, que permita trasladarlles ao conxunto de España e ás persoas que queiran vir a Galicia que Galicia é un destino seguro e é un destino de calidade.

Tamén contempla o plan outras accións como, por exemplo, a reactivación e a promoción de Galicia como «destino +»; é fundamental o «destino +», o destino de turismo de congresos, que, obviamente, ten que adaptarse á nova realidade.

Tamén neste eixo incluimos medidas de aplicación de ferramentas de *big data*. ¿Para que? Para poder ter datos precisos, estudar dinámicas de consumo; definir, analizar os escenarios de recuperación, os fluxos de mobilidade; en definitiva, ter información que nos permita planificar dun xeito máis axeitado.

Temos tamén outra serie de accións que reactivan a demanda interna, que quedaron fóra deste plan porque xa estaban en marcha, e que son tamén fundamentais para fomentar e para potenciar o turismo interno. Temos un programa, o programa Elixé Galicia —xa presentado no seu momento, xa publicado e xa tivo resposta da sociedade—, que vén fomentar o turismo interno dos galegos. Isto xa era unha prioridade antes da crise, agora vai ser moito máis. Neste momento estamos reformulando o programa —en condicións normais, os primeiros beneficiarios estarían xa participando del—, modificando certas cuestións internas e modificando tamén os prazos de xustificación. É moi importante este programa porque asegura corenta e unha mil pernoctas nos establecementos turísticos do país.

O mesmo estamos facendo con O teu Xacobeo. O teu Xacobeo foi un proxecto que tivo unha resposta espectacular por parte da sociedade. Moitos dos proxectos que debían rematarse, que debían integrarse, que debían executarse nestes meses do confinamento non puideron ser. O que fixemos foi readaptar, prorrogar neste caso os prazos de xustificación coa ampliación do tempo para que poidan desenvolverse e poidan dalgún xeito materializarse e financiarse. E tamén lles comento, señorías, que estamos traballando agora mesmo na resolución da segunda edición, na que máis de mil proxectos se presentaron a esta segunda edición.

Eixo dous: creación de novos produtos turísticos. Neste ámbito destacamos o impulso dos Xeodestinos. Facémolo para crear novos produtos, produtos diferenciados, produtos adaptados á nova situación, e para estimular a demanda. Con isto queremos recuperar, potenciar



o turismo rural, o mundo local, e garantir máis coordinación e optimizar os recursos. Queremos tamén que haxa unha forte implicación dos Xeodestinos coas empresas turísticas locais para crear emprego vencellado á promoción e á comercialización dos produtos deseñados polos Xeodestinos.

Tamén asinaremos dentro deste eixo acordos coas entidades sectoriais para adaptar ás dinámicas operativas os produtos que fan a evolución do mercado dentro de toda a cadea de valor, con guías, con turoperadores, con axencias de viaxes, con rutas do viño, con turismo activo etcétera.

O eixo tres é o apoio ao tecido empresarial e ao mantemento do emprego turístico. Aquí destaca un programa estratéxico: Galicia destino seguro. Esta medida ten un investimento de aproximadamente cinco millóns de euros e conta con dúas accións fundamentais:

Por unha parte, un programa que contempla diversas actuacións simultáneas en distintos ámbitos relacionados coa seguridade, relacionados coa confianza. Falamos dun investimento de arredor de tres millóns.

E, en segundo lugar, como segunda gran acción, temos unha liña de apoio para a adaptación dos establecementos hoteleiros e dos establecementos turísticos e de restauración aos novos requirimentos hixiénico-sanitarios. Estamos falando aquí dun investimento de 1,7 millóns de euros, e daremos con esta cantidade soporte financeiro a unha serie de actuacións básicas para o sector.

Ambas as medidas, señorías, están centradas en garantir a seguridade hixiénico-sanitaria e tamén en xerar confianza, tanto en profesionais coma en clientes e visitantes.

Outra iniciativa novidosa é o programa Queda en Galicia. É unha medida que priorizará o turismo local —outra vez o turismo interno, o turismo de proximidade— como unha das claves nas primeiras fases de transición. Para isto cubriremos mediante un convenio coas axencias de viaxes os gastos derivados do financiamento dos produtos turísticos mercados nas axencias de viaxe galegas e desenvoltos no cen por cento dentro do territorio galego.

E quero tamén destacar un gran proxecto: o bono solidario. Esta é unha medida innovadora que busca un dobre efecto. Por unha parte, busca reactivar o tecido turístico, un dos tecidos produtivos e económicos tremendamente intensivo en man de obra, pero que vai ter enormes dificultades e que está tendo enormes dificultades neste momento. Con isto queremos reactivar e incentivar o tecido produtivo turístico, pero tamén queremos facer un recoñecemento a todos aqueles que nos protexeron na loita contra a pandemia. Este bono, que estamos nestes momentos deseñando, gratificará con produtos turísticos galegos —feitos en Galicia e consumidos en Galicia— os profesionais autonómicos que estiveron vencellados no seu traballo á loita contra a covid-19. Queremos un efecto multiplicador, queremos agradecer e queremos incentivar o consumo e fomentar a demanda.

Eixo catro: innovación e impulso da formación e a competitividade. Destaca neste caso a posta en marcha dun programa innovador de asesoramento e consultoría en liña; feito para



quen o precisa: para os autónomos, para os pequenos empresarios, e facelo da man do propio sector.

E temos tamén un plan de formación no ámbito turístico, centrado en mellorar a competitividade, en apostar pola profesionalización, que, se sempre é necesaria, nestes momentos éo máis que nunca. Neste plan —que xa o iniciamos— participaron ata o momento sobre tres mil profesionais nunha vintena de cursos, que foron impartidos durante o período de confinamento. E este plan —de márketing, de estratexia, de xestión— vai incorporar tamén de xeito inmediato formación específica sobre os protocolos hixiénico-sanitarios, que —como xa dixen— comezarán a impartirse moi rápido.

Por último, o plan recolle un conxunto de medidas que se enmarcan na celebración do próximo Xacobeo 2021. Neste eido plantexamos un importante e significativo paquete de medidas esencialmente culturais, pero que teñen un grande impacto na reactivación e na promoción turística. Quero destacar, en primeiro lugar, a creación do fondo do proxecto Xacobeo 2020-2021. Esta é unha das principais medidas deste plan. Unha medida que inxectará liquidez de forma inmediata a autónomos e pequenas empresas, para favorecer a reactivación mediante a actividade da capacidade económica de autónomos e pequenas empresas. É unha iniciativa que se poñerá —como xa digo— en marcha de xeito inmediato, que supón un investimento de 1,5 millóns. Financiará proxectos dixitais transversais de diferentes tipoloxías aos subsectores de carácter turístico. Aportará ata catro mil euros para autónomos, para persoas físicas, e ata dez mil euros para empresas e pequenas produtoras.

Neste mesmo eixo tamén creamos un fondo Xacobeo para mercar obra de artistas galegos, un fondo de 200.000 euros.

No ámbito da música —que xa anunciei anteriormente— temos diferentes liñas de traballo. Por unha parte, temos unha convocatoria de proxectos musicais por un millón de euros, pensando na celebración do Xacobeo 2021, que poderán planificarse no 2020 e executarse tamén no 2021. Temos ciclos musicais que denominamos «Xacobeo 2021» por 400.000 euros. Fest Galicia en liña transfórmase para poder manter a rede de festivais que tantas alegrías nos dá en Galicia, 400.000 euros. E tamén o programa Galicia Emerxe, orientado aos artistas emerxentes, 500.000 euros. Son iniciativas importantes e que —como xa todos vostedes coñecen— teñen tamén un gran tirón no fomento do que vimos en denominar «turismo musical».

Tamén o Xacobeo 2021 apoiará as artes escénicas e fará unha convocatoria de proxectos plurianuais cun valor de 500.000 euros. De modo transversal, igual que o fondo, potenciaremos o programa Cultura no Camiño. Un bo programa, que xa funcionaba e funcionaba ben, do que triplicamos o seu orzamento, pois pasamos de 250.000 euros a 750.000 euros; medio millón máis para programar fundamentalmente cultura galega de diferentes ámbitos: teatro, música, contacontos, maxia, calquera acción cultural, e está orientada tamén aos concellos rurais.

E, por último tamén, e dentro do ámbito do Xacobeo, recollemos unha partida que vai orientada a adaptar os requisitos e os requirimentos hixiénico-sanitarios nos albergues da rede pública galega. Estamos a falar de aproximadamente trescentos cincuenta mil euros.



Prazos. Ata o momento fixen un relatorio moi rápido das medidas recollidas do plan. ¿Cando se van executar? Queremos que a súa execución sexa o máis rápida posible. Imos poñer todos os mecanismos para que haxa a máxima axilización na súa posta en marcha. ¿Por que? Porque ao mellor se tardamos moito en impulsalas, cando as poñamos, os seus efectos van ser moi cativos. Son importantísimos os tempos para posibilitar que este sector, que as persoas e as familias que viven deste sector poidan reactivar o seu traballo, poidan comezar a xerar ingresos e poidan comezar a desenvolver o seu traballo cotián.

Obviamente, hai cuestións que están moi vencelladas ao Plan de desescalada e, por suposto, á evolución do estado de alarma e aos mandamentos que nos chegan dende Madrid. Con todo, xa neste mes de maio poderemos poñer en marcha varias medias. Isto é porque xa levamos este plan ao Consello da Xunta, porque xa fixemos unha reestruturación interna da parte administrativa e porque xa podemos sacar e licitar moitas das propostas ou das accións aquí deseñadas. Por exemplo, aínda que fóra do plan, o pasado luns publicamos unha orde moi importante, moi demandada polo sector audiovisual, que é a Orde de produción e co-produción audiovisual, fundamental para o mantemento do sector audiovisual.

O Plan de formación no eido turístico. Xa comentamos que está funcionando con grande éxito, e nas próximas semanas —como xa dixen— reforzámolo con formación específica sobre as novas medidas vencelladas á seguridade e hixiene sanitaria.

Mañá mesmo publicaremos a ampliación do prazo de execución para o turismo de congresos. Resolvemos unha orde, onde aportamos sobre seiscentos mil euros, que van posibilitar celebrar máis de corenta congresos en toda Galicia. Obviamente, ímolos adiar no tempo para que poidan celebrarse e poidamos dar un balón de oxíxeno ao Turismo + e ao turismo en xeral dentro de Galicia.

Tamén de forma inmediata abriremos o fondo de proxectos culturais, que é unha das principais medidas deste Plan de reactivación. O próximo luns, o día 18, no Consello Reitor de Agadic aprobaremos tamén unha serie de axudas importantísimas para o sector audiovisual: axudas ao desenvolvemento audiovisual, á distribución escénica e musical e tamén a foros e mercados audiovisuais. E asinaremos diferentes convenios cos guías de turismo, con Turismo +, coas rutas do viño. Están xa moi avanzados e agardemos asinalos canto antes, igual que diversos convenios dentro do ámbito cultural.

Señorías, xa para rematar, creo que fixen unha análise resumida, exhaustiva dos puntos que propón este Plan de reactivación. Podemos dicir como conclusión que é un plan que aposta polo consumo da cultura propia; que quere protexer, apoiar e axudar toda a cadea de valor da produción cultural de Galicia; que busca fomentar a creación de novas tipoloxías e formatos adaptados ao novo escenario, novos formatos adaptados á nova realidade, e que busca incidir na formación como un dos piares básicos na innovación e na profesionalización do sector.

Dende o punto de vista turístico, hai unha clara aposta estratéxica: Galicia aposta por un modelo turístico propio, un modelo turístico que podíamos denominar «un turismo de autor». E digo «un turismo de autor» porque se apoia nas grandes vantaxes competitivas



que ten Galicia, que sempre tivo Galicia: a gastronomía, a paisaxe, a cultura... É un turismo que se centra nunha experiencia de calidade, que se senta na excelencia do produto persoal, de proximidade, feito practicamente á medida de cada visitante. Moitas das liñas de traballo van orientadas dentro deste plan a fomentar esta aposta polo turismo de autor. Pensamos que, lonxe da masificación e lonxe doutros modelos turísticos que temos no territorio español, esta aposta polo turismo de autor xunto coa aposta polas garantías sanitarias van ser vitais para a recuperación dun sector económico tan importante.

E tamén quero dicir que presentamos este plan con moita humildade. É un plan de choque, de choque inicial. Sen dúbida, virán máis medidas, pero é unha medida de choque inicial. Somos conscientes de que con este plan non se van solucionar todos os graves problemas da terrible situación na cal estamos. Pero tamén somos conscientes de que somos a primeira Comunidade Autónoma que fai un plan destas características. Hai medidas soltas noutros territorios, pero como plan específico é o primeiro.

E cremos que debemos ser conscientes do marco no cal estamos: plantexar medidas de choque e, sobre todo, dar un impulso, abrir unha porta á esperanza aos centos, aos miles de persoas e de familias, de profesionais, que se viron nestes días tremendamente asfixiados por unha situación absolutamente caótica e que ameaza claramente o seu modo tradicional de vida, a súa forma de ganar a vida a nivel individual e a nivel das súas familias. Queremos que sexa unha porta ao optimismo con humildade, precaución e responsabilidade, que poida iniciar o proceso de reactivación fundamentalmente do sector cultural e das accións turísticas, e que chegue ás persoas e que chegue ás familias, aos profesionais que viven e que se sustentan na actividade cultural e turística. Ao final, familias, persoas que teñen os seu sustento baseado e fundamentado directamente na cultura e no turismo do país.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Comezamos a rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos. Bo día, señor conselleiro.

«Eu desexaría unhas primaveras nas que florecese sen receos a unidade e a variedade do noso idioma e da nosa cultura». Quería comezar a miña intervención hoxe facendo alusión ao homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano; unha das figuras de prestixio da nosa literatura, da nosa cultura e da nosa lingua. Non estaríamos falando de reivindicación e desconfinamento da lingua se non existisen persoas como Carballo Calero. Pouco ou nada es-



coitei falar ao señor conselleiro de Cultura do 17 de maio, quedan catro días para o Día das Letras Galegas. Esperemos que despois na seguinte quenda o faga.

E fago alusión a isto porque dende En Marea defendemos que é necesario desconfinar a nosa lingua e é necesario desconfinar a nosa cultura. Tal como defenden plataformas como Queremos Galego, precisamos do galego porque é de xustiza, igualdade e cohesión social, elementos imprescindibles nun contexto como este.

A cohesión social que dá o galego é algo que deberíamos aproveitar tamén para saír desta crise. É esencial unha clara posta en valor e unha difusión activa da nosa cultura, da cultura galega, a cultura dos sectores económicos con máis ramificacións, inducindo á música, dende o teatro, as súas artistas, pero tamén as bibliotecas, a nosa rede de museos, produtoras e todo o seu persoal. Un sector tratado como algo pequeno, cando en realidade o seu número di todo o contrario.

A cultura sempre é a grande esquecida nas nosas axendas políticas, porque un pobo sen cultura é un pobo submiso, e semella moitas veces que dende o Goberno así nos queren. Un mundo sen cultura é un mundo máis triste, máis ignorante, máis manipulable. Un mundo sen traballadores e traballadoras da cultura é un mundo no que a cultura é un luxo e non un dereito.

Estes meses de confinamento demostraron que a cultura ten un papel esencial no noso día a día. Esta emerxencia sanitaria pon tamén en risco o sector cultural, un dos que arrimou o ombreiro desinteresadamente no que levamos de crise. Esta pandemia fixo tamén que o sector cultural se enfrente a meses de incerteza e de desamparo.

Débase asumir que a cultura galega, entendida como unha cultura feita en galego e pensada en galego, é xa no día de hoxe un sector en precario; érao antes da emerxencia sanitaria e unha vez que pase esta emerxencia aínda vai ser máis.

En liñas xerais, o tecido cultural galego carece en gran medida de apoio institucional, está construído a partir do esforzo individual segundo un rumbo ben trazado, o que semella a teor das circunstancias insuficiente para a súa durabilidade.

En Galicia hai un entramado de asociacionismo cultural moi importante, e é preciso axudalo. As asociacións culturais están facendo un labor fundamental, que é o de manter a identidade como pobo e, o máis importante, o de transmitir esa identidade para que perdure no tempo. Labor tamén desempeñado a través da música e o baile tradicional galego, hoxe máis abandonados e precarizados que nunca. Nos últimos anos, o Goberno de Feijóo o único que fixo foi traballar con empresas de contratación, deixando moitas veces de lado todo este tecido de asociacións de base. Apostamos dende En Marea por reverter esta situación, pois é vital que a nosa cultura, a nosa lingua, a nosa tradición perduren.

Nun estudo realizado no ano 2006 cuantificouse que a música e o baile tradicional galego movían máis de tres millóns e medio de euros anuais, contando só as clases; despois habería que engadir a todo isto os espectáculos e demais actos e actividades. No día de hoxe non



existe unha cuantificación real, ou non a coñecemos nós polo menos, pero cóntase que o volume económico xa é moito maior que daquela.

Os traballadores culturais non son só os que aparecen moitas veces no escenario. Hai moitas mulleres creadoras nunha situación precaria que igual non saen adiante. Isto significa que a cultura aínda se masculiniza máis. Moitas creadoras son autónomas, por exemplo: fotógrafas, propietarias de academias de arte. Son tipos de traballos vinculados á cultura e que antes da pandemia vivían moi axustadamente no seu día a día, no seu traballo, traballando moito; unhas con máis dificultades que outras. E agora mesmo teñen os negocios pechados sen saber cales serán as consecuencias para elas.

Tamén hai moitas empresas e negocios que están en perigo de desaparecer. Esas traballadoras e traballadores deles non teñen apoios ou outra fonte de ingresos. Moita xente vén traballando vinculados aos espectáculos de música ou ao cine, teatro, etc. Ademais, estes caracterízanse porque son traballos temporais que non se manteñen ao longo do ano, co que directamente van quedar no paro.

Antes de entrar nas posibles propostas concretas que tamén lle queríamos achegar para salvagardar, e despois de ver o desenvolvemento do plan que vostede hoxe nos trouxo aquí, debemos falar necesariamente dunha cuestión que está nos alicerces do seu claro raquitismo e que posiblemente sexa a causante do presente precarizado deste sector e das súas poucas perspectivas de futuro.

Neste sentido, cómpre poñer enriba da mesa o trato, por non falar do maltrato da nosa lingua. É ben sabido que, a pesar de todas as aparencias nos medios de comunicación, as políticas destes últimos lustros foron fagocitando o uso da lingua galega. Iso dínnoo todos os estudos. É ben sabido que, a pesar das aparencias dos medios de comunicación, con este enfoque político preguntámonos como é posible falar dunha boa saúde da cultura galega cando vemos o declive da nosa lingua. Está claro que hai que comezar por aí, pola emenda e recoñecemento en forma de apoio institucional ao uso da lingua galega.

Esta ten que ser unha das grandes medidas: reformular a política lingüística actual, buscando o asesoramento, o consenso dos diferentes participantes nela, dende o mundo público ao privado, dende o ámbito colectivo ao particular. Despois desta necesaria medida, poderíamos poñer outras, que poderían ser xa postas en marcha a través de axencias existentes, como pode ser a Agadic, que foi creada teoricamente para impulsar e consolidar o tecido empresarial nun sector cultural, un obxectivo que, como se pode constatar na realidade, non se conseguiu.

En relación xa co plan de reactivación dos sectores culturais e turísticos que hoxe vostede aquí presentou, hai moitas medidas, como vostede expuxo aquí, que xa existían, moitas que se foron adaptando, pero nós queríamos preguntarlle, porque vostede falou aquí dun tanto por cento de propostas que si que foron aceptadas de distintos colectivos, que tipo de xuntanzas se tivo con elas, se foron telemáticas, se foi avisado todo o tecido cultural, se esas medidas foron consensuadas. Na presentación que vostedes fixeron, tanto vostede como o presidente, destacaron que o plan estaba consensuado, pero foron moitos os representantes sectoriais que desmentiron este consenso.



Facémonos eco de moitas cuestións, presentadas dende o sector, deste plan. Falta concreción, falta protección na diversidade das áreas do sector cultural, falta unha maior participación da CRTVG, faltan apoios a festivais de pequeno e mediano formato, faltan apoios á edición de traballos discográficos, falta aumentar orzamentos duns circuítos de música en salas.

Botamos en falta tamén a ausencia de perspectiva de xénero nas medidas propostas e notamos unha predominancia excesiva do Xacobeo 2021.

En liñas xerais, botamos en falta axudas concretas e apoio ás creadoras no sentido individual. Hai moitas creadoras autónomas que están desamparadas, sen medidas específicas para elas neste plan.

De xeito inmediato, pensamos que se deberían de habilitar axudas económicas que sufraguen as perdas causadas polo estado de alarma para todo o entramado, para todo o armazón das accións culturais. A cultura de base precisa medidas específicas; estamos falando de cultura de base. Por iso, tal e como demanda por exemplo a Asociación de Gaiteiros e Gaiteiras Galegas, debería de crearse un plan de axudas económicas ás asociacións para manter e aumentar a actividade cultural de eventos artísticos e formativos, ben sexa mediante obradoiros, mediante mostras, mediante festivais; crear un observatorio de baile e música tradicional galega, que recolla anualmente datos de tipo social e económico e que permitiría coñecer a repercusión do sector no conxunto deste tecido.

Dende En Marea entendemos que se deberan fomentar tamén proxectos de investigación, catalogación e divulgación do patrimonio inmaterial dentro dos conservatorios superiores, das universidades ou das institucións que veñen traballando xa dende hai tempo neste eido, como pode ser o Consello da Cultura Galega ou o propio Museo do Pobo Galego.

Moitos artistas galegos e galegas rexeitaron o seu plan por protexer a industrial cultural e turística pero non as creadoras. Deixaron de lado en moitos casos as artistas e o seu plan de reactivación xerou tristeza e decepción no sector das artes escénicas, pois, ben, moita letra e pouco número, e a letra, neste momento, ademais de música, hai que acompañala con car-
tos.

O seu plan inclúe capítulos tan imprecisos como o impulso dos premios da dramaturxia, fundamentais para o mantemento do emprego de escritores e dramaturgos. Lembramos que estes premios antes xa eran anuais e pasaron a convocarse cada dous anos, sendo Feijóo presidente.

Pola súa banda, a Asociación Profesional de Artistas de Galicia considera que algúns dos enunciados que recollen o plan carecen de sentido e non se adaptan á realidade das artistas visuais de Galicia; por exemplo, consideran que o requisito de rango de idade para poder competir ou optar a unha axuda para produción de proxectos ou compra de obra é un despropósito....,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...que roza a falta de respecto cara ao seu traballo, pois lembran que creadoras de todas as idades se ven afectadas por esta pandemia.

Demandan tamén que os procesos de compra e desfrute dunha axuda por parte dunha artista sexa froito dun proceso público de concorrència competitiva con garantías, vendo preciso neste punto que as compras de obras ou encargos a artistas se realicen directamente coas autoras e sen empresas intermediarias.

Remato, señor presidente.

Gustaríanos saber se van escoitar as demandas do sector cultural, como a de ter o seu compromiso de execución do cen por cento do orzamento destinado á programación e á actividade cultural que xa estaba fixada para o ano 2020, procedendo á súa suspensión e á reprogramación cando sexa posible, sempre coas medidas hixiénico-sanitarias precisas.

E xa tamén, por último, neste eido, vemos esencial a implicación dos medios públicos, pero que sexan públicos, radio e televisión, onde se debera reverter a ausencia de programas dignos en horarios dignos para a música en vivo.

De momento, nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día a todos e a todas.

Eu quero que as miñas primeiras palabras, en nome do BNG, sexan de lembranza para todas as persoas falecidas pola covid-19, que nos deixan unha enorme dor compartida. Aproveitar tamén esta sesión para volver trasladar todo o alento a aquelas persoas que sufriron unha perda nestas duras condicións. Quero lembrar tamén todas as persoas que neste momento están infectadas polo virus e, polo tanto, desexarlles unha pronta recuperación, e —¡como non!— pois facer esa homenaxe a todas as que foron esenciais ao longo destas últimas semanas, persoas que deron o mellor de si, desde as que traballan no ámbito da sanidade, as limpadoras, as caixeiras, todas aquelas que estiveron ao pé do canón neste momento tan duro, poñendo en risco a súa saúde para que todo seguira funcionando. Estou segura de que a mellor homenaxe que lles podemos facer é non só falar de que é necesario facer ese recoñecemento senón acabar coa precariedade na que traballan en moitos destes sectores, incluído o sanitario.

Eu estou convencida de que veñen tempos duros, pero tamén temos o convencemento de que en Galiza temos capacidade e potencialidade para poder saír adiante e que poderemos saír adiante se, efectivamente, se toman as decisións políticas que son necesarias neste momento. Porque, evidentemente, o futuro vai depender de cales son as decisións políticas que



tomemos hoxe, se son políticas valentes, se son políticas audaces, e tamén se teñen unha visión estratéxica de futuro, porque é evidente que estamos ante un reto importante. Imos ter que facer unha reconstrución económica e social, tamén dos sectores culturais do noso país.

E nós, desde o BNG, levamos dicindo que isto non se pode facer coa rutina de sempre, que son necesarias medidas excepcionais, que é necesario máis que nunca o diálogo, sentarse realmente a acordar, e que para poder facer iso pois non vale o de sempre; o que se necesita é un grande acordo de país pola reconstrución económica e social do noso país.

Non obstante, vemos que o Goberno galego non está actuando nesta clave. Estes días xa nos quedou claro que Feijóo non está pensando en como facer unha desescalada segura, non está pensando en que esta fase precisamente é unha fase moi delicada na que o prioritario ten que ser a saúde das persoas, nin tampouco nos problemas que ten o sector cultural, nin na angustia que viven no sector turístico esta situación. Vemos que a prioridade do Partido Popular e de Feijóo é que haxa eleccións canto antes, para ir a rebufo unha vez máis do que decide o lehendakari Urkullu e non sei se pensando que se poden sacar réditos electorais dunha pandemia.

Estamos nun momento en que o prioritario ten que ser a saúde, e a escolla que temos diante é escoller entre saúde ou eleccións. Nós consideramos prioritario o primeiro e seguimos insistindo en que é unha imprudencia, en pleno estado de alarma, falarnos de que hai que convocar de maneira urxente e prioritaria as eleccións.

Fíxense: hoxe, segundo día da desescalada, unha das noticias que temos é que están pensando en suprimir as terrazas polos riscos evidentes que se poden dar, e, polo tanto, isto é unha proba contundente de que estamos nun momento delicado, fráxil, onde hai que ter moitísima precaución e que en pleno estado de alarma non ten ningún sentido poñer sobre a mesa unha campaña electoral.

En todo caso, iso é —parece— o que nunca deixou de facer o Goberno da Xunta, que está utilizando dun xeito obscuro e descarado unha Televisión de Galiza que cada vez é menos Televisión de Galiza e cada vez máis TeleFeijóo.

E, efectivamente, o problema que temos é que se necesitan medidas de alcance, e o que vostede nos presentou hoxe, conselleiro, non é unha medida de alcance, é un plan que está cheo de enganos; enganos porque realmente presenta como algo extraordinario un orzamento que non é novo e presenta como medidas excepcionais cuestións que vostede sabe que na práctica é activar moitas das cousas que estaban previstas de maneira ordinaria na Xunta de Galiza. E facer diso unha cuestión excepcional que vai reactivar a grave crise que vai atravesar o sector turístico e cultural pois non é máis que un engano.

É un plan, ademais, que chega ao Parlamento case quince días despois de ser presentado pois nunha desas homilías de Feijóo na TVG, que nin tan sequera nolo remitiu, si está na internet, pero é que nin nolo remitiu ao Parlamento, e así é como entenden vostedes o diálogo. Porque o certo é que vostedes nin falaron con nós nin intentaron consensuar ningunha



medida. E iso é grave, porque neste momento a sociedade requiría que houbera acordos. Pero, a pesar de que tendemos a man, o Goberno galego pasa absolutamente do diálogo e da cooperación coas forzas políticas, pero é que tamén cos sectores implicados.

Porque faláron só con algunhas entidades, non faláron co conxunto das entidades, e iso levou a que este plan fora recibido con posicións moi críticas, algunhas críticas demoledoras, fundamentalmente no ámbito da cultura. Non lles gustou nin aos xestores profesionais nin a escritores, nin ás artes escénicas, nin aos festivais audiovisuais, nin á música, nin á danza, nin ás artes plásticas, e chegan críticas que son rotundas, desde que hai auténticos disparates até palabras como «decepción», «indignación» ou «preocupación». E é normal, porque, evidentemente, este plan é un parche, como moito un refrito de medidas que xa estaban, e no fondo pois unha irresponsabilidade, porque isto é como intentar parar unha hemorraxia cunha tiritita.

Fíxese: as propias cifras que nos dá vostede no inicio deste plan falan de que vai haber unha caída do 33 % do sector turístico, cun impacto no PIB que pode supoñer unha baixada de 2.476 millóns de euros. No caso da cultura, fala só, entre os meses de marzo e abril, dunha perda de entre dous mil cincocentos empregos, de que pode producirse nos peores escenarios unha caída do emprego de once mil, cando estamos falando dun sector que está ao redor das trinta mil persoas ocupadas e cunha caída duns 172 millóns de euros. É dicir, que hai unha crise que, segundo os cálculos que fai a propia Xunta, pode provocar un impacto no PIB dunha caída de dous mil cincocentos millóns de euros e vostede dinos que iso se vai solucionar cunha inversión de 27 millóns, que nin tan sequera é unha inversión extraordinaria, senón que son os orzamentos que xa estaban previstos; por certo, uns orzamentos, sobre todo no ámbito da cultura, que viñan cuns grandes recortes; e iso leva a precariedade e a flexibilidade e a que enfronten en peores condicións unha crise como a que estamos vendo.

Fíxense a frivolidade que hai nunha cuestión básica como son os protocolos hixiénico-sanitarios. Pois ben, o sector do turismo abre sen un protocolo, e vostede di que están traballando nel. Para o sector da cultura non hai ningunha medida e as asociacións, as actividades profesionais, non saben como poden retomar a súa actividade. E vostede virá aquí e dirá que é culpa do ministerio, pero é que as competencias de cultura son da Xunta e non hai nada que lle impida á Xunta de Galiza ter traballado con anticipación para que o sector puidera abrir con garantías.

E, por certo, o sector da cultura tamén require apoio económico para a adaptación desas medidas hixiénico-sanitarias, e neste plan non hai nin tan sequera unha partida para ese ámbito. As medidas é que non teñen alcance. Fíxese: no sector do libro falan dun apoio de seiscentos setenta mil euros, cinco medidas que nos din que son novas no plan pero que en realidade son medidas que xa existían, e fíxense se é unha medida de pouco alcance que no ano 2009 se dedicaban a comprar libros para bibliotecas neste país 2,4 millóns de euros e hoxe están falando de que van dedicar para todas as medidas do sector do libro seiscentos setenta mil. Isto é propaganda, señor conselleiro, e non tomar en serio o que vén por diante para o sector da cultura. E outro tanto poderíamos dicir do audiovisual e doutros ámbitos.



Falounos agora de que van facer un bono cultural, que non estaba no plan. Está ben, a nós parécenos ben que se faga un bono cultural; é certo que xa nos anunciara no pasado que ía haber un bono cultural; gustaríanos saber, en todo caso, cantos recursos se van destinar, como se vai deseñar, a que ámbitos, porque cremos que é unha cuestión importante. Pero é insuficiente. E nós dicimos que hai que facer moito máis: diálogo co sector, pero tamén novas liñas de axudas: axudas para financiar gastos estruturais das entidades; axudas para compensar, por exemplo, os gastos de suspensión e cancelación de actividades; axudas para todos os creadores e creadoras, porque vostedes saben nese plan que os máis desprotexidos son precisamente os creadores culturais, que estaban xa nunha situación de precariedade e que mesmo hai situacións que alarmaron, por exemplo, o sector das artes plásticas, que fala de que é un auténtico disparate, que vostedes só prevén medidas algunhas das cales xa estaban recollidas, por exemplo, para as galerías de arte, outras para os creadores de menores de 35; e o resto, ¿que, señor conselleiro?, ¿e o resto que pasa?, ¿non hai ámbitos nos que traballar? Pois, desde logo, nós cremos que si.

Gustaríanos tamén que houbera claridade. Queremos saber que vai acontecer cos eventos masivos; en todas partes están suspendendo os eventos de carácter masivo, a Xunta ten que dicir que vai facer, non pode seguir mirando para outro lado. E, sobre todo, hai que mirar cara ao futuro e, desde logo, non teimar nos problemas e nos erros do pasado.

No sector turístico nós tamén cremos que o sector necesita certezas e que neste momento non as ten. Hai unha situación moi preocupante, porque como caía o sector turístico cae unha parte fundamental do emprego e da economía; dicíao vostede nas súas cifras: estamos falando case dun 11 % do emprego do noso país. E nós temos claro que ou hai un rescate do sector turístico ou as medidas que se están tomando son medidas insuficientes. Vai ser un sector que sufra dunha maneira moi dura as consecuencias desta covid-19, vai tardar moito en recuperarse.

Por iso nós non entendemos como a Xunta non ten axudas directas para os autónomos e autónomas e as pequenas pemes. Porque os autónomos deste país, que moitos seguen cos negocios pechados e moitos son do sector turístico, están vendo como en Cataluña e en Euskadi os seus gobernos lles dan axudas directas, e aquí, cero euros de axudas para este sector.

Tamén cremos que hai que reformular as políticas de préstamos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e que hai que facer —remato— unha nova estratexia do sector turístico, onde si, efectivamente, o Plan Xacobeo 2021 hai que reformulalo. Seguramente habería que pensar en estender a duración do Xacobeo ao ano 2022, traballar nesa dirección, para evitar que haxa un desplome brutal e para que haxa unha perspectiva de futuro.

Nós cremos que a reformulación que se fai é insuficiente, porque o Xacobeo non pode ser o único feito cultural. Esa é unha cuestión que nós lle temos criticado moito; é que confunden a política turística coa política cultural, pero está claro que para o sector turístico é un tema



relevante, e nós pensamos que unha reformulación que vostedes fan aquí de cinco millóns de euros do Xacobeo pois non deixa de ser unha minucia.

Desde logo, señor conselleiro, a situación é crítica e este plan ten moita propaganda e pouca consistencia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Común da Esquerda, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

A situación —niso podemos coincidir todas— é trágica, pero tamén unha oportunidade para facer un cambio de paradigma real. Hoxe, máis que nunca, dende o noso punto de vista, temos que poñer a vida no centro; non é tempo de belixerancia, é tempo de discrepar proactivamente.

Diante da pandemia, que é o peor, aínda está por riba unha espada, que é a emerxencia ecolóxica. O ecosistema cultural é o único sistema de biodiversidade complementaria. É unha mágoa, señor conselleiro, non poder felicitalos por este plan tan esperado; é mágoa, pero non podemos, porque necesitaríamos un plan real de continxencia, e este plan non o é; deba ter máis empatía, máis franqueza. Necesitamos discursos claros e valentes, que se diga a verdade.

A nosa Constitución non interpreta a cultura como un luxo dirixido ás elites, interpreta a cultura como o que é: un eixe vertebrador da sociedade democrática. Este é o mandato.

Falemos de varios niveis importantes. No impacto da crise no turismo e na cultura, sectores dos máis afectados, estamos de acordo. O impacto é intenso, a actividade está paralizada maioritariamente, pero o impacto pode ser maior se non se acada esa normalidade ata despois do verán. ¿E se hai un rebrote da pandemia, como din os expertos? ¿Que? ¿Hai plan B? O PIB galego, como xa se dixo, do 13 %, equivale a 8.225 millóns de euros, cento sesenta mil empregos directos, trinta e cinco mil no mundo da cultura, xerador de 2,5 % do PIB.

¿Cal é a estimación da caída da actividade? Pois dun mínimo do 33 % sobre os niveis de 2019, o equivalente a unha redución do PIB turístico de 2.476 millóns de euros. E hai que dicir que o 31 % dos ERTE son destes sectores, e hai que especificar que moitos traballadores que teñen contratos intermitentes, como moita xente da cultura, nin sequera poden beneficiarse dos ERTE.

No sector cultural, señor conselleiro, o plan estima que a caída podía situarse entre os cen e os cento vinte millóns de euros, no escenario máis optimista. ¿E no máis pesimista? O 7 %



multiplicaríase por catro. Estamos falando nada menos que da perda dun de cada tres empregos no sector cultural, once mil empregos. É unha barbaridade. A caída da actividade pódese achegar aos cincocentos millóns de euros, aínda que o plan non o cuantifica nestes termos.

Queremos facerlle só unha pregunta. Por favor, señor conselleiro, díganos —habería tropecentas, pero en tan pouco tempo non se pode—: ¿que partidas reducen para financiar o plan? Isto é moi importante, porque a dotación orzamentaria coñecemos, 26,8 millóns —moi ben—, e procedentes da reestruturación; non puxeron un euro máis. Isto equivale ao 17 % do orzamento para 2020. Hai que dicir aquí, como paréntese pequena, que deixaron de executar en 2019 10,8 millóns de euros (5 da cultura e 5,8 do turismo).

Os hipotéticos incrementos e recursos teñen unha contrapartida, que é a redución, a minoraación do mesmo importe dos créditos asignados a outros sectores. É vestir un santo para espir outro, ou espir un para vestir outro.

En fin, plan a custo cero; o seu, gran ganga. Tendo en conta a magnitude do impacto, non parece razoable, señor conselleiro, que se financie só con fondos xa asignados á mesma consellería, porque limita moitísimo os potenciais efectos do plan.

No plan de medidas poñen medidas a medio e longo prazo. Hai urxencia, hai emerxencia, hai que garantir que os traballadores da cultura poden ir ao supermercado e comer a final de mes.

Vostedes si melloran o financiamento bancario, pero é absolutamente insuficiente. O Goberno galego é o único que non puxo en marcha medidas de axudas directa a autónomos e pemes do sector. Vostedes —é certo— elevan a extraordinario o ordinario.

Falemos agora de procedementos de execución: transparencia/opacidade. Das corenta e sete medidas que compoñen o plan, vinte e sete executaranse por medio de convenios. Isto préstase a moitísima opacidade. Ademais, non se especifican os destinatarios. Cando os convenios afectan unha multiplicidade de destinatarios, como é o caso dos concellos, non se especifican os criterios de individualización das axudas. Vinte medidas executaranse pola Administración e só doce por medio de ordes.

En fin, falouse aquí tamén de medidas. Se tiveramos tempo, iríamos unha por unha. Pero, por poñer un exemplo do que xa se falou, o bono solidario para consumo de produtos turísticos. Non aparece bono solidario para a cultura, poderían telo feito. Botar balóns fóra e atribuír ao ministerio que se poñen paus nas rodas é unha falacia, porque hai dez anos que o sector da cultura vén pedindo este bono da cultura, e podían telo feito, teñen competencia.

O plan utiliza un termo vulgar, «inversión» —en galego é «investimento»—, que é máis propia da linguaxe publicitaria que dun documento de planificación governamental de contido orzamentario, para referirse a gastos que en moitos casos non teñen esa natureza, conforme a clasificación económica de gastos orzamentarios.



Falemos tamén de dereitos, porque este plan fai abanear ou polo menos cuestiona, non garante, tres dereitos. Falemos do dereito de participación. Faríalle outra pregunta: o 70 % das aportacións das suxestións e achegas están incorporados, ¿como podemos verificalo?, ¿como? Un bo exemplo, o do audiovisual. Piden incentivos para fomentar o talento, 5.000 euros, ¡vaia medida!, 5.000 máis, ¡vaia medida, moi ben!

Falando de dereitos, participación sen garantía do dereito constitucional de participación directa e indirecta, persoal, na toma de decisión dos poderes públicos. Non demostran capacidade de interlocución. Si convocan unha parte, pero o sector é inmenso, grandísimo, hai moita xente que se sentiu ninguneada e non foi convocada. Podemos enumeralo despois. Non se pode reducir o asociacionismo; eu estiven en seis asociacións, pero non se pode reducir. Repasen a Constitución española, artigo 9.1 e 23.1, e tamén a Lei 1/2006 de Galicia.

¿Están abertos a propostas? Si. ¡Que ben!, ¡bárbaro! Presentade e xa veremos. ¿Quen fai parte das comisións do audiovisual ou para adquisición de obras de arte? ¿Quen é quen contrata, quen compra? ¿Por que non hai axudas á creación? Todas as axudas son a exhibición, a distribución, pero axudas a creación de autores e autoras, axudas a creación das artes escénicas, axudas a creación das artes visuais, desde logo a artes do movemento e da danza, están ausentes da súa visión. Hai cambio de nomenclatura mesmo para as unidades de produción. En fin, miren, hai comparativas doutras comunidades moi moi interesantes.

Dereito de libre creación e dereito de acceso á cultura. O Xacobeo non pode facer pilotar toda a cultura ao seu redor, é o seu programa estrela —sabémolo—, pero non é inclusivo, limita a liberdade. A cultura é, en esencia, liberdade creativa; é dicir, son os poderes públicos os actores directos; non só. Teñen tres cousas: unha obriga, a obriga que establece o artigo 44 da Constitución de garantir o acceso da cidadanía á cultura, o deber de promover a cultura como dereito inalienable de todos e de todas e o compromiso ineludible de establecer as ferramentas necesarias con medidas realmente de protección que garantan isto. Realmente, se vostede di que está moi participado, eu sei que non teño tempo nesta primeira quenda pero vou encabalgalar coa réplica. Medidas, por exemplo, que cuestiona a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural: falta de concreción, falta de protección, falta de medidas hixiénico-sanitarias —para a cultura non as hai—, falta de maior participación da CRTVG, que non só pode ser ferramenta propagandística do seu Goberno, predominancia do Xacobeo e falta de información sobre a adaptación orzamentaria da Cidade da Cultura á nova realidade, ausencia de perspectiva de xénero, falta de medidas para a transformación dixital...

Ben, hai moito máis que podemos dicir. E, en fin, eu teño aquí un cadro, medida por medida, e digo o mesmo que a voceira do Bloque Nacionalista. O noso grupo non foi chamado para participar na elaboración de algo que nos atinxe a todos os grupos políticos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, seguimos na loita contra unha pandemia á que lle estamos gañando a batalla. O noso sentimento, unha vez máis, vai dirixido en primeiro lugar ás familias das cerca de 600 vítimas pola covid en Galicia, que sufriron a perda dun ser querido en circunstancias trágicas, e tamén para aqueles cidadáns que seguen contaxiados —algúns deles hospitalizados—. Polo tanto, vaia o noso sentimento de fraternidade e de solidariedade por unha pandemia que deixa en Galicia unha pegada e que segue sendo un risco para todos nós. Así mesmo, quero poñer unha vez máis en valor o traballo feito polos profesionais sanitarios á fronte da sanidade pública galega —amosando a importancia do estado do benestar e do compromiso coa saúde a través do público—, orgullo de galegos e de galegas, que cumpriron coa responsabilidade individual para estar á altura da responsabilidade colectiva de frear a curva de contaxios.

O confinamento permitiu frear o ritmo de crecemento da curva dos contaxios en Galicia. Freamos a curva, avanzamos na loita contra o virus e avanzamos na desescalada. Pedimos prudencia, prudencia para que os avances que se dean non poidan supoñer ningún retroceso en todo o acadado. E pedímolos tamén considerando que o estado de alarma segue sendo o mecanismo constitucional que garante o dereito á saúde e o dereito á vida de tantos galegos e galegas que non queren estar en posición de risco. É por iso necesaria a prudencia de toda a sociedade e á vez a responsabilidade de todas as institucións, a través do único mecanismo establecido constitucionalmente por lei orgánica, para atallar situacións de crise sanitaria e de epidemia, como é a actual. Polo tanto, o estado de alarma foi unha garantía para frear os contaxios polo virus en Galicia, e segue sendo o mellor mecanismo dende as institucións públicas para coordinar e ordenar unha loita contra unha pandemia contra a que temos que seguir todos unidos.

Dou por feito, polo tanto, que nesta Cámara parlamentaria e no conxunto das institucións públicas galegas a loita contra a crise sanitaria e contra a pandemia segue sendo a nosa prioridade. E nesa liña, a reactivación da vida parlamentaria coa Deputación Permanente, con determinado nivel de convocatorias consecutivas, permitirá unha resposta mellor fronte a este virus e fronte á situación.

Nós pedimos que comparecera a conselleira de Política Social. O Goberno presentou por iniciativa propia a comparecencia do conselleiro de Cultura e de Turismo. Respectamos as decisións pero non as compartimos. E cremos que no acordo para reactivar a vida parlamentaria a situación de gravidade que viviron as residencias de maiores —polo número de contaxios e de falecementos— non pode seguir sendo escusada por parte do Goberno da Xunta. E hoxe debería comparecer aquí ante todos os grupos parlamentarios a conselleira de Política Social para dar conta do que se fixo, de como está a situación das residencias e para facer unha análise desta.

Prefiren vostedes remitir aquí o conselleiro de Cultura e de Turismo, e agradecémoslle o talante da intervención, pero non hai contido. Preséntase un plan que nace fracasado pola súa



falla de orientación, pola súa insuficiencia, polo listado de medidas xenéricas que non se concretan en cuestións novas e con orientación, polo listado de medidas vellas no que o que se cambian son as datas ou se readaptan a novos tempos; e porque hai un rexeitamento masivo dos actores involucrados cada vez máis crecente, porque vostedes se dedicaron a entreter os actores, os profesionais e os sectores en distintas xuntanzas pero non lles deron satisfacción. E por iso é polo que vostedes non cumpren, porque non teñen orientación en materia cultural e en materia de turismo.

E quérollelo dicir con moita claridade por dous elementos. Porque, miren, a mesma existencia dunha consellería que aglutina cultura e turismo é unha desfeita, é unha imaxe de que o Partido Popular en Galicia non entende nada. A Consellería de Cultura ten que ter unha identidade propia, e o turismo é unha actividade económica fundamental que, sen dúbida, ten implicacións para o crecemento pero que non ten unha esencia vinculada á cultura. ¿Que ten que ver o mundo do libro co turismo de praias?

Este modelo do Partido Popular de confundir áreas e de confundir materias amosa a falla de capacidade de ter iniciativas estratéxicas para o país. E, polo tanto, esa consellería en si mesmo é unha mostra da falla de capacidade e da falla de plantexamento. Démoslles a responsabilidade de que gobernasen de forma interina Galicia para que tomasen medidas inmediatas. E, en vez de vir presentar este plan fracasado de reactivación de dous sectores tan distintos, tería sido moito máis hábil que nas primeiras semanas tomasen medidas de apoio de forma inmediata para os sectores, por exemplo, con axudas directas, como se deron noutras comunidades autónomas para axudar os profesionais da hostalaría, para axudar os autónomos tamén en materia de cultura. E non o fixeron. Prefiren vir agora cun exercicio de botafumeiro, de propaganda, que nin tan sequera é certa; porque hoxe, señor conselleiro, a súa propaganda é unha propaganda que nace finiquitada polo orzamento, pola dimensión, pola falla de orientación. Este é un plantexamento que calquera consultora pode facer sen ningunha intensidade de acción pública. Ten uns cantos datos, corenta e tantas medidas, falan de vinte e tantos millóns. Bueno, para pasar o tempo e para entreter a cidadanía, non para entender a gravidade do momento político que estamos vivindo, señor conselleiro.

Por iso, para dimensionalo, hai que cambiar a gran situación política, hai que acadar un acordo de país que permita mobilizar orzamentos suficientes para responder a unha situación tan crítica. E eu díxenlle aquí ao presidente Feijóo a semana pasada que se poña a facer un acordo de país en Galicia, que fale coas forzas políticas, cos sindicatos, coas administracións territoriais, cos alcaldes e alcaldesas das grandes cidades, co presidente da Fegamp. Hai posibilidade de mobilizar, entre o 2020 e o 2021, 2.500 millóns de euros de orzamentos das distintas administracións territoriais, e que vaian acompañados, ademais, de investimentos privados para acadar un investimento aínda moito maior.

E, polo tanto, ese é o erro, un erro estrutural por sumar cultura e turismo, dúas cousas distintas. É un erro de diagnóstico da situación, ao crer que isto non ten a gravidade que ten; un erro na dimensión do orzamento, ao dedicar unha contía que resulta menor, que resulta moi reducida para esta situación, con investimentos reducidos; e, ademais, porque carecen de consenso, porque cada vez hai máis sectores que rexeitan este proxecto.



E, polo tanto, nesa liña é na liña na que hai que falar, por exemplo, do sector cultural. Xa antes desta crise o propio Consello da Cultura Galega, na súa diagnose para a cultura galega, amosa o fracaso da política cultural da Xunta de Galicia. No libro, no audiovisual, nas artes escénicas, nas artes plásticas ou na música hai un fracaso. E hai un fracaso que non se palía con estas medidas que vostedes aquí presentan. Hai un rexeitamento abrumador do mundo da cultura á súa política cultural e a este plan. Cada día sae un novo actor a dicir que isto é insuficiente, que isto non funciona, que se senten enganados. O sector do libro fala de insuficiencia, falla de orientación...; os xestores culturais, a través da Asociación Galega de Profesionais dos Sectores Culturais, amosan a súa decepción; os novos creadores e artistas, que non é preciso nin é adecuado á realidade este plan —a Asociación Profesional de Artistas de Galicia—; as artes escénicas dino con claridade, o teatro e a danza, os sectores, séntense frustados, séntense enganados, din as artes escénicas que é un plan que semella non tomar en serio as traxedias persoais dos creadores do teatro e da danza, hai unha frustración grave nesta situación; o sector dos festivais de cine, que aglutinan festivais como Play Doc, como Cans, como Curtocircuíto, falan tamén da inadecuación do proxecto; a Asociación de Actores e Actrices de Galicia amosa o seu rexeitamento; o sector das orquestras nin tan sequera teñen mecanismos de liquidez garantidos para poder solucionar este problema; e os guionistas, a dirección e a realización do mundo da televisión, a través da Asociación Sindical Galega de Guionistas e tamén da Asociación Galega de Profesionais da Dirección e da Realización.

Este proxecto de plan cultural non ten o acordo cos sectores. Séntense enganados ao participar en videoconferencias e atoparse con este escenario.

Pero mire, señor conselleiro, ¿cales eran os orzamentos que había no 2009 para o mundo da cultura en Galicia? ¿Vostede podería lembrarllles ás galegas e aos galegos cal era o nivel de orzamentos que había no 2009 para a cultura en Galicia cun Goberno progresista no país? Vostedes reduciron en case á metade os orzamentos de cultura

Amosen os recortes tamén aplicados ao mundo da cultura. Se naquela época se dedicaban cada ano máis de 100 millóns ao mundo cultural —140 millóns de euros— e nunha crise de tanta gravidade vostedes plantexan un escenario para dedicar 26 millóns, é que vostedes non entenden nada.

E se iso é na cultura, exactamente no mundo do turismo —que ten un peso no produto interior bruto do país moi importante, e no emprego é superior ao 10 %, onde hai unha crise de oferta porque a paralización implica que non se pode ofertar, e onde ademais non hai demanda— vostedes non están á altura desas dificultades. Non teñen capacidade de ter unha orientación, de ter unha coordinación real e tamén de non apoiar sectores como a hostalería con axudas directas ao longo de todo este tempo. Porque tería sido moito máis hábil que dende a segunda semana, como se fixo noutras comunidades autónomas, apoiaran con axudas directas os autónomos, os profesionais da hostalería ou os profesionais da cultura, que tiveron que verse respaldados polo Goberno de España, que cumpriu con ERTE, con fondos, con capacidade.

Vostedes seguen na confrontación, plantexando que hai dous modelos para o turismo, para darlle seguridade, dicindo que hai un modelo propio de Galicia, un modelo propio de segu-



ridade hixiénico-sanitario. Por aí non van ben, señor conselleiro. Traballen lealmente co Goberno de España, porque nas cuestións de sanidade e de seguridade fronte á pandemia todos temos que traballar na mesma dirección.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Nesa liña hai que reactivar —pola vía da demanda— as capacidades do turismo en Galicia, apoiando a mobilidade do sector turístico na medida en que poidan existir en función da fase de desescalada. E para iso fan falla moitos máis orzamentos, moita máis orientación e moita máis estratexia.

Vostede di, señor conselleiro, que este é un plan de choque inicial. O plan de choque inicial do Goberno da Xunta de Galicia supón a inexistencia e a insuficiencia para o turismo e o choque frontal contra o mundo da cultura galega, que se sente abandonada, non comprendida e que ve que este parche non serve para resolver os problemas graves nos que viven

Reorienten a política cultural, activen a política de turismo e cambien, señores do Partido Popular, esa dimensión de mesturar turismo e cultura, dous eidos que non teñen que ver. Haberá un Goberno en Galicia que establecerá unha Consellería de Cultura propia e que vincule o ámbito do turismo ás actividades económicas.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero. Rematou o seu tempo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Romero Fernández.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señor conselleiro.

Señorías, sumámonos aos agradecementos ao sector cultural e turístico pola solidariedade e xenerosidade que amosaron nestes dous meses de confinamento, así como a todas as persoas que estiveron en primeira liña para coidarnos e para abastecernos. E quixera empezar transmitindo o noso máis profundo pesar a todas aquelas persoas que perderon un ser querido neste tempo tan difícil que estamos a vivir, menos de 600 familias en Galicia que perderon un ser querido e máis de 30.000 familias en España que están a sufrir esta perda; o noso apoio e acompañamento a todas as familias que sufriron e sofren esta cruel enfermidade.

Compartimos a angustia e o desasosego de todos estes galegos e galegas que, coma milleiros de persoas, senten como se lles está a derrubar toda unha vida de riscos, esforzos e sacrificios. Non podo deixar de pensar no pequeno comerciante, nos hostaleiros, en todos os autónomos e pemes dos sectores máis afectados por esta crise sanitaria, que son imprescindibles para o mantemento e creación de emprego e de riqueza no noso país. E pó-



dolles asegurar, señorías, que todos nós —os deste grupo parlamentario— traballaremos dende onde esteamos para paliar, na medida en que nos sexa posible, esta situación, tal e como o está a facer o Goberno galego dende o primeiro momento —e así o ten amosado tanto o presidente coma os conselleiros nas súas comparecencias, tanto neste Parlamento coma ante os distintos sectores produtivos—. Unha mostra diso é este plan que nos acaba de presentar o conselleiro —o primeiro dunha administración non só das comunidades autónomas senón tamén do Estado—, aprobado no Consello da Xunta o 30 de abril. É un plan de choque para dar resposta a estes dous sectores que, xunto co comercio, son os máis castigados por esta crise do coronavirus.

A Consellería actuou rapidamente reconfigurando o seu orzamento, adaptando os novos investimentos ás 35 novas medidas pensadas para este plan, coa modificación das 12 medidas xa existentes, e con 27 millóns de euros para afrontar o risco máis grave desta crise, señorías, que é a perda do emprego e a destrución do tecido empresarial, cultural e turístico.

Señorías, esta crise sanitaria, que se está a cebar especialmente en España porque este Goberno da esquerda progresista se negou a vela vir —como fixo coa crise do 2008—, veu frear a boa tendencia dos últimos anos nos que o emprego cultural viña crescendo un 5,4 %. Respecto do turismo, este parón da actividade prodúcese nun momento de enormes expectativas tras unha década batendo récords turísticos. No ano 2019 acadamos os mellores resultados da nosa historia. Fomos a comunidade autónoma onde máis medrou a demanda turística —un 6 % fronte a media nacional do 1 %—. E se seguimos a compararnos coa terceira potencia turística mundial, que é España, en Galicia as pernoctas medraron un 6,2 %, fronte ao 0,5 % de España. Respecto da ocupación hoteleira, Galicia foi no 2019 a segunda comunidade onde máis medra —sobe 2 puntos—, mentres que en España se mantén estable. E na última década a ocupación dos nosos hotéis medrou 8 puntos. Mantivemos a estadia media, mentres en España descendeu un 2 %. E as tarifas hoteleiras melloraron en 2019 un 2 % —e ao longo da década, un 5 %—. A rendibilidade sobe un 7 %, fronte ao 3,2 % estatal. Somos a terceira comunidade onde máis medra a rendibilidade, na última década medrou un 22 %. Estes magníficos rexistros non son froito da casualidade, señorías. Amosan que o Goberno galego acerta nas estratexias, levadas a cabo sempre da man do sector no que respecta ao turismo. Amosan que o Goberno galego sabe elaborar e implementar estratexias que aportan beneficios a Galicia. Non cabe dúbida de que o turismo é un dos sectores estratéxicos da nosa economía. Do 13 % do PIB que representan estes sectores, o 10,4 % corresponde ao sector turístico e o 2,5 % ao sector cultural. E, aínda así, podemos ver como o Grupo Mixto nin unha palabra dedicou ao turismo, o BNG falou xa fóra de tempo do turismo, coa luz vermella, e Podemos non fixo ningunha referencia ao turismo; iso si, falou de transparencia e de quen son os comités que toman esas decisións. Está Podemos e o Goberno central para falar de transparencia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah! ¡Vostede non é de Podemos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, a señora Cuña non é de Podemos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, vostede forma parte do Grupo de... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Vale, agora vostede non ten nada que ver co Goberno! ¡Non me estraña que se queira desmarcar das políticas do Goberno central no que se refire a cultura e turismo! E xa falaremos diso.

E respecto da intervención do señor Caballero, mágoa que na reunión de onte co clúster do turismo de Galicia non descubriera cal é o modelo turístico de Galicia. Amosou vostede un



total descoñecemento sobre o noso modelo de turismo. Di que cultura e turismo non teñen nada que ver, cando en Galicia o fenómeno do Xacobeo e do Camiño de Santiago é o noso principal atractivo. Turismo non só é praia, señor Caballero, é termalismo, é cultura, é paisaxe, é gastronomía, é turismo rural. Por iso somos os líderes en desestacionalizar, somos unha das comunidades autónomas que conseguimos acadar un maior grao de desestacionalización nestes dez anos.

Estamos, señor conselleiro, ante unha folla de ruta do Goberno galego para acompañar o tecido empresarial, cultural e turístico, co obxectivo de axudar as persoas que viven da cultura e do turismo. Sabemos que non é unha solución para todos os problemas. Sería imposible, os recursos son finitos. Pero esperamos que se poida salvar o emprego en moitas familias do sector cultural e turístico. Trátase dun plan que contou con moitísima participación e, por tanto, pódese dicir con todo rigor que este é un plan de reactivación dos sectores cultural e turístico feito por eles e para eles. Hai que ter moito valor para cuestionalo, señorías.

O Goberno galego actuou rapidamente. Pero ¿cal foi a resposta do Goberno de España? Este Goberno é o máis grande da historia, o máis caro da nosa historia, que di non deixar a ningún a atrás pero que ten a todos os sectores máis vulnerables sumidos na máis profunda das incertezas, con 23 membros do Consello de Ministros, 1 presidente, 4 vicepresidentes, 18 ministros, 131 direccións xerais —onte mesmo crearon outra—, 21 secretarías de Estado e máis de douscentos asesores. ¿Para que, señorías? ¿E fala a señora Cuña de falta de capacidade da Consellería de Cultura e Turismo para afrontar este problema? ¿Que fai este Goberno? ¿Que plans teñen para estes sectores tan prexudicados, como o comercio ou o turismo? Xa llelo digo eu: ¡ningún!, ¡nacción total! E aínda estamos esperando polo Plan nacional de turismo. Somos a terceira potencia turística mundial e á ministra de Traballo ocórreselle dicir iso de que ata finais de ano non poderían abrir.

E xa que falamos da ministra, señora Cuña, ¿que dicir dos ERTE, dos que falou vostede? Cando falan dos ERTE parece que perden o norte. ¿Olvídase das queixas que hai cos ERTE a ministra Yolanda Díaz, de Podemos, do seu mesmo grupo? ¿Vostede sabe que un empresario que ten catro traballadores e quere incorporar os catro —sacar do ERTE os catro a media xornada— non pode e ten que coller dous e deixar outros dous? Pois estarían moito máis beneficiados estes catro traballadores a xornada completa que da outra maneira. Estas son as súas incongruencias, señora Cuña, estas son as incongruencias deste Goberno central. Seguen na dinámica da improvisación, con continuos cambios de criterio, na dinámica de publicar un montón de normas unhas horas antes de ter que aplicarlas. Xa o dicía o señor conselleiro: o Ministerio de Sanidade saca o sábado unhas normas e o domingo o Ministerio de Turismo, unhas recomendacións. E, señoría, logo dun parón da actividade de dous meses, o menos que se lle pode exixir ao mando único é que dite normas coa anticipación suficiente para poder acatalas. Os autónomos, os empresarios, os traballadores destes sectores, merecen máis respecto e máis consideración.

E, por outra banda —o que apuntaba tamén o conselleiro—, ¿cal é o modelo turístico polo que apostan, señorías? ¿Por un modelo turístico como o de Galicia, seguro ao cen por cento, ou por un modelo de dúas velocidades? Porque, coas normas que está ditando o Goberno central, é



imposible acadar un destino seguro ao cen por cento. E o destino Galicia seguro, tal como di o conselleiro, é unha obriga. Se conseguimos que calle na xente que Galicia é un destino turístico, estaremos construíndo os alicerces do turismo para os próximos anos. Por iso lle agradecemos, señor conselleiro, que faga vostede o que non fai o Goberno central, que é elaborar eses protocolos para todos os establecementos turísticos que se van enfrontar á fase 2, que están na fase 1, e que non saben como teñen que facer ata o domingo antes de que se inicie a fase.

E se falamos do sector da cultura, ¿que teñen que dicir do plan de reactivación do Goberno central? ¡Tarde, mal e a rastro! Houbo que esperar ao 6 de maio —unha semana logo de aprobar este plan o Goberno galego— para que o Goberno central ditase unha serie de achegas para o sector que máis vai tardar en recuperarse da crise. Só actuaron despois de moitísima presión. Señora Pontón, a presión da que vostede fala é a que tivo o Goberno de España por parte do sector, cunha convocatoria de folga e de apagón dixital durante 48 horas a través do *hashtag* «apagón cultural», con declaracións polémicas de por medio do Ministerio de Cultura parafraseando a Orson Welles co de «*primero la vida y luego el cine*», que provocaron a indignación do sector. E, finalmente, aproban un paquete de medidas totalmente insuficientes, centrado máis en beneficiar as elites amigas do Partido Socialista —das que falaba a señora Cuña— máis que os pequenos axentes culturais. Dos 76 millóns de euros do plan nacional, 20 non son axudas directas, son para financiar créditos. Pero, se comparamos un plan co outro, resulta que o plan nacional inviste 1,2 euros por habitante e o galego 6 euros por habitante. Se imos ao fondo de adquisición de arte, para toda España hai 500.000 euros; no plan galego, 200.000. No sector do libro e bibliotecas, en toda España hai 4 millóns; en Galicia, 2,1. E, se falamos de artes plásticas, para toda España hai 500.000 e en Galicia 400.000. Ademais, é un plan incompleto. Non recolle moitas das demandas, como a baixada do IVE, nin actúa sobre a fiscalidade, onde a capacidade da Xunta de Galicia neste ámbito é practicamente nula.

E xa para rematar, señor presidente, teño que darlles a benvinda ao Xacobeo. Despois do que levamos escoitando todos estes anos contra o Xacobeo, de que apostabamos todo ao monocultivo do Xacobeo, ¡benvindos, señora Pontón, ao recoñecemento dos beneficios que xera o Xacobeo no entramado cultural e turístico, e, en xeral, na actividade económica de Galicia!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: É algo que leva pondo este grupo en valor dende o ano 1993 e que vostedes, dende este ano, sempre criticaron e negaron. E mesmo cando gobernaron boicotearon o Xacobeo do 2010. Un evento singular de 365 días, como é o Xacobeo, hoxe amósase que non é unha dilapidación —como dicía vostede— senón que é e foi un investimento.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Alegrámonos de que por fin perciban a súa importancia. O triste é que tiveramos que pasar por esta situación tan terrible para que abran os ollos.

Máis nada e moitas grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

(Pausa.)(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a limpar o estrado.)

Réplica do Conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que unha serie de cuestións que vostedes plantexaron aquí son individuais de cada un dos grupos, pero xiraron practicamente sobre o mesmo asunto, sobre unha serie de asuntos centrais, co cal irei plantexar primeiramente as respostas individuais e as réplicas individuais a cada un dos grupos e despois farei unha visión máis transversal nas diferentes cuestións que plantexaron neste debate.

Comezando polo Grupo Mixto, a verdade é que me sorprende tremendamente que en toda a intervención o Grupo Mixto non citase a palabra «turismo». A min cústame crer que unha formación política non coñeza a importancia estratéxica a nivel laboral e a nivel económico que ten o turismo en Galicia, que está en torno ao 11 % do emprego e en torno ao 10 % do PIB. E en ningún momento houbo nin a mínima referencia para un sector do cal viven miles e miles de persoas e que ten un carácter tractor fundamental na economía galega. Comparto con vostede, sen embargo, a pena —se se quere dicir deste xeito— da non posibilidade de celebración dos diferentes actos, eventos e actividades que están vencellados ao Día das letras galegas, vencellados a unha persoa tan relevante como Carballo Calero. Tiñamos presentada unha programación moi completa, unha programación consensuada, unha programación orientada a poñer en valor o legado intelectual e persoal do señor Carballo Calero, que, obviamente, non foi posible. Intentámolo modificar cunha serie de accións no mundo virtual que están estes días nas redes, pero, obviamente, non é igual; é imposible que sexa igual. Desgraciadamente, non é posible facer o que nos gustaría neste ámbito, pero de aí a intentar trasladar unha mensaxe de que hai despreocupación polas letras galegas, pola figura de Carballo Calero ou pola nosa lingua é absolutamente..., non ten ningún valor.

En canto á metodoloxía —que o plantexou vostede, e tamén o plantexaron algúns outros deputados—, este plan fixémoslo despois de moitísimas reunións, escoitando o sector, os representantes dos principais colectivos que aglutinan os profesionais do sector cultural e turístico. O cen por cento das peticións é imposible introducilas, tamén llo dixemos aí e llo dixemos en máis dunha ocasión. Agora, é un plan que recolle en torno ao 70 % das achegas que nos fixeron chegar. Creo que podemos dicir claramente que é un plan compartido, que é un plan onde as medidas xorden dos colectivos da sociedade civil cara á Administración. E o obxectivo —dígoo e vólvoo repetir— é un plan de choque, de inmediatez, de enfrontar unha situación tremendamente complexa para o sector cultural e para o sector turístico de Galicia e orientala basicamente aos profesionais que viven, que se alimentan —eles e as súas familias— da cultura e do turismo. Priorizamos absolutamente a parte profesional, a parte laboral, a parte económica, porque pensamos que nestes momentos o máis importante, sen dúbida, son as persoas, que ven ameazadas, xa non a medio, senón a curto prazo, o seu futuro. E por iso todas as liñas están orientadas á recuperación, mediante a activación, da pro-



dución cultural e da produción turística para fomentar e transferir recursos públicos ás familias e transferir recursos públicos aos profesionais do sector, en todos os ámbitos. Obviamente, nunca é suficiente; non o é nin nesta administración nin en ningunha outra administración.

A señora Cuña, do Grupo Común da Esquerda, tampouco citou o turismo para nada. Aquí eu trasladaríalle unha cuestión e pediríalle un favor: que traslade aos seus compañeiros políticos, sexan ou non afiliados, con quen ten compartido iniciativas políticas e ilusións políticas, a importancia dos ERTE no sector cultural e no sector turístico. Se non se flexibilizan os ERTE máis alá do 30 de xuño, se non se posibilita unha reincorporación progresiva nestes ámbitos que teñen limitada a súa oferta ou a súa capacidade de produción de oferta —dino todos os analistas, dino todos os profesionais—, a situación vai ser absolutamente caótica: despidos, peches de empresas, peche da cultura, peche do sector turístico. E iso depende de que neste caso nun ministerio gobernado por Unidas Podemos —ou como vostedes lle queiran chamar—, pero creo que cunha finalidade ideolóxica lexítima, se non son capaces de reorientar, de flexibilizar, de adecuar os ERTE á situación do mundo da cultura e do mundo do turismo, a situación será caótica a nivel laboral. E vostede díxoo: un terzo dos ERTE de Galicia están vencellados a este sector.

Respecto dos convenios, ponos en dúbida, coma se houbera trampa e cartón. Pois voulle dicir unha cousa: non fixemos máis convenios porque non nos foi posible. ¿E por que queremos facer convenios en vez de ordes? Por unha sencilla razón: pola necesidade de incentivar canto antes e coa maior rapidez posible —obviamente, con todos os controis— a acción e a reactivación cultural e turística con colectivos do mundo da cultura e con colectivos do mundo do turismo. Unha orde ten unha tramitación tremendamente lenta. Cando chegemos aos beneficiarios, vai pasar moito tempo. Entón, vostede e vostedes dirán que estamos chegando tarde. Os convenios, ademais, implican a colaboración do sector. É unha responsabilidade, é unha cooperación leal dos sectores profesionais, culturais e turísticos e permite, posibilita, unha maior rapidez na posta á disposición das familias, dos recursos económicos que están neste plan. Creo que é unha ferramenta moito máis rápida e moito máis áxil.

E tamén vostede falou da participación. Mire, nós falamos cos clústeres, co clúster do audiovisual, co clúster do turismo, coas asociacións galegas, coas academias, coas asociacións sectoriais...; falamos cun sinfín de persoas —xa lle dei o dato anteriormente—, falamos cos principais colectivos culturais e turísticos do país. Non o dubide. ¿Que fomos capaces de cumprir o cen por cento das demandas? É imposible. O que o diga mente; é imposible, porque a situación é tan difícil, tan complexa, que temos que actuar no prioritario, e o prioritario, sen dúbida, é reactivar con novos formatos, con novos produtos, con novas demandas, etc., dentro dun marco de seguridade sanitaria absoluta, cos máximos estándares que teñamos, a produción cultural e tamén a produción turística.

Na súa intervención, señora Cuña, hai unha cousa que me sorprende. Eu non sei se mo pode explicar ou non no seu turno de réplica. Vostede di que o Xacobeo limita a liberdade cultural. A verdade é que me sorprende. Pareceume moi sorprendente. ¿Como é posible iso? Case por curiosidade intelectual gustaríame saber que quere dicir vostede con isto.



Respecto da señora Pontón, en primeiro lugar, agradezo que fale de turismo; non falou moito, pero algo falou de turismo. Concordo con ela nunha serie de cuestións. Primeiro vostede dixo que non vale o de sempre. É certo, non vale o de sempre, por iso plantexamos este plan, que é unha reestruturación absoluta dos créditos orzamentarios que había na Consellería, porque non vale o de sempre. Vostede díxoo. Se non vale o de sempre, non nos pidan que fagamos o de sempre. Aí teñen unha certa contradición.

E tamén hai unha cousa que me gustou que dixo vostede: que Galicia vai saír adiante. E vai saír adiante, sen dúbida, porque os galegos somos un pobo sabio, traballador, sacrificado. E falo de decisións políticas. Dende logo, señora Pontón, Galicia non vai saír adiante coas decisións políticas que vostede apoia, que vostede apoia no Goberno de España, porque se a saída adiante de Galicia depende, como estamos vendo, das decisións políticas, moitas delas adoptadas en España, que cambian —ía dicir da mañá á tarde— practicamente cada media hora, realmente estaríamos ben aviados.

Vostede dinos que intentamos enganar. Oia, eu nunca dixen nin en público nin en privado que esteamos ante un plan excepcional, extraordinario... Non, non, iso díxoo vostede. Non poña esas palabras na miña boca. Eu o que digo é que este é un plan de reestruturación dos fondos que tiñamos, cun obxectivo: readaptar e fomentar a parte vencellada co emprego e co traballo no mundo cultural e turístico; un plan de choque inicial. Tamén o dixo a señora Cuña. E plantexamos unha serie de accións que tamén nos gustaría ver noutras administracións onde gobernan vostedes, porque vostedes gobernan unha parte moi significativa, por exemplo, do orzamento cultural do país. En España —e en Galicia é practicamente idéntico—, o gasto público en cultura ten unha correlación aproximadamente dun 66 % nos concellos e administracións locais, en torno a un 22 % no Goberno autonómico e o 14 % restante é do Goberno central. Co cal, a min tamén me gustaría que grandes concellos do país gobernados por forzas progresistas, que deputacións e incluso que o Estado tomase moi en serio —sen declaracións contraditorias, sen mensaxes absolutamente catastrofistas para o sector— a importancia que ten a cultura e que ten o turismo. Eu entendo, señora Pontón, que é moi difícil manter o seu discurso. Vostedes apoiaron e apoian un goberno no Estado que nos está dando todos os días «enormes alegrías» —entre comiñas— e as súas críticas, a inmensa maioría das críticas que nos dirixiu a nós son críticas que ten que dirixir ao Goberno que vostede apoia en Madrid.

Mire, falou dos protocolos sanitarios. ¡Home!, eu pódolle dicir que é moi difícil, igual que noutros ámbitos, cumprir hoxe o que se publica onte á noite no *Boletín*. É moi difícil co que se publique hoxe mañá abrir as portas, é tremendamente difícil. E tamén é tremendamente difícil poder facer previsións en determinadas programacións. Porque, ¿quen ten que dicir na actual situación se un evento ten que celebrarse ou non? ¿Quen ten que decidirlo? ¿Quen ten que, por exemplo, aportar recursos económicos para que os creadores, os produtores, etc., teñan a capacidade de resistir? ¿Quen o ten que facer? Despois falarei en detalle da comparativa entre o plan cultural do Goberno e o plan cultural da Xunta.

E, insisto, non nos enganemos, non nos intenten enganar ou non intenten enganar os cidadáns. A Xunta ten dúas formas de aportar liquidez, apoio e axuda aos sectores empresariais e, neste caso, ao sector cultural e turístico. Por unha parte, todas as medidas estruturais,



empresariais, de liquidez, crediticias, etc., se están aportando vía Igape, vía Consellería de Industria. E nós, a través dunha visión sectorial, estamos apoiando a reactivación da actividade. Cando falan de axudas directas, terá que mirar vostede o que está facendo o Igape, e aí as verá, e verá como hai aportes económicos de apoio neste ámbito aos sectores.

Doulle tamén, señora Pontón, a benvida e voulle facer unha confesión aquí, que non nos escoita ninguén. Un día quedei preocupado porque escoitei o seu discurso e dixen: ¡como se parece este discurso ao noso! ¿Estarei equivocado?

Cando vostede pedía un plan específico para o turismo, cando pedía reforzar o Xacobeo na súa faceta de ferramenta de transformación económica, cando pedía inxectar liquidez nos autónomos e pequenas empresas e cando pedía poñer en marcha unha estratexia de promoción de Galicia como destino seguro, preocupeime. Despois xa me dei conta de que isto mesmo o aprobamos catro días antes das súas declaracións no Consello da Xunta, e que o mesmo día, neste caso o presidente Feijóo, acompañado de min e acompañado do conselleiro de Industria, falabámoslles cara a cara a 1.200 profesionais do turismo. Co cal, xa quedei máis tranquilo.

E felicítoa; felicítoa no sentido de que creo que é bo que digan que o Xacobeo e o Camiño de Santiago, que son un símbolo da identidade de Galicia, son algo tremendamente galego, que vostedes empecen a cambiar o concepto e xa non falen de propaganda, de monocultivo, de... Si, vostedes encoméndanse ao santo e falan da política turística, de que se coincide o 25 de xullo en domingo ou non coincide é un éxito ou un fracaso... Alégrome de que entraran, nese sentido, en razón e alégrome sinceramente de que empecen a tomar conciencia da importancia estratéxica que para un país como Galicia ten a cultura e ten o turismo vencellado ao Camiño de Santiago e vencellado ao Xacobeo.

Respecto do portavoz do Partido Socialista, dígolle que compartimos a necesidade de responsabilidade; eu creo que é compartida entre a administración e a sociedade civil. Se non hai unha responsabilidade da sociedade civil, é moi difícil poder saír adiante. Creo que temos que ser moi responsables. Pero vostede falou de prudencia, e é verdade que esa recomendación de prudencia vostede non a aplicou no seu discurso. O discurso foi de todo menos prudente. Foi, se se me permite, valente, pero irresponsable por algunhas cuestións que escoitamos e que en certa medida demostraron un descoñecemento polo menos curioso.

Volveu insistir vostede na orientación deste plan, moi clara, moi concreta: profesionalidade, liquidez, axudas aos sectores para reactivar novos formatos, novos produtos —xa está dito, podo repetilo—. Hai unha liña de acción clarísima neste ámbito. Pero hai unha cousa que me sorprende, e é que baseou gran parte do seu discurso na necesidade de separar cultura de turismo, e di que o turismo é un sector empresarial; polo cal, está dicindo que a cultura non é un sector empresarial. Non sei as editoras, as compañías teatrais, as empresas audiovisuais que son. E despois fai que plantexe unha dicotomía francamente difícil de manter: a cultura non é turismo, non ten nada que ver co turismo. O Camiño de Santiago, a nosa etnografía, os entroidos, os festivais de música, as celebracións como, por exemplo, a rapa das bestas, as xestións dos museos... É dicir, ¿que é cultura e que non é cultura? ¿Que é turismo e que non é turismo? ¿Un museo que é, cultura ou turismo? É dicir, esa é a dicotomía



que vostede plantexa. Por certo, en moitas comunidades autónomas do PSOE non existe, hai conselleiros de Cultura e Turismo en moitísimas comunidades autónomas do PSOE. É como dicir que o sector cultural é un sector que non é unha industria ou que non é un sector económico, que son algo diferente. Por iso dicía que é valiente nestas apreciacións.

E, claro, despois cébase nunha serie de cualificativos respecto deste plan e parte dunha cuestión que, obviamente, non deixa de ser curiosa. Fala de engano e cita posteriormente o orzamento do ano 2009. Falamos de engano e vostede cita como o orzamento o de 2009. Non fai falla dicir máis nada.

Claro, vostede tamén nos plantexou a necesidade de cooperar, e voulle dicir unha cousa: na cooperación co Estado, moitas comunidades autónomas, entre elas Galicia, nunha cuestión vital, concreta, importantísima e fundamental para o turismo e para a economía deste país, quixemos cooperar. Puxémonos á disposición do Ministerio, a través da Secretaría de Estado, para facer uns documentos comúns para o conxunto do Estado e para que todos os negocios turísticos, de restauración e hostaleiros de España os cumpriran.

Teño aquí unha nota de prensa da Secretaría de Estado, en concreto do 23 de abril. Nesta reunión pactouse entre as comunidades autónomas e o Estado facer uns protocolos que deberíamos cumprir todos para ter un destino seguro ao cen por cento e para non xerar desigualdade e que un señor teña un selo de pago e outro non e iso xere desconfianza no usuario. Estivemos todos alineados neste proxecto, todos, eu o primeiro, e defendino. E o venres pasado enterámonos nunha reunión á última hora da tarde que xa non van ser protocolos para todos, que van ser voluntarios, que queda ao libre albedrío do empresario, do autónomo ou do hostaleiro ter unhas normas estritas de seguridade. Iso si, hai unhas normas no BOE de obrigado cumprimento. ¡Perfecto!, non se discute. Pero, se iso é así, ¿que sentido ten lanzar o mesmo día que vai haber unhas normas a maiores para que quen queira acreditarse o faga e poida poñer un selo que acredite que é un espazo seguro para os profesionais e para os consumidores? É unha irresponsabilidade que xera unha dobre vía, que xera unha enorme desigualdade e que non posibilita que haxa un destino seguro de xeito integral.

Por iso, ata o venres estivemos traballando man á man co Estado, e o último día, á última hora, un cambio de chaqueta absoluto deixou as comunidades autónomas —todas, ¡eh!, incluso as máis acérrimas do Partido Socialista— atónitas. Por iso, énos moi difícil ás veces traballar co Estado cando se xoga con dúas barallas. É moi difícil chegar a iso.

Claro, vostede plantexábanos a importancia do Goberno do Estado, o traballo que estaba facendo, e, certamente, pois entramos noutro debate, entramos nun debate no que sitúa por un lado o proxecto impulsado polo Goberno do Estado e polo outro o proxecto da Xunta de Galicia. Vostede sabe coma min —porque todos o sabemos— a enorme reacción política que houbo do mundo da cultura contra o Goberno do Estado —dicíao a señora deputada, a mítica frase de Orson Welles—. Tivo que ir a ministra de Facenda rescatar o señor Uribes, coma se fose o soldado Ryan —falando de cine—. É dicir, houbo uns momentos de ataque tremendo por parte do sector cultural ao Goberno de España. Iso levou a unha reacción tardía —tarde, mal e a rastro— para presentar un proxecto que creo que se aprobou un día antes que o noso,



máis ou menos, ou uns días de despois, non estou seguro, pero nos mesmos días aproximadamente.

Fala de raquitismo e fala de prioridades. ¡Home!, a nosa prioridade está clarísima, témola clarísima: autónomos, pequenas empresas e pequenas produtoras. ¿Cantos autónomos profesionais participan no Xacobeo? Centos. ¿Ou cantos van participar no fondo de produción de proxectos culturais do Xacobeo XXI? Estamos seguros de que centos. ¿Cantos participan en Cultura no Camiño? Centos, non nos cabe a menor dúbida. E, claro, se falamos de raquitismo, obviamente, cunha mera e simple visión cuantitativa, ese argumento cae.

Fíxese vostede, respecto da cantidade económica que adica o plan do Goberno do Estado á cultura, se facemos unha relación en función do número de habitantes, sae que o plan do Goberno de España aporta un euro, 1,2, por persoa. A Xunta de Galicia aporta 6. Creo que con ese dato está todo dito.

Hai outras cuestións que tamén se poderían comparar se imos a unha análise sectorial. Por exemplo, para toda España o Estado aporta 4 millóns para o mundo do libro; nós aportamos 2,1. Gustaríanos aportar máis, sen dúbida. Para a compra de obras artísticas —aquí falouse moito dos artistas—, ¿canto dedica o Estado? 500.00 euros para toda España; a Xunta, 200.000. Obviamente, é menos, pero, claro, o umbral do que falamos é moi diferente. E así poderíamos ir debullando practicamente liña por liña e plantexando o que estamos falando.

Obviamente, aínda que despois o intentou encauzar, o señor Caballero pedía a comparecencia da miña compañeira de Política Social. Vai estar hoxe aquí e non teña a menor dúbida de que lle vai explicar claramente o que lle teña que explicar, creo que ten tres ou catro preguntas a continuación. Pero que en certa medida se faga un desprezo á cultura, ao turismo, dicindo que non é importante, eu creo que iso non é positivo. Non sei, non o interpreto así, señor Caballero, pero quero dicir que... Iso de que «nos vienen a entretener aquí con estas cosas», oiga, dígaselo usted a las más de 140.000 persoas que viven de esto. Váiallelo dicir vostede, porque creo que, realmente, aquí temos que respectarnos mutuamente. Eu respecto profundamente a todos os votantes e a todos os cidadáns de Galicia, sen dúbida ningunha, sexan do partido que sexan, e estou seguro de que vostede tamén, pero temos que, en certa medida, non pensar que a dinámica política responde aos nosos desexos.

Obviamente, vostede vai ter tempo, sen dúbida, de escoitar da boca da conselleira a xestión que está facendo; xa compareceu, de feito, nesta Cámara. Pero que poña nun lugar un pouco subordinado ou sen importancia a cultura e o turismo do país entenderá que eu iso non llo podo permitir, aínda que vostede vai facer o que queira, entendo.

En todo caso, creo que con estas cuestións xa fixen unha réplica xenérica a todo o que vostedes plantexaron. Agardo que sexan conscientes do que se está dicindo, no sentido de que estamos ante un plan de choque, un plan de intervención rápido e un plan que dá resposta, que quere dar resposta, fundamentalmente, ás demandas inmediatas de centos de miles de persoas que viron da noite á mañá, dun día para outro, como o seu sistema de vida tradicional desaparecía. Creo que iso é o máis importante e creo que vostedes, que forman parte de formacións políticas que teñen responsabilidades de xestión de fon-



dos, que teñen responsabilidades de xestión política, de ditar normas en diferentes ámbitos —a Administración local ou a Administración xeral do Estado—, deberían ser conscientes da emerxencia económica e incluso social na cal está o sector cultural e o sector turístico e da necesidade urxente de aplicar accións de reactivación que posibiliten comezar a andar; con dificultades, co cumprimento absoluto das normas sanitarias, pero comezar a andar cara a un futuro que, obviamente, todos queremos que sexa un futuro esperanzador e que sexa un futuro brillante para a nosa cultura e tamén para o noso turismo.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Abrimos agora unha rolda de aclaracións, con dúplica do Goberno.

Ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Rodríguez Estévez, polo Grupo Mixto.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, vostede vén aquí comparecer e ten tempo ilimitado; nos grupos da oposición o Regulamento da Cámara establece os nosos tempos e en dez e cinco minutos damos dito o que damos dito, pero En Marea tamén vai falar de turismo.

Gustaríanos pedirle neste eido que aproveitemos esta crise, que aproveitemos como país, se cadra, a oportunidade de reformular o sector turístico. O modo de orientación do Xacobeo xa nos parecía que era insuficiente, e xa antes da crise da covid-19 dicíamos que había que reformular este modelo turístico nun contexto de crise ecolóxica, como lle dixemos no debate orzamentario. Cómpre apostar máis por profesionalizar as condicións laborais do propio sector e polo respecto polo medio natural.

A crise da covid —que está aquí para quedar un tempo— pensamos que fará reorientar todo este sector cara a outro tipo de turismo: pequenas visitas guiadas en pequenos grupos, un turismo cultural, casas de turismo rural... Penso que podemos aproveitar esta crise para asentar este modelo de calidade, este modelo respectuoso co medio e coa cultura para evitar facer do turismo unha industria depredadora, como desgraciadamente vemos en zonas costeiras do país ou no centro da propia cidade de Compostela.

No documento de reactivación falan vostedes de priorizar o turismo de proximidade, o turismo interno. Certamente, esta ten que ser unha das vías de recuperación da actividade, pero poden facelo en diálogo co sector e coas administracións locais, implicando as comunidades locais e garantindo paquetes e plans que sexan viables, ou poden facelo sen consultalos, que foi o caso. Falaban algo no documento —certo é— de coordinarse coa Fegamp, pero, recalcamos, cómpre máis diálogo e máis cooperación institucional.



Por certo, este modelo de turismo de proximidade debe ir acompañado dunha aposta institucional polo mercado de proximidade, que ademais está agora en horas baixas. Debemos apoiar os pequenos produtores do noso país para que sexan os principais beneficiarios dunha eventual reactivación dese turismo interno. Turismo, comercio local e produción gandeira local pensamos que teñen que ir da man, evitando modelos turísticos que apenas deixan pegada no tecido produtivo da zona. E non só se trata de impulsar o produto gastronómico, como vostede sinala nese documento, pensamos que hai que ir un pouco máis alá.

Tamén da man deste novo modelo turístico, o que pensamos que debe ser, debe ir o respecto e divulgación pola cultura e o patrimonio propios, algo que precisa máis orzamento e non as míseras partidas dos orzamentos do ano 2020. Os «bonos solidarios» que refiren no documento deben ser un recurso máis amplo, incluíndo persoas coidadoras e empregando este programa co de Respiro familiar, que é absolutamente insuficiente.

Retomando a cuestión orzamentaria, en termos de PIB, o investimento de cultura da Xunta do ano 2020 quedaría nun 0,11, todo isto antes da covid, cando en 2009 —xa se falou aquí— se situou nun 0,25. Isto nun sector que representa un tanto por cento do PIB galego importante, e de emprego tamén. O Plan presentado de reactivación non achega fondos suficientes para paliar o escaso apoio á cultura e ao turismo. Falouse aquí dunhas cifras moi grandes de perdas que imos ter no sector cultural e turístico, e con 27 millóns de euros mal imos reactivar.

Urxe un plan de reactivación da cultura e do turismo con maior diálogo co sector, con maior ambición. Non só se trata de apoiar os bens turísticos e culturais deste país, temos a obriga de protexer; é unha cuestión social de primeira magnitude.

O feito de que o turismo e a cultura estean xestionadas polas mesmas consellerías non sempre agradou o sector, suscitando desconfianzas, e isto tamén se ve plasmado no seu plan, xa que, hai diferenzas entre cultura e turismo, como o nivel de concreción, o desenvolvemento das medidas, os detalles. Para o turismo existen medidas máis detalladas que para a cultura, e bueno, non se sae de dúas ou tres xeneralidades.

Pensamos que é necesario propoñer a reformulación do Xacobeo 2021 —actualmente estaba moi enfocado a ese turismo de masas, unha clara esperanza do actual Goberno de conseguir ingresos rápidos moitas veces— e planificar na súa totalidade a potenciación da cultura galega, convertendo a súa programación en ferramenta de reactivación e apoio aos sectores profesionais e non profesionais da cultura galega, que é o que debera de ser.

A Xunta fiou todo o desenvolvemento cultural e turístico a este Xacobeo 2021. En definitiva, o Plan de reactivación daquela era continuísta; agora segue...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...sendo continuísta, e amosa a continuidade dun modelo —e nós dicímolos así— de monocultivo do Xacobeo e de falta de aposta real por darlle un apoio institucional ao fecundo sector cultural da nosa nación.



É evidente que a crise da covid vai supor un golpe imprevisto aos sectores da cultura e do turismo deste país, pero tamén é evidente que o apoio institucional á cultura xa antes estaba en crise. Vímolo nos últimos orzamentos traídos a esta Cámara, os vixentes orzamentos do ano 2020, onde se manteñen os recortes globais: en cultura, en patrimonio, nos fondos dedicados á lingua...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Polo tanto, dende En Marea, pedimos que non se gaben tanto dese plan, non nos parece un plan tan ambicioso para o reto ao que nos imos enfrontar. E no diálogo e á hora de aportar, pois alá nos atoparán.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Conselleiro, eu creo que a política é unha ferramenta imprescindible sempre, e moito máis nunhas circunstancias extraordinarias como as que temos. Pero tamén creo que hai boa política e malas políticas, e o certo é que a súa réplica hoxe aquí suma nesa cascada de decepcións na que imos vendo como enfronta a Xunta de Galiza unha crise destas características. Porque, sinceramente, eu penso que hoxe o país necesita política de alturas e non o curto-precismo no que parece que están vostedes instalados ou mesmo a frivolidade de vir aquí, no medio dunha crise, cando estamos falando de que é necesario que haxa cooperación e diálogo, coa cutre oposición de sempre que vostedes lle fan á oposición, e de vir aquí única e exclusivamente non a recoller as críticas, non a entender que hai cousas que, desde logo, deben de rectificarse na política cultural e de apoio ao turismo, senón a despachar isto cunha frivolidade que —digo— dá un pouco de pavor.

Eu reafírmome en que, efectivamente, os galegos e galegas somos un gran país, en que estamos demostrando o mellor nesta crise, pero tamén necesitamos que o Goberno estea á altura do que necesita o propio país. E un goberno non está á altura cando se esconde e bota balóns fóra de maneira continua. ¿De verdade, señor conselleiro, que a Xunta de Galiza non pode facer un protocolo para o sector turístico? ¿De verdade me está dicindo que non hai capacidade para darlle certezas a ese sector tan importante? ¿De verdade pode vir aquí e dicirle que o único que ten que apuntar o Goberno da Xunta é que o Goberno central o fai mal? Pois fágao vostede, porque é a súa responsabilidade, e deixe de botar balóns fóra.

Hoxe temos o sector cultural con medo, porque xa tiña unha situación moi difícil por culpa dos recortes desta década —que foron unha mala decisión, e estaría ben que o recoñecera—. Porque o sector ten potencial, pero é que se o que fai a Xunta, en vez de alimentar ese po-



tencial, é cortar a capacidade de crecemento, o problema é moito maior durante esta crise. E non saben nin como nin cando poden abrir. É que non o saben nin os profesionais, non o saben os festivais, tampouco o sabe o pequeno tecido cultural —que moitas veces non se fala del—. Vostede tivo un encontro co sector cultural, pero non lles respondeu ás asociacións —nas que tamén traballa moita xente, que fai un labor importante— se van poder recuperar ou non a súa actividade, en que condicións e con que garantías. O que non vale é estar constantemente botando balóns fóra e non responsabilizarse da marcha do país, porque nunha crise non necesitamos a unha Xunta de Galiza que estea constantemente botando balóns fóra, senón que estea disposta a poñerse á fronte e liderar. E, síntoo moito, pero este cutre Plan de reactivación, que non é máis que propaganda, non está á altura, porque estamos falando do sector do turismo, no que hai un impacto que vostedes avalían que vai ser de máis de 2.500 millóns de euros de perda do PIB, e non se vai solucionar cun plan no que o que fan é reorganizar 30 millóns de euros —por certo, unha cantidade de mentiras que, desde logo, é unha irresponsabilidade—.

De verdade, irresponsabilidade é vir aquí vender como algo novo o de sempre. Voulle poñer outro exemplo máis de como reinventan a realidade e de como isto é un engano, porque non vai servir para nada. Claro, o sector do libro vostedes din que é novo porque poñen, por exemplo, axudas ás feiras do libro, pero é que esas axudas existían sempre até o ano 2019, en que vostede decidiu suprimilas, e agora recuperar esa axuda preséntao como unha gran novidade. E así en todas e cada unha das medidas que están previstas neste plan.

E é, efectivamente, irresponsable, a súa fuxida cara adiante e que por riba se dedique a atacar outras institucións. Creo que debería ter un pouco máis de respecto polo labor que están facendo todas as institucións. Fíxese, até a Deputación da Coruña aporta máis aos festivais audiovisuais que a Xunta de Galiza. ¡Por favor, un pouco de respecto polo traballo dos demais!

E o que é irresponsable é que, sabendo que o sector turístico vai ter unha crise brutal —porque vai ter unha crise brutal—, vostede o único que faga é botar balóns fóra, porque a Xunta pode facer máis. ¿Por que a Xunta non pon sobre a mesa axudas directas para as persoas autónomas?, ¿por que a Xunta non está plantexando que hai que ir a un rescate do sector? Non chega con medidas paliativas, porque iso é o que dixeran eu nesa rolda de prensa —que me alegro que a siga—.

Tamén lle pedimos á Xunta que reestruture os créditos do Igape, porque, tal e como están, son insuficientes, porque hai que ampliar os períodos de carencia, hai que ampliar os períodos nos que se pode pagar, e, sobre todo, vostede sabe moi ben que a solución para o sector non é endebedarse máis. O problema que ten o sector turístico é que está endebedado ata as cellas nunha parte moi importante, porque as perspectivas que había —en teoría— de futuro eran boas, pero agora o que se ve é como cae toda a perspectiva que tiñan e, ademais, moitos o fan nunha situación máis precaria; endebedalos máis non é saída.

Mire, eu creo que os simplismos son malos sempre, son malos conselleiros. Voulle dicir, nós non cambiamos nin un ápice o noso discurso. Nós sempre dixemos que o erro que estaba cometendo a Xunta de Galiza era fiar o desenvolvemento económico do país única e exclusivamente ao turismo.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Un país ten que producir e ter unha actividade diversificada; un país necesita ter un sector investigador forte; ten que facer unha aposta polo coñecemento, e nós temos capacidade para facelo. E, agora, ¿sabe que pasa? Lamentablemente, a covid-19 colle a Galiza en peores condicións porque vostedes non apoiaron o noso tecido produtivo e dicían que a única alternativa era o Xacobeo 2021. Iso caeu, e o que hai que facer é reestruturar o Xacobeo, pero tamén reestruturar a capacidade produtiva e facer unha aposta estratéxica polo coñecemento, porque este país ten futuro se cambiamos as políticas que estamos facendo.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Cuña.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora CUÑA BÓVEDA: Señor conselleiro, xa que ten tanto interese polo turismo —nós non podemos falar moito, dez minutos non é tempo ilimitado—, díganos que medidas para apoiar o subsector da restauración e dos bares toman neste plan. E contésteme, por favor, porque é a única pregunta que fixen, importantísima, esencial, e non deu resposta.

O plan cuantifica o posible impacto da crise, ¿non? Xa que presumen de ser os primeiros, díganos cal é o obxectivo económico do plan, en termos económicos, por favor. ¿Que porcentaxe de PIB e de emprego pensan que van conseguir manter con este plan? Un plan que non mobiliza nin un só euro, mire a comparativa con outras comunidades autónomas. O seu Goberno non mobiliza ningún euro. Isto non é un xogo de trileiros, isto non é un «saco de aquí, poño alá», non, isto é moi serio e estamos falando de sectores en perigo. Xa que din que o primeiro é apoiar e protexer os traballadores, fágano. A pregunta que se lle fixen antes reitéroa, porque é importantísima, porque, se non, podemos seguir falando de opacidade, de falta de transparencia, de vender fume, de electoralismo, de plan; plan que non se mantén porque non ten nin contido, nin obxectivos, nin estrutura, nin indicadores para avalialo. É un plan moi bonito, feliciten os deseñadores gráficos, mais todo isto que falamos é en plan proactivo. Pensamos que non deben blindar este plan, que é moi importante que continúen comunicándose con todos os sectores, que claro que son sectores solidarios. Imaxinen un confinamento sen música, imaxinen un confinamento sen cinema, imaxinen un confinamento sen libros, sen poesía... Sería un caos, sería moito máis terrible.

Volvo insistir, na participación do 70 %, ¿como comprobamos? Porque moitos dos sectores din: vale, convócanos, fan unha exposición moi ampla e din que fagamos preguntas. Pero, das preguntas, contéstanse as menos. Isto é unha realidade percibida por xente moi seria, por xente moi consolidada, e hai un director de escena que estivo nas dúas xuntanzas. O tema non é o Ministerio, o tema é o Plan galego, e este director pode dicir que diferenzas hai entre unha interlocución e a outra. No Ministerio fan unha exposición curta, dan con



antelación polo menos os borradores para poder discutilos e despois hai dialogo, de verdade. Hai unha película que se chama «Ábrete de orelas», dun inglés marabilloso. Hai que abrirse de orelas, hai que escoitar, hai unha falta de escoita brutal, e isto está pasando. Están mentindo cando falan de medidas novas, a maioría non son novas.

¿Que é a cultura? —dicía vostede—, ¿que é a cultura? Ben, ¡vaia pregunta!, é como para entrar agora. É moi importante. En esencia, liberdade creativa e creadora. Entón, para satisfacer a súa curiosidade intelectual, cando falamos de que non se pode supeditar todo ao Xacobeo, é porque ten unha unidade temática, que ademais ten unha importancia crucial —ninguén o nega—, de patrimonio, de historia... Iso non o negamos, pero non pode instrumentalizarse, non pode pivotar un groso da axuda cunha unidade temática que, ademais, vostedes orientan exclusivamente, ou case exclusivamente, ao relixioso, tamén ao económico, porque parece que podemos sacrificar todo para ter ingresos. Pero agora non estamos nese escenario.

Creo, señor conselleiro, que vostede non é consciente de que se lle cae o seu plan estrela; isto é como un suflé, ¡pum!, un alfinete e véñse todo abaixo. Teñen que ter esa visión.

Entón, cando lle falaba do dereito á liberdade, faláballe tamén do dereito á participación e sobre todo do dereito ao acceso. Iso é un mandato e unha obriga que teñen vostedes como goberno. Non teñen que instrumentalizar, teñen que favorecer.

Non teño tempo, síntoo moito, porque non podo dar voz a moita xente, pero, se quere, eu remítolle todos os documentos que están saíndo, e que non sei se leu —seguro que lle chegan—, de toda a comunidade cultural galega, tamén supoño que da turística. Fundamentalmente están traballando moitísimo e están dispostos e dispostas a darlle todas as suxestións e a colaborar, pero vostedes escoitan e fan o que queren, e, se non, este plan non hai por onde collelo, señor conselleiro. É unha crítica que se podería argumentar de haber máis tempo moi solidamente, é unha convicción absoluta.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: Creo que non é o último do que perdemos a esperanza, creo que este ecosistema garante moita continuidade, pero atendan de verdade, creen de verdade un plan de continxencia, por favor.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: De nada. Grazas a vostede.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.



Nós priorizamos a presenza da conselleira de Política Social en sede parlamentaria, pero non é porque queiramos poñer os obxectos dunhas cuestións por riba doutras, senón pola prioridade do país nunha situación de crise sanitaria moi clara. O problema é que a súa comprecencia, señor conselleiro, non aclara nin arranxa nin dá respostas aos dous sectores aos que vostede goberna en Galicia, nin ao sector da cultura nin ao sector do turismo. O problema non é que nós prioricemos que veñan dar conta do que non queren falar, dun problema gravísimo nas residencias de maiores de Galicia. O problema é que vostedes o poñen de escusa e a resposta que lles dá aos dous sectores é unha resposta insuficiente, incapaz, que é rexeitada de forma ampla por moitísimos actores. E dígolle o mesmo: eu creo que sería moito máis axeitado tratar o ámbito da cultura e o ámbito do turismo de forma diferenciada. E sei que hai sinerxías e sei que hai moitas cuestións en común.

Dime vostede que a cultura ten actividade económica, unha gran lección da que tomo nota e da que aprendo moito; eu non o sabía ata a data de hoxe. E a verdade é que nesa realidade pois entendemos como é a situación. O problema é que o modelo deste goberno, da Xunta de Galicia, é un modelo que subordina a cultura á cuestión do turismo. E non é necesario para o turismo subordinar a cultura á súa propia actividade. Hai un modelo que ten a capacidade de facer un plan de reactivación para a cultura e un plan de reactivación para o turismo.

Evidentemente, hai cuestións culturais que teñen efecto turístico, do que o Xacobeo é un magnífico exemplo, pero hai moitas cuestións que non teñen que ver, e son dous eidos diferenciados. Eu, dende logo, creo —e díxeno antes— que unha consellería específica para o ámbito cultural é unha organización máis potente, pero, aínda cando vostedes teñen unha organización mesturada dos temas de turismo e dos temas de cultura, o plantexamento de reactivación debería de ser diferenciado, debería de respectar a idiosincrasia de cada un deses dous modelos, e vostedes non o queren facer. Vostedes prefiren vir aquí confrontar co Goberno de España, pero no fondo, señor conselleiro, cando vostede di que o Goberno de España ten que seguir mantendo as medidas que está aplicando para salvar os sectores, no fondo vostedes mesmos están aplaudindo o Goberno de España. Están aplaudindo un goberno de España que está tomando medidas tan importantes para esta crise que negan todos os seus argumentos, os do Partido Popular dende o grupo parlamentario e os do Partido Popular na Xunta.

E hai que dicilo con claridade. Miren, cando vostedes falan do Goberno que din que abandona a cidadanía, hai que dicirlles que, no mes de abril, 238 millóns en prestacións sociais, en ERTE, a 272.749 traballadores protexidos en Galicia, tamén do mundo da cultura, tamén do mundo do turismo. Que a Galicia chegan no mes de abril 43,5 millóns para dar cobertura a sesenta e oito mil autónomos, tamén autónomos do ámbito do turismo e especialmente tamén do ámbito da cultura. Que chegan fondos para o fondo social extraordinario, en becas comedor, 1.378 millóns en avais do ICO a sete mil trescentas empresas galegas, 271 millóns en gasto sanitario; e os orzamentos que van vir extraordinarios cando se distribúan dezaseis mil millóns entre as comunidades autónomas.

Hai unha capacidade de acción do Goberno de España, que é a que está dándolle resposta e acompañamento ao sector. Eu sei que no sector cultural hai sempre máis demandas, pero



incluso os actores do sector cultural recoñecen que o Goberno de España toma medidas precisas e concretas, e poderíalle ler a declaración aquí de moitos destes axentes en Galicia, pero saben que o que vostedes fan queda moi por detrás.

E ese é o problema, que vostedes teñen un rexeitamento amplísimo no ámbito cultural. Non é de estrañar. Eu pregunteille por uns orzamentos, porque vostedes foron uns recortadores continuos no mundo da cultura galega. Recortáronos de forma continua para deixar os orzamentos da cultura en Galicia na metade respecto de onde vostedes os colleron, e iso é moi grave —datos do Instituto Galego de Estatística—, é moi grave.

Polo tanto, hoxe traen un pequeno parche de vinte e seis millóns de euros, que é cambiar o que xa estaba, para cambiarlle datas e redactalos. É a súa falla de compromiso, e por iso o rexeitan o mundo do libro, os sectores culturais, os novos creadores, as artes escénicas do teatro e da danza, os festivais de cinema, as asociacións de actores e actrices de Galicia, o mundo das orquestras, os guionistas, os realizadores, as directoras de televisión; rexeitan o seu plan de reactivación no ámbito cultural porque é un fracaso.

E é un fracaso tamén o plan de activación en turismo. Medidas parciais, nunha estratexia de confrontación co tema da cuestión sanitaria que non leva a ningures, que confunde e que non arranxa os problemas fundamentais que teñen. E eu entendo, señor conselleiro, que vostede non ten máis orzamentos para facelo porque a Xunta de Galicia e o señor Feijóo despreza o mundo da cultura e o señor Feijóo non ten a capacidade de ter un plan de activación do turismo á altura das circunstancias.

E necesitamos ese plan de turismo, pegado ao terreo, un turismo que ten que ter impulsos económicos fortes, que non chega con adicar dez millóns coa que está caendo nestes momentos, e que ademais hai que facelo entendendo a diversidade da actividade turística de Galicia, chegando ao conxunto do territorio, chegando ao conxunto das cidades, ao mundo rural, á costa atlántica. Póñase a traballar cos alcaldes e alcaldesas de Galicia para ter esas propostas.

Vostedes, que din, ¿cantas veces se reuniron cos alcaldes de Galicia, por exemplo cos alcaldes das sete grandes cidades ao longo deste tempo para reorientar os plans? Pero é que canto máis falan máis se afunde este plan de suposta reactivación para o sector turístico e o sector cultural.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Non hai orientación, non hai proxecto, e ademais non teñen nin tan sequera a capacidade de dotar, nunha situación de tanta gravidade, os sectores cos orzamentos que se recibían para o sector da cultura, por exemplo, hai once anos en Galicia.

Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Popular, señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Di o señor Caballero que priorizamos as comparecencias. Claro, priorizamos a comparecencia da conselleira de Política Social logo da seguinte comparecencia do presidente Feijóo, e cando veu comparecer reclamaban a comparecencia do señor Feijóo, e cando vén o señor Feijóo reclaman a comparecencia da señora conselleira de Política Social. Claro, é que sempre que-
ren o que non vén.

¿Que cultura e turismo non teñen nada que ver? Pois os gobernos socialistas das comunida-
des autónomas teñen as consellerías tamén de cultura e de turismo. ¿Piden unhas conselle-
rías? Miren, nós non somos coma vostedes, non inflamamos os gobernos e formamos unhas
xuntas de goberno inmensas, que non caben os ministros na sala de ministros; van ter que
reformular a Moncloa para que caiban todos os ministros, que isto vai aumentando, os di-
rectores xerais... Iso si que é un despilfarro, iso si que é un despilfarro e unha vergonza nes-
tes momentos, coa que están pasando os nosos comerciantes e os nosos pequenos
produtores, ¡por favor!, e, sobre todo, cando o Bipartito tiña unha Consellería de Turismo
na Consellería de Industria, un despropósito.

Señora Cuña, non se pode comparar este plan con outras comunidades autónomas, porque
somos a única que aprobamos un plan destas características.

Outros sacan a careta, señor do Grupo Mixto, e falan de turismo depredador, descoñecendo
tamén o modelo turístico galego. Miren, amosan un desprezo total e absoluto polo turismo
de Galicia.

E veñen aquí presumir dos ERTE, señoría. ¿Durante cantos anos estivemos escoitando aquí
que o primeiro que farían cando gobernarán era derrogar esa maldita reforma laboral do
Partido Popular?, e agora estanse escudando e presumen da figura que crearon eles dos ERTE
para salvar o emprego. ¿Pero isto que é? De verdade, é que é un cachondeo escoitalos, un
auténtico cachondeo.

Miren, señorías, o turismo foi clave para a recuperación da crise do ano 2008 e seguintes e
volverá converterse nun sector clave para recuperarnos da caída do PIB, do incremento do
paro, da débeda pública, do déficit público que espera a España, probablemente un dos países
máis afectados do mundo polo desastre da xestión do mando único nesta pandemia.

Pero, evidentemente, Galicia está mellor posicionada polos novos retos que vai que ter que
afrontar o turismo, e por iso, máis que nunca, é necesaria esta estratexia.

Din que non toman medidas, señor conselleiro. Entón, ¿a que veu vostede aquí? Eu insisto:
vostedes cuestionan este plan, un plan elaborado polos propios sectores cultural e turístico;
non cuestionan en absoluto o Goberno de España, que non fala con ninguén, improvisa; nin-
gunha cuestión a iso. Pero despois, se imos a onde gobernan, o outro día repasando a prensa
atopei as declaracións dunha concelleira de Promoción Económica do Concello de Ponteve-



dra: «¿Alguna ayuda directa al tejido empresarial? Estamos estudiándolo, hay que esperar; este impacto de esta crisis no va a ser tan fuerte como el anterior. ¿Se ampliará el área de terraceo? Se está estudiando, a lo mejor hay que hacer un cambio de ordenanza. Respecto a la plaza de abastos, lo primero es hacer una lista de puestos. Sobre si va a haber alguna celebración, estamos a la espera. Sobre el plan municipal de empleo, ¿se va a reorientar? Le daremos una vuelta al plan de empleo, tengo algunha idea, estamos estudiándolo.» E despois, cando lle pregunta de turismo, ¿que di? «O primeiro que hai que facer é potenciar Pontevedra como un destino seguro; esa é una realidade, temos que potenciarnos como destino seguro, tanto Pontevedra como as Rías Baixas e Galicia.» Benvidos, benvidos á estratexia da Xunta de Galicia e do sector neste ámbito. E tamén ao final remata a entrevista dicindo: «Hay, sí, una realidad clara: el año que viene es Xacobeo, hay que potenciarlo.» Benvidos tamén ao Xacobeo, señoría.

E —insisto— alégrome de que non cuestione en absoluto o Goberno central, sobre todo logo das últimas ocorrencias do Goberno desta mesma mañá. Acaban de facer un golpe de graza ao turismo de España e un golpe de graza ao pequeno comercio. Din que todo aquel que vén de fóra de España ten que estar quince días confinado na habitación dun hotel. E o pequeno comercio non pode facer rebaixas na tenda física, iso si, *online* si.

¿Que teñen que dicir a isto, señorías? ¡Isto é un escándalo! Tanto defender o pequeno comercio, e que aquí o Partido Popular é o que ataca o pequeno comercio, e acaban de darlle un golpe de morte ao pequeno comercio. Ou sexa, podemos abrir... Non. ¿Como que non? ¿Tamén descoñece esa realidade, señor Caballero? ¡Por favor! Isto, de verdade, é unha vergonza. ¡Isto é unha auténtica vergonza! Acaban de facer un ataque frontal ao sector turístico ao expulsar os turistas que podían vir a España cara a Grecia, Portugal, Chipre..., en consonancia con esa idea de turismo depredador.

Onte estaba dicindo o vicepresidente de Xestur, que se reuniu coa ministra onte, e non lle comunicou nada desta medida que apareceu hoxe, pensou que estaban falando dunha *fake news*, señoría. Isto é terrible, esperemos que o rectifiquen porque é ben certo e verdade que este goberno só acerta cando rectifica.

Creo que estou fóra de tempo, pero gustaríame, de verdade, explicarlles como me chamou chorando o outro día unha perruqueira...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...porque escoitara o señor Sánchez dicir un martes que o luns seguinte podía abrir a súa perruquería. Preparouse, colleu citas durante toda a semana, citas case para todo un mes. E os perruqueiros fixeron os seus propios protocolos, porque o Goberno central nin unha palabra dos protocolos, e tiveron que adquirir máscaras, xeles hixienizantes, mamparas para separar os lavacabezas, mamparas para separar no mostrador. E cando o domingo le o decreto, ¿saben con que se atopou? Que como non tiña acceso directo á rúa non podía abrir, porque tiña a perruquería nun entrechán. E o máis grave disto é que ela está perdendo toda esa facturación, pero a competencia está aberta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ¿Que teñen que dicir a isto? ¡Claro!, non poden nin manter a mirada. Amosan un descoñecemento e unha falta de realidade cos sectores produtivos deste país que é realmente unha irresponsabilidade alarmante.

O señor PRESIDENTE: Señora Romero, grazas.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: E remato xa, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Si, por favor.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Remato, señor presidente, parafraseando o señor Juan Echanove, cando lle dixó ao ministro de Cultura: «*El que no defiende el sector y el que no conoce ese sector, ese se queda en el camino*». Pois eu diríalle, señor Caballero: *el que no defiende a Galicia y el que no conoce Galicia, ese se queda en el camino*.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: E, a verdade, preferimos seguir téndoo na oposición.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Peche da comparecencia, señor conselleiro de Cultura e Turismo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Ben, moitas grazas, señor presidente.

Eu antes de comezar as réplicas quixera puntualizar de novo unha cuestión que volveu saír agora. A señora conselleira de Política Social non se esconde, compareceu nesta cámara, hoxe vai vir responder preguntas, ¡non se esconde! Nin o de Sanidade, nin o de Cultura, nin o de Industria, nin o vicepresidente, ¡ninguén se esconde! Porque nós facemos o traballo o mellor que sabemos e o mellor que podemos, sen espaventos, sen presunción, con humildade e intentando axudar. Polo tanto, que vostedes intenten sacar rédito político plantexando esta cuestión é realmente algo que non deixa de ser curioso. E non deixa de ser curioso cando en moitas comunidades autónomas onde goberna o Partido Socialista con determinados socios non hai nin unha soa comparecencia de ningún conselleiro. É realmente curiosa esa forma de interpretar a política.

Respecto do Grupo Mixto, eu agradezo que falara de turismo, agradézoo de verdade pola importancia do sector. E si houbo e hai diálogo con Xeodestinos, é dicir, co mundo local, co mundo dos colectivos no mundo local.

E creo que vostede está equivocado, porque vostede di que o modelo turístico galego é un turismo masificado, e non o é; o noso é un modelo turístico que podemos denominar de



autor, que é xusto ao revés. Nalgún día concreto, nunha hora concreta pode haber máis xente da que nos gustaría nunha rúa ou nunha zona. Pero o noso é un modelo absolutamente respectuoso, sustentable, que foxe da masificación, que dá ofertas moi especializadas. E iso é o que permite que este territorio, que estamos nunha esquina de Europa, nunha esquina da península Ibérica, tivésemos nos últimos anos os bos datos que temos neste ámbito. Non apostar polo turismo de masas, nin moito menos, senón por un turismo sustentable, diversificado, un «turismo de autor», en definitiva.

Ben, despois de escoitalle á señora Cuña o concepto de «verdade creadora», xa quedei máis tranquilo, tamén llo agradezo. Realmente, ao final, todo se reduce a que hai un prezo relixioso ou unha orixe relixiosa; pois é unha forma de entendelo e eu respéctoo, non o comparto.

A señora Pontón falábanos de boas e malas políticas. Efectivamente, hai boas e malas políticas, e o BNG destas últimas sabe moito. E plantexa isto como un debate de balóns fóra; parece vostede do PSOE, señora Pontón. ¿Por que? Porque está plantexando e defendendo cuestións que vostede sabe —porque incluso o explicaron aquí como foron—. ¿De que equipo é vostede, señora Pontón?, ¿do equipo de Galicia ou do equipo do señor Sánchez? Porque moitas das cuestións, a inmensa maioría que incluso vostede plantexou na segunda intervención, son competencia do señor Sánchez. Porque por encima dinnos: «*no hagas esto, que te denuncio*», chegouse a dicir, ¡e dise por escrito! Co cal ten que escoller: ou ser do equipo de Galicia, que entendo que quere ser do equipo de Galicia, ou do señor Sánchez, a quen vostede —insisto— apoia. Creo que aí hai unha certa loita interna.

O tema dos protocolos sanitarios que vostede citou expliqueille claramente como foi, ¡eh! E que intente poñer o balón no tellado da Comunidade Autónoma cando expliquei aquí publicamente —e hai testemuñas en todas as comunidades autónomas que din o que eu digo exactamente igual— é realmente querer formar parte do equipo do señor Sánchez.

E, claro, vostede debería ser reivindicativa con forza en cuestións importantísimas para os autónomos, que vostede tanto defende. A ver, os profesionais da cultura e do turismo moitísimos son autónomos, moitísimos están en ERTE, moitísimos cobran grazas a que a Xunta de Galicia habilitou un procedemento para cobrar, non porque o Goberno do Estado o fixera. E moitísimos teñen un medo tremendo de que non se flexibilicen os ERTE para posibilitar unha incorporación dos traballadores proporcional á capacidade de oferta que lles fixa o estado de alarma. Se di isto será do equipo de Galicia; agora ben, se vostede intenta trasladar as cuestións que están facendo en Madrid e intentar poñer no tellado da Xunta de Galicia e atacar a Xunta de Galicia, vostede aí xoga claramente no equipo do señor Sánchez.

Respecto do señor Caballero, é entendible que defenda a capa e a espada, como un paladín, o señor Sánchez e o que está facendo o Goberno do Estado nesta situación, que é difícil. E podemos entender, todos o entendemos, que haxa algún erro, que haxa algunha rectificación, que haxa algún problema de xestión, pásanos a todos. Agora, o que non pode ser é a norma; a norma é a confusión e a descoordinación, as ordes contraditorias, a soberbia; é dicir, estamos nunha situación que parece o ministerio da verdade, nun absoluto ministerio da verdade.



E cando vostede di aquí: non, é que o sector cultural está cabreado coa Xunta de Galicia. ¡Home!, eu refírome ás palabras que dixo a señora portavoz do Partido Popular: Juan Echanove, non digo máis nada. E despois segue dicindo que é insuficiente. ¡Home, claro que é insuficiente! Pero poño unha comparación: o plan fantástico do Goberno de España, 1,2 euros por cidadán; o plan da Xunta de Galicia, raquítrico, paupérrimo etcétera, 6 euros. A partir de aí, como se soe dicir, *fin de la cita*.

E hai unha cuestión que tamén di alegremente. Di vostede que eu non me reunín cos alcaldes, pero a xente do meu equipo reuniuse cos concelleiros de Cultura, con todos e de todas as cidades. Eu reunínme coa Fegamp, reunínme coa xente das deputacións. A ver: non pode dicir claramente que non hai diálogo, nin moito menos.

E despois segue na teima de cultura e turismo. ¡Home!, se cultura e turismo non teñen correlación, dígame vostede que correlación teñen cultura e emprego, porque hai un antecesor seu que sentaba nesa cadeira que é concelleiro nunha gran cidade do país e que é concelleiro de Cultura e Emprego. Ben, a partir de aí, tampouco máis que dicir.

Ao final, creo que neste caso a súa principal mensaxe é: fagan o que eu digo e non fagan o que eu fago. Porque todo o que vemos é unha defensa a ultranza dunha situación que toda a cidadanía o ve e o percibe. Toda a cidadanía pode entender que haxa problemas, que haxa dificultades, pois estamos reescribindo o funcionamento da sociedade, o funcionamento da economía. O que non se pode é ter unha páxina e estar en todos os momentos poñendo borróns nesa páxina, e cando alguén quere escribir pois non facerlle caso ao que escribe. Iso realmente é o gran problema que estamos tendo agora mesmo en España.

En definitiva, señorías, nós con este plan, e con toda humildade, somos conscientes de que non imos dar resposta a todas as demandas, que son enormes, destes dous sectores, e que van ser enormes tamén noutros sectores. Agora ben, despois dun diálogo longo, profundo, colaborativo e con colaboración, plantexamos unha serie de medidas que teñen un único obxectivo: o máis importante é ser capaces de reactivar a acción cultural e turística para que aos profesionais do sector, ás empresas do sector, poidamos inxectarlles liquidez pública para fomentar a actividade, e impedir que haxa unha caída aínda máis forte dos ingresos, poder manter o emprego e poder manter o tecido industrial e o tecido empresarial. É o máis importante: un plan centrado nos profesionais, que é complexo pero que aposta claramente pola cultura propia, que aposta —como xa dixen antes— polo «turismo de autor»: sustentable, recentralizado, calidade, seguridade etcétera, que define e ten que definir, sen dúbida —porque o mundo cambiou—, un novo Xacobeo. E esta é unha grande oportunidade para Galicia. Moitas comunidades autónomas, moitos territorios queren ter nun horizonte a curto prazo un evento con tanta forza e tanta potencia en todos os sentidos, no económico e tamén no emocional e humanístico, como se supón o Xacobeo.

E, sobre todo, este plan ten que ser nestes momentos, que son os máis difíciles —xa dixen que iamos implementar de xeito inmediato moitas destas axudas—, unha pequena ventá á esperanza. Non podemos fiar todo, nin moito menos, a unha recuperación inmediata. Imos ter problemas, dificultades; agora, se non facemos nada, se seguimos instalados no ministerio da verdade, pois non imos avanzar. Iso é o que temos que facer, con moito sentidiño,



con participación, con rigor, con criterio, e cun obxectivo claro e nítido: apostar por dous sectores que en Galicia aportan arredor do trece por cento da nosa riqueza, que dan emprego aproximadamente a cento cincuenta mil persoas, e temos que plantexar aquelas medidas que de xeito inmediato máis lles van poder axudar a saír adiante. Ese é o único obxectivo deste plan, o único obxectivo deste plan é axudar como medidas de choque.

Posteriormente, vostedes saben que a Xunta de Galicia está traballando nun plan máis amplo, pero como medida de choque inmediata hai que actuar xa. Porque este foi o sector que primeiro pechou, de xeito inmediato pechou, e vai ser un sector que vai ter moitas dificultades para volver arrancar, por cuestións de demanda e por cuestións de oferta. Porque hai que reestruturar a forma tradicional de traballar, hai que facelo, estámolo facendo, estamos impulsándoo; cando digo «traballar» digo ao sector turístico e ao sector cultural. O formato tradicional vai ter moitas dificultades, moitos problemas para saír adiante, e temos que fomentar a demanda ou fomentar o consumo, un consumo basicamente interno, polas dificultades de mobilidade que imos ter na sociedade, co cal o facemos, insisto, con moita humildade e con moitas ganas de ser útil. E, ao final, o que queremos transmitir e o que debemos transmitir todos é que Galicia sairá, sairemos, desta. Pero non sairemos desta con contos nin con defensas a ultranza de modelos que están demostrando un non saber facer as cousas; sairemos con traballo, con ilusión e con ganas, e neste plan hai todo isto.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Remata así a comparecencia e pasamos ao... —non fai falta, non fai falta xa; iso límpalo, se queres, ao terminar—. Pasamos ao turno de preguntas —grazas—. A mecánica xa a saben: preguntas de tres minutos, o tempo aquí está xa moito máis controlado e faremos todas as preguntas dende o escano. Son tres minutos, eu aí si que... a mecánica que temos é que aos tres minutos cortamos. E as preguntas, todas, dende o escano.

Comezamos coa pregunta que era de dona Noela Blanco; pero está autorizado o señor Caballero, como nas outras preguntas, a formulala. Entón, comeza formulando a pregunta don Gonzalo Caballero. Cando queira.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración pola Xunta de Galicia do tratamento da información na CRTVG durante a pandemia da covid-19

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señores do Goberno galego, cento tres *Venres Negros* na televisión pública, manipulación, interferencia política nos contidos informativos, *teleFeijóo* ao servizo dunha caverna mediática propia dun PP que quere establecer un relato distinto á realidade do país.

Manipulación, utilización política, represalias contra os traballadores que discrepan dentro da Televisión de Galicia, vinte e seis roldas de prensa de Feijóo retransmitidas en directo pola canle pública ao longo da etapa do estado de alarma. ¿Cantos minutos, señor vicepre-



sidente, retransmitiron ao señor Feijóo no medio público da TVG? ¿Cantos minutos retransmitiron ao resto dos líderes políticos do país? ¿Por cantos centos e centos multiplicaron a aparición de Feijóo? Días: Feijóo, unha hora e dez minutos; os líderes da oposición, ningunha. Nalgún momento, dez segundos nos informativos da televisión pública. Telexornais nos que hai dezanove pezas políticas, trece contra o Goberno do Estado, contra o Goberno presidido por Pedro Sánchez. Unha orientación política na que a axenda de medios exemplifica o que o Partido Popular quere facer dun relato falaz deste país. ¿Cantas explicacións deron nos informativos da TVG do que aconteceu nas residencias de maiores? ¿Acompañaron as cámaras da TVG a delegada territorial do Goberno da Xunta en Vigo á entrada dunha residencia a recibir aqueles maiores que entraban nunha residencia que se supoñía que estaba libre de contaxios? ¿Foron as cámaras de televisión facer esa retransmisión alí en directo?

Quería preguntarlles, señores do Partido Popular, ¿que información lles queren trasladar ás galegas e aos galegos dunha realidade tan complexa? Vostede aproveitaron a posibilidade de gobernar nun tempo interino nesta comunidade para intentar trasladar, a través dos medios públicos, unha versión unilateral, con desinformación, con utilización perversa e manipulada da liña editorial dos medios públicos, sen información plural, sen veracidade na información... E vostedes non o queren mudar. Déannos as contas dos tempos, dos contidos, da realidade, e deixen de poñer a televisión que debería ser de todos os galegos e galegas á disposición da liña das mentiras, da confrontación, da caverna da dereita en España que vostedes representan tamén aquí en Galicia, represaliando profesionais e a través dunha actuación que, ao longo de xa cento e pico *Venres Negros*, amosan o que non pode ser a xestión dos medios públicos. *TeleFeijóo* foi máis alá que Telemadrid nos tempos de Esperanza Aguirre; non hai comparación posible con ningún outro medio de comunicación ou televisión pública en España. A canle de todos os galegos e galegas quérena converter nun instrumento de propaganda do Partido Popular para dar unha verdade falaz e unha realidade terxiversada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero, terminou o seu tempo.

Grazas, grazas.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, tempos nunca vistos pero algunhas preguntas son as de sempre; ao final, o de sempre é o que sempre lle molestou a vostede. O presidente da Xunta de Galicia sae máis nos medios públicos galegos do que sae vostede, que non é presidente da Xunta. Iso é o que lle molesta ao final, nada máis.

Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia, ocupa máis tempo na pantalla que o líder, ou un dos líderes, da oposición no Parlamento de Galicia, que é vostede. Entón, eu supoño que, se isto vai de cotas, tamén lle molestará que o presidente do Goberno, o señor Sánchez, saia na Televisión de Galicia máis do que sae vostede. Supoño que iso tamén lle molestará moito. E molestaralle que a señora Montero saia máis na Televisión de Galicia do



que sae vostede. E xa non digamos Salvador Illa, que sae moitísimo na Televisión Española e tamén sae moito na Televisión de Galicia. E ao mellor non lle molesta, porque eses din cousas moi interesantes; ao contrario do que vostede pensa que di o presidente da Xunta, que non merece saír — polo menos, non merece saír máis ca vostede —, porque o que di non lle interesa a ninguén, ou interésalle moito menos do que podería dicir vostede.

Ao final, vostede tráeme aquí, e plantexa, un debate de cotas de pantalla nada máis. Está claro que lle molesta saír menos, moléstalle que se fale mal — acábao de dicir — das cousas... non que se fale mal, senón que se digan as cousas nas que non acerta o Goberno do señor Sánchez. Claro, moléstalle que se digan na televisión pública de Galicia, porque na televisión pública de España non se pode dicir. Entón, se non se pode dicir na televisión pública de España, ¿por que se vai poder dicir na televisión pública de Galicia que o Goberno de España hai cousas que podía facer francamente mellor? Se non se pode nunha, ¿por que se vai poder...? Supoño que lle darán ese recado e vostede trasládao aquí; acábao de trasladar agora mesmo.

E o outro día vostede dáalle permiso ao presidente da Xunta para que saíra en dúas das tres roldas de prensa que fai semanalmente. Parecíalle a vostede ben que saíra despois da rolda de prensa do Consello da Xunta, parecíalle a vostede ben que saíra despois da reunión da Conferencia de Presidentes; non lle parecía ben que saíra despois da reunión do Comité Clínico. Non explicou por que lle parecía ben nunha, por que lle parecía mal noutras; pero, ben, deu permisos, ao final con esa arbitrariedade coa que vostede manexa todo este tema. E ese é o problema, señor Caballero. Isto vai de obxectividade; non vai de decisións políticas do que a vostede lle parece ben ou lle parece mal, non vai do que vostede cre que hai que censurar a uns para favorecer a outros. Isto vai doutra cousa: vai de profesionalidade. Polo tanto, eu pídolle que respecte os profesionais, como lle pido sempre que nos pide — e xa o fixo moitas veces — que interveñamos nos contidos informativos dos medios públicos galegos. Non o imos facer. Respecte estes profesionais. Aquí entendémolo así, e así imos seguir.

Mire, o de tú *déjame los telediarios a mí...*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...y para ti los ministerios, o vicepresidente das residencias...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente, terminou o seu tempo.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...que vostede sempre defendeu, aquí nunca vai pasar, por moitas veces que me traía aquí para contestarlles.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, terminou o seu tempo.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor vicepresidente, xustamente o que vostede aquí di é unha mostra de como o Partido Popular fai un relato falaz, un relato perverso do que é a realidade. Vostedes non respectan os profesionais dos medios públicos; vostedes interveñen nos medios públicos, vostedes marcan a liña editorial da TVG a través dos seus instrumentos de control dende o poder político, vostedes aplican a censura, vostedes non respectan a obxectividade, vostedes manipulan de forma continua na TVG. ¡Claro que o señor Feijóo ten que saír moito máis na TVG que calquera dos líderes da oposición política en Galicia! O que estamos dicindo, señor Rueda, é que na proporcionalidade e na dimensión é unha vergoña a utilización que fan da TVG, na que o presidente da Xunta pode saír seiscentas ou oitocentas veces máis que calquera líder da oposición. Incluso, sumándonos xuntos, hai días en que sae unha hora nunha rolda de prensa, despois sae en cinco ou seis pezas no telexornal, e vostedes limitan a aparición dos líderes da oposición a tempos de nove segundos, cando os sacan.

Pero non é un problema soamente de cotas; é un problema de realismo, de realidade, e vostedes aí non queren falar do que é a obxectividade, do que é a realidade do noso país.

Eu non dou permisos ao señor Feijóo para que dea roldas de prensa. Eu, desde logo, respecto que el as dea. O que dende logo critico e ao que me opoño é a que a TVG sirva a esta Galicia simplemente como un instrumento ao servizo de Feijóo, de que a queiran converter na *teFeijóo* do Partido Popular; nunha televisión sen pluralidade, sen veracidade, cunha liña propia da caverna mediática da dereita, para establecer un relato falaz. E dígolles máis: aínda que as cotas de audiencia son moi altas porque todos vemos máis a TVG porque estamos nas casas, a xente recoñece o que é o Partido Popular. E aínda que non falen dos recortes na sanidade, aínda que non falen do que ocorreu nas residencias de maiores, aínda que só falen da confrontación, ese resultado tan perverso e tan burdo que non vai dar resultado na súa estratexia de manipulación continua...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero, terminou o seu tempo.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...respecten os profesionais, non... *(O señor Caballero Míguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. Grazas.

Peche desta pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señor Caballero, vostede dixo: «eu respecto os profesionais da Televisión de Galicia». ¿Eu teño que recordarlle que foi vostede o que interrompeu un profesional dun medio público



para dicirlle que non lle estaban gustando as preguntas e que lle fixera preguntas das que lle gustaba a vostede responder? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que iso fíxoo vostede; non houbo ningún líder político, que eu recorde, en toda a historia dos medios públicos, que fixera iso. E vostede, ás primeiras de cambio, *pum*; «oe, non me gustan as preguntas que me estás facendo; faime preguntas das que a min me gusta responder». Se vostede cre que iso é respectar os profesionais dos medios públicos galegos, xa lle digo eu que non; pero non llo digo só eu, dixéronllo os propios profesionais, que fixeron unha queixa formal. E vostede supoño que, no seu foro interno, recoñecería que meteu a pata e demostrou que non os respecta; igual que non os respecta vindo aquí, unha vez tras outra, para dicir que fan información sesgada, a poñer en dúbida o que están facendo, a súa profesionalidade, o contido dos informativos, o que lle informan á xente. E non só non respecta os profesionais, que xa lle digo que vostede non lles ten ningún respecto; é que non respecta á xente. ¿A xente é parva? Acaba de dicir unha cousa que, en fin, a crerá vostede, ¿non?: a Televisión de Galicia vese moito porque a xente está na casa e ve a tele. Esa é a razón: non hai onde elixir; e se elixen ver máis os contidos informativos da Televisión de Galicia é porque son parvos, porque todo o mundo sabe que están manipulados pero, na súa opinión, non teñen máis remedio que ver a Televisión de Galicia. ¡Non poden escoller libremente o canal! Non ten nada que ver que houbera informativos da Televisión de Galicia, podendo elixir entre outros informativos igualmente respectables —eu si que respecto todos os profesionais de todos os medios—; pero a xente elixiu case darlle un 25 % de *share* a algún telexornal da Televisión de Galicia. Igual que, dos vinte e cinco programas con máis *share* no mes de abril, dez foron da Televisión de Galicia, e todos con contidos informativos.

Pero, ¡claro!, a xente é parva; porque a xente non sabe elixir; porque a xente, se soubera o que lle convén, estaría escoitándoo a vostede e, polo tanto, vería o que vostede di que hai que ver e non o que a xente cre libremente que hai que ver porque por aí se informa. Esa é a súa maneira de concibir todo isto, e iso é o gran fallo. Nunca vai entender que, igual que hai que respectar os profesionais que fan información —e vostede non os respecta—, hai que respectar a xente que ve esa información, que ten liberdade de elixir por onde informarse. E iso é o que lle fastidia. E claro que lle deu permiso ao presidente da Xunta o outro día e lle dixo aquí —e supoño que está nos diarios de sesións— que podía dar dúas roldas de prensa das tres, pero que a outra a vostede non lle parecía ben. Polo tanto, ¡home!, permiso non lle deu, porque vostede iso non o pode autorizar; pero, se puidera, faríao.

Mire, coa que lles está caendo... Emisións en cadea do presidente Sánchez que interrompen todos os programas de televisión, incluída a Televisión de Galicia, que o retransmite; protestas dos medios polas roldas de prensa absolutamente manipuladas onde só se poden... onde antes se seleccionaban as preguntas e, agora, en fin... Imos deixalo aí —estou falando das roldas de prensa do señor Sánchez—; recoñecemento de que se monitoriza a información para non desgastar o goberno, recoñecemento dun mando da Garda Civil, a ministra Celáa dicindo que non podemos aceptar que haxa mensaxes negativas para o goberno. Mire, todo iso acredito que non vai pasar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor...



O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...aquí respectamos aos profesionais...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...respectamos a información e faremos o posible...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...para que se siga respectando.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración pola Xunta de Galicia da coordinación no Centro de Coordinación Operativa das actuacións da Administración autonómica, do mando único estatal e das entidades locais galegas durante a emerxencia sanitaria provocada pola covid-19

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, a Lei de emerxencias de Galicia do ano 2007 permite poder acordar a declaración de emerxencia de interese galego, e ante a evolución da situación en Galicia que motivou a declaración de emerxencia sanitaria a causa da covid-19, o Consello da Xunta activou o pasado 13 de marzo o Plan territorial de emerxencias de Galicia no seu nivel de interese galego, que implicaba a consecuente asunción de todas as actividades de emerxencia polo presidente da Xunta, e así tamén a activación do plan implicou a constitución do Centro de Coordinación Operativa do plan, no que se integra o delegado do Goberno de Galicia. Tal é como se indica nese plan, o Cecop constitúese como órgano onde se recibe a información e onde se realiza a dirección e coordinación de todas as operacións propias do Platerga, a xestión de todos os medios e a coordinación entre plans de distintos niveis, constituíndo o posto de mando director do plan.

Posteriormente, o Goberno de España, o 14 de marzo, a través do Real decreto 463/2020, declarou o estado de alarma para xestionar a situación da crise sanitaria ocasionada pola covid-19 e o Cecop adoptou moitas decisións con base na coordinación con estas outras institucións. Eu felicítooo pola transparencia de todas esas decisións, que foron publicadas no *Diario Oficial de Galicia* o 15 de marzo, o 22 de marzo, o 24 de marzo, o 31 de marzo, o 17 de abril, o 29 de abril, o 5 maio e o 6 de maio, por diferentes cuestións: persoas sen fogar, demandantes de emprego, axudas para vivenda, liquidez de autónomos e pemes, solo empresarial, matrículas de educación, etc.

Todas estas publicacións do *Diario Oficial de Galicia*, señor vicepresidente, amosan o compromiso da Xunta de Galicia coa transparencia, que contrasta coa suspensión do Portal de



Transparencia por parte do Goberno de España ou mesmo coa opacidade que amosa ocultando os nomes do comité de expertos que están informando da desescalada á carta que está facendo o Goberno de España, a pesar de estar obrigado por diferentes leis a dar e facer públicos os nomes dese comité de expertos. Pola contra, a Xunta de Galicia, efectivamente, fixo públicos os nomes do comité de expertos dende o primeiro día. Toda Galicia coñece ese comité, menos o Partido Socialista, que acaba de rexistrar unha pregunta nesta Cámara supoño que para aparentar que lles preocupa a transparencia na oposición, pero practican o escurantismo dende o Goberno, e acabamos de escoitar aquí falar de interferencia política, manipulación, etc.

Por iso queremos preguntarlle, señor vicepresidente, que valoración fai a Xunta de Galicia da coordinación do Cecop, das actuacións da Administración autonómica, do mando único estatal e das entidades locais galegas durante a emerxencia sanitaria provocada pola covid-19.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, efectivamente, o Cecop foi unha boa idea. É un bo instrumento, que está funcionando, e o tempo —xa van dous meses e sete reunións— está demostrando que foi un acerto desde o principio e que, ademais, serviu para deixar claras unha serie de cousas.

A primeira é que, efectivamente, o Goberno da Xunta, o Goberno de Galicia, se adiantou á hora de tomar decisións. Eu quero recordar que o Cecop se creou por un acordo do Consello da Xunta o venres anterior a que se decretara o estado de alarma, que entrou en vigor un domingo a nivel nacional. Pois o mesmo sábado o Cecop, mentres duraba ese Consello de Ministros eterno —case once horas de deliberacións—, xa celebrara a súa primeira reunión e xa tomara decisións. Mentres os ministros e ministras do Goberno central seguían discutindo —non sabemos exactamente do que e durante once horas—, nós estabamos tomando decisións, e tomáronse moitas máis. Foron sete reunións desde entón, coa presenza de todas as consellerías da Xunta de Galicia implicadas, dos seus cargos directivos, coa presenza da Delegación do Goberno —sempre presente tamén nesas reunións— e coa representación de todas as entidades locais de Galicia (concellos e deputacións) a través do seu presidente, que ademais asistiu presencialmente a todas as reunións, o cal lle queremos agradecer e recoñecer.

A proba da súa utilidade, de que debemos estar facendo as cousas ben a través do Cecop, é que a propia Delegación do Goberno, que tiña a posibilidade de constituír este órgano dende a delegación, decidiu non facelo, e creou un Cedor, máis centrado na normativa de orde pública e no cumprimento das normas de confinamento. Con todo, o Cecop, como coordinación



entre todas as administracións, é o que existe, foi creado pola Xunta de Galicia e —insisto— coa participación da Delegación do Goberno.

A partir de aí, puxémonos a traballar en moitísimas cousas. Hai moitísimas medidas que xa son de aplicación agora mesmo, que eran necesarias e que se foron tomando. Unha delas foi o establecemento dun sistema coa propia Fegamp para subministrar EPI aos concellos, que empezou ao principio da pandemia e que segue no día de hoxe, articulado desde o Cecop. Outra medida é a coordinación nas tarefas de desinfección, que foron moi intensas, sobre todo ao principio, e nas que participaban as forzas armadas e os efectivos de emerxencia dos concellos e da Xunta, todos coordinados desde o Cecop. Outras medidas son a subministración de medios tecnolóxicos no ensino, a determinación do funcionamento dos locais de hostalería que ían seguir abertos...

En definitiva, plantexáronse moitísimas cuestións e fixemos unha cousa moi importante despois, que foi darlles publicidade e transparencia, porque isto é necesario. Ante a confusión que se xerou —despois na réplica falarei algo máis diso— e ante a necesidade de saber exactamente con certeza que é o que se podía facer e o que non, que se podía adaptar á realidade galega e como había que adaptalo, o Cecop foi fundamental. Déuselles publicidade aos acordos e fixemos un exercicio de transparencia que creo que era moi necesario, ademais vendo —como vostede dicía— o apagón informativo respecto de moitas cousas que tivo o Goberno central.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica, a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Resulta evidente, señor vicepresidente, que a Xunta de Galicia e o Goberno galego si que aplican a cogobernanza. Vostede acaba de falar aquí dun órgano no que participan todas as consellerías, a Delegación do Goberno e todas as entidades locais representadas na Fegamp, a diferenza do Goberno de España, que adopta as decisións de xeito absolutamente unilateral, sen ter en conta as comunidades autónomas, que normalmente se enteran polo *Boletín Oficial do Estado*, pola televisión ou mesmo, nalgún caso, pola conta de *Twitter* dalgún destacado membro socialista.

Tamén é moi interesante ler esas contas de *Twitter* porque nos van revelando como son os socialistas de Galicia. Liamos o outro día o que dicía o señor Arangüena: «*Si en esta crisis el Gobierno tuviese que consensuar sus decisiones con las diecisiete comunidades autónomas, como quieren los varones del PP, incluido Feijóo, y los nacionalistas, es obvio que no se decidiría nada*». A parte positiva que vexo eu deste tuit é que nos amosa cal é o verdadeiro espírito do Partido Socialista de Galicia, que é o centralismo e a defensa a ultranza do Goberno do señor Sánchez e de todas esas decisións tan erróneas, confusas, descoordinadas e demais que están adoptando.

Nós pensamos o contrario, señor vicepresidente. Pensamos que se o Goberno de España practicara a cogobernanza e o delegado do Goberno en Galicia confrontara menos e practi-



cara máis a lealdade institucional coas decisións do Cecop, das que el mesmo é partícipe — como vostede acaba de dicir —, pois non se darían as situacións esperpénticas que vemos; situacións como as que se dan no tema dos núcleos, que aínda hoxe non aplica a alcaldesa socialista de Redondela, ou a dos mercados, que foron tamén obxecto de críticas por parte dos sindicatos labregos e polas que pediron mesmo a dimisión do señor delegado do Goberno, ou tamén agora a pesca, pois parece producir máis risco que unha persoa vaia pescar a un río de Galicia que tomar unha cana nunha terraza.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Terminou o seu tempo.

A señora PRADO DEL RÍO: O señor delegado do Goberno non di nada da decisión do Cecop, pero logo manda a Garda civil aos mercados... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Para o peche desta pregunta, o señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, señora Prado, «cogobernanza», esa é a clave, e así o entendemos. Eu creo que hai que facer as cousas así. Xa dicía que ao Cecop o que facemos é levar moitas inque-danzas, moitas reivindicacións, porque a xente hai que escoitala tamén. A xente ten moitísimas dúbidas nunha situación nova respecto das normas do mando único, que nunca discutimos.

O Cecop baséase na capacidade do mando único do Goberno central, e iso deu lugar a moitas disfuncións —agora poñeríelles algún exemplo—. Pero, ao final, a xente trasladanos as inque-danzas á Xunta de Galicia e nós trasladámollas ao Cecop e dámoslle a interpretación —sempre avalada pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e sen contradicir o mando único— de como cremos que tiña que ser a aplicación en Galicia, simplemente para facerlle a vida máis sinxela á xente. Plantexámolo alí e, se o Goberno central nos di que non —ás veces, sen moita razón—, pois ten que ser que non. Niso consiste a cogobernanza, en intentar plantexar solucións. Ás veces, quen tiña que autorizar esas solucións que parecen lóxicas di que non, despois desdise —xa estamos acostumados tamén a iso— e onde dicía que non —perdéronse días preciosos—, ao final era que si, como dicía a Xunta de Galicia desde o principio.

Iso pasounos no Cecop moitas veces. Pasounos respecto dos mercados. ¡Cantos días se per-deron! Ademais, vimos que noutras comunidades autónomas os mercados tradicionais dos produtos agroalimentarios estaban funcionando. Aquí nós plantexabámolo no Cecop e di-cíase nos que non —é certo que sen moitas razóns: non porque non—, e despois resulta que era que si, pero pasaran moitos días. Ou respecto do tema das franxas horarias —que vostede



recordaba—, que tivemos que pedilo catro veces e, ao final, tivo que ser o presidente da Xunta quen se dirixira ao presidente do Goberno, primeiro na Conferencia de Presidentes e despois por carta, para implantar unha medida absolutamente lóxica. No día de hoxe, aplícanos, de 313 concellos, 310. Hai tres que din que non as poden aplicar. Deben ser os tres que acertan, e os outros 310, que lles están dando liberdade aos seus veciños e garantindo as medias sanitarias, deben ser os errados. E así con moitísimas cousas que non teñen moita razón de ser. Son posturas do Goberno que intentamos acompañar, para facilitarlle a vida á xente, a través do Cecop.

Agora mesmo temos dúas cuestións enriba da mesa que, dende logo, imos seguir planteando. Unha é a posibilidade de practicar a pesca deportiva e a caza. Primeiro podíase, agora non se pode e non nos din por que non se pode. O Goberno permitíaa na fase 0 e non as permite na fase 1. Nós no Cecop intentaremos, primeiro, recoller a reivindicación de miles de galegos e galegas que están preguntando por que non se pode. Polo tanto, levaremos os argumentos xurídicos e intentaremos convencer a Delegación do Goberno. Espero que non sexa a mecánica doutras veces, onde se di que non sen dar ningún argumento e despois teñen que emendar a plana, pero mentres pasaron eses días sen poder facer nada e sen ningunha razón. A segunda é a que ten que ver con poder cambiar de municipio coa práctica deportiva —tamén bastante inexplicable—, algo para o que non se nos dá ningunha razón e polo que moitísima xente se está dirixindo á Xunta de Galicia. Dado que nin o Goberno central nin a Delegación os está escoitando, volveremos plantexalo, e intentaremos seguir poñendo solucións á vida dos galegos a través da cooperación. A cogobernanza é lealdade, non é ordeno e mando. Así o entende a Xunta de Galicia.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Grazas.

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre as razóns polas que o Goberno galego non ten posto en funcionamento axudas directas a autónomos que tiveron que pechar as súas actividades por mor da crise sanitaria

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Bo día, señor conselleiro.

A nosa pregunta é moi sinxela, tena xa vostede por escrito: ¿por que o Goberno galego no día de hoxe aínda non activou axudas directas aos autónomos? Esta é unha preocupación de toda a cidadanía galega. ¿A que están agardando? É así, sinxela, directa, porque a xente que leva dous meses cos seus negocios pechados —¡nada máis e nada menos que dous meses!—, sen poder ingresar un só euro, non pode entender que o Goberno galego siga mirando cara a outro lado. A xente traballadora, que se levanta cada día ás seis ou ás sete da mañá para poñernos os cafés, para sacar este país adiante, para abrir pequenos comercios que sosteñen as nosas vilas e cidades, non entende por que o Goberno galego os abandonou á súa sorte.



Moitas das 206.411 persoas que tiñamos dadas de alta no réxime de autónomos neste país, segundo os datos do último mes, miran con preocupación cada día a prensa buscando algunha noticia, e o Goberno galego, silencio. Centos de miles de familias afectadas directamente pola crise da covid-19 precisan que este, o seu goberno, faga algo, porque os bares, os restaurantes, os comercios, librerías, perruquerías, ximnasios, centros de ocio..., todos eses comercios que están padecendo en primeira liña a crise sanitaria, tiveron que pechar as súas portas, pero tiveron que seguir pagando alugueiros, facturas de luz, baixos comerciais, auga, cotas de traballadores que tiñan dos meses previos, provedores, etc. As facturas non se deteñen e fan moi difícil non só a continuidade dun montón de negocios fundamentais, que son un pilar fundamental da economía deste país, senón a propia subsistencia familiar.

Señor conselleiro, o que non entenden eles—nin, honestamente, creo que ningunha persoa pode entender— é que o Goberno galego estea sen facer nada mentres todos os gobernos autonómicos restantes estean poñendo enriba da mesa euros directos, axudas directas, para financiar esta situación. Teño que insistir nisto: non se pode entender que o Goberno galego aínda non activase axudas directas. Son o único goberno. Igual por iso xa en marzo perdemos nada máis e nada menos que 1.100 traballadoras e traballadores por conta propia, máis 1.629 en abril. ¿Cal é a cifra que consideran adecuada? ¿Ata cando están dispostos a aceptar? ¿Cal é a cifra que poden asumir sen facer absolutamente nada?

Do outro lado, temos gobernos que están actuando, que se están implicando e que están por enriba de todas as cores políticas: dende os 400 euros que plantexou o Goberno de Asturias aos 2.000 de Cataluña, aos 3.000 de Euskadi ou aos 1.500 da Comunidade Valenciana, por poñer algún exemplo. Aquí, nada. O único que fixeron foi poñer enriba da mesa máis posibilidades de endebedamento. E despois. ¿como van seguir pagando esas débedas xigantescas? Por riba, vemos que nin iso, porque hoxe mesmo temos que comprobar que o seu goberno, segundo os seus datos, só foi quen de pagar o 15 % de todos os préstamos do Igape.

Nunha situación crítica como esta, ¿só son capaces de poñer enriba da mesa e xestionar o 15 % das axudas? ¡É un escándalo! As dificultades que atravesamos o sector, señor Conde, sabe vostede que son enormes. Cada día que pasa chegan tarde.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Terminou o seu tempo.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

Déanlle voz ao escano do conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Chao, eu agradézolle moito esta pregunta, porque a situación dos autónomos é especialmente relevante dende o punto de vista cuantitativo na nosa comunidade autónoma,



xa que o 58 % de todo o tecido empresarial de Galicia o conforman empresas lideradas por persoas físicas, polo tanto, son unha parte fundamental do noso tecido, pero tamén pola vertebración que teñen as súas actividades económicas no territorio.

Por iso, cando traia ao debate a situación dos autónomos, creo que debería de facelo dunha forma global e, polo tanto, con todas as actuacións que este goberno está desenvolvendo cos autónomos. Porque eses apoios están establecidos nunha estratexia que vimos desenvolvendo dende o ano 2016, ano tras ano. Unha estratexia que nós estamos adaptando e enriquecendo a través da Mesa dos Autónomos e que este ano, señora Chao, nos permitiu convocar por anticipado de gasto un paquete de 24,5 millóns de euros, que xa están á disposición dos autónomos e que, polo tanto, están permitindo que máis de sete mil autónomos e ao redor de cincocentas corenta e cinco pequenas empresas poidan abrir o seu negocio, poidan consolidar o seu negocio, poidan conciliar a vida laboral e familiar, poidan tamén retomar unha idea de negocio se nun primeiro intento lles saíu mal.

En definitiva, anticipámonos, señora Chao. Anticipámonos e seguramente debería de facer esa comparativa, e encontraría que Galicia nestes momentos ten á disposición dos autónomos dez liñas de axuda, e seis delas van estar abertas ata o 30 de setembro. É unha actuación de apoio integral aos autónomos.

Ese apoio estámolo estendendo loxicamente no marco da situación que xurdiu coa covid-19. Polo tanto, estamos desenvolvendo novas medidas; medidas que tamén supoñen axudas directas, porque os 24,5 millóns de euros, señora Chao, son axudas directas aos autónomos. Como sabe, a medida de liquidez que nós poñemos á disposición dos autónomos, 250 millóns de euros, leva incorporada unha axuda directa, porque a bonificación dos tipos de interese permite que o custo sexa cero para os autónomos, a diferenza do que ocorre tamén noutras comunidades autónomas.

E xa que me interpela, dígolle que o Igape ten resolto o cen por cento de todos os expedientes que lles trasladou tanto ás entidades financeiras como ás sociedades de garantía recíproca nesta liña de préstamos. ¡O cen por cento, señora Chao! Outra cousa moi distinta é que as propias entidades financeiras e as sociedades de garantías recíprocas teñen que tramitar estes préstamos, teñen que autorizalos, pero o Igape ten aprobado o cen por cento de todas estas axudas.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Levamos toda a mañá asistindo a un espectáculo difícil de cualificar por parte dun goberno que polo visto non ten competencias absolutamente para nada, o único que viñeron hoxe a este parlamento é dicir que todo é culpa do Goberno central, pero que vostedes non teñen competencia para nada. E aquí un salto máis: vostede debeu ser quen de prever a crise da covid, que xa tiñan feito todo o que había que facer para apoiar os autónomos e autónomas deste país. Señor Conde, por favor, sexa un pouco rigoroso.



Invitábame a facer unha comparación, e podemos facela, claro que si. Podemos comparar a situación das sesenta e oito mil persoas que en Galicia están cobrando unha prestación para a situación dos autónomos grazas ao Goberno do Estado, e podemos comparala con cantas son as persoas que están recibindo unha axuda directa por parte do Goberno galego. ¿Cantas son? Cero; cero, porque non hai. Vostede falta á verdade, xa que non puxeron nin un só euro para axudas directas aos autónomos, para afrontar toda esa serie de gastos que enumeraba antes, para poder pagar as facturas de luz, para poder pagar os alugueiros comerciais; cousa que están facendo por todo o Estado.

Igual estaría ben que vostedes botaran unha ollada ao seu arredor, estaría ben que tomaran nota de gobernos afíns a vostedes, porque é que isto é o curioso, pois mesmo gobernos seus están aplicando axudas directas. Fíxese, por exemplo, en Madrid, onde alí gobernan vostedes grazas aos seus *amiguitos* ultras de Vox: 3.200 euros de axudas directas, ou Andalucía, onde tamén gobernan grazas aos seus amigos ultras, axudas de 300 euros. Pero temos os casos de Castela-La Mancha, con axudas directas de 427 euros; Cantabria, con axudas semanais de entre 100 e 300 euros. Ou axudas que están promovendo —sábeo perfectamente— concellos, facendo un sacrificio enorme. Hai concellos de todo o Estado, concellos galegos tamén, que están facendo un sacrificio enorme para poñer enriba da mesa axudas directas, porque saben que as persoas traballadoras por conta propia é o que máis precisan neste momento.

E aquí silencio, nin están, nin se lles espera. Ou é incompetencia ou é desinterese. En todo caso, é evidente que non están á altura do momento.

Mire: hai semanas que fixemos propostas concretas nesta materia, e vostedes ignoráronas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Rematou o seu tempo. Grazas.

Peche desta pregunta, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señora Chao.

Rigor, un verbo moi interesante na súa intervención. Seguramente vostede debería de saber que se actuase na súa intervención... (*A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) Imos co rigor semántico, polo tanto, e imos recuperar a súa intervención.

Efectivamente, falábame vostede de rigor. Seguramente debería de saber, e sábeo loxicamente, que as competencias en materia de políticas pasivas son do Estado. Non é razoable que vostede lle veña pedir a unha comunidade autónoma que asuma as competencias que non lle competen. O que si lle compete á Xunta de Galicia, loxicamente, é traballar en favor dos autónomos, que é o que estamos a facer.

A capacidade da Xunta de Galicia para poder anticiparse á situación e ás necesidades dos propios autónomos tenlles permitido que nestes momentos sexan 24,5 millóns de euros de



axudas, das que se están beneficiando e que lles están permitindo ata o mes de setembro poder acudir a elas.

Seguramente vostede, xa que me fala de rigor, sería bo que tivese unha visión moito máis ampla da realidade que estamos a sufrir en Galicia coa covid. E eu invitaríaa a que se sumara seguramente á petición feita ao Goberno para que cambiara o criterio á hora de repartir o fondo dos 16.000 millóns de euros para as autonomías, porque se centrase os seus esforzos en apoiar este goberno, os autónomos terían maior capacidade de axuda.

Igual que sería moi bo que apoiasen este goberno para que o Goberno central non confiscase os fondos de formación, que tamén son fondos que se lles aplican aos autónomos e que lamentablemente a política do Goberno que vostedes apoian pois nestes momentos estalle impedindo á Comunidade Autónoma poder concederlles axudas á formación aos autónomos, precisamente porque vostedes lle confiscaron a Galicia cen millóns de euros para poder desenvolver estas actividades.

En calquera caso, eu trasladeille claramente que lles estamos concedendo axudas directas aos autónomos. Claro que si, bonificación do cen por cento dos tipos de interese, que están permitindo que nestes momentos os autónomos tamén reciban axudas; reciban axudas non só na bonificación do tipo de interese, senón tamén axudas para a obtención de máscaras ou, por exemplo, o desenvolvemento de guías de prevención laboral.

Somos plenamente conscientes, señoría, de que son axudas que temos establecidas e que lles están permitindo aos autónomos asumir esta situación, e somos perfectamente conscientes de que son insuficientes. Por iso estamos traballando nun paquete adicional de axudas directas tamén aos autónomos no eido do comercio e no eido do turismo, que traeremos tamén a esta cámara e que lles permitirán aos autónomos afrontar as necesidades que teñen.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Pero creo que sería bo que vostede apoiase este goberno precisamente nas políticas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(O señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria pronuncia palabras que non se perciben.)

Rematou o seu tempo. Grazas.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración polo Goberno galego da actuación do Goberno central en relación coa situación das industrias electrointensivas

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Miguel Ángel Tellado, do Grupo Parlamentario Popular.



O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Permítame, conselleiro, que comece a miña intervención pedíndolle que traslade ao persoal da Consellería de Economía e Industria a nosa felicitación, a felicitación do Grupo Parlamentario Popular, polo traballo desenvolvido ao longo de todas estas semanas para tramitar máis de trinta mil solicitudes de expedientes de regulación temporal de emprego que afectan máis de douscentos mil traballadores galegos. Polo tanto, nós temos que felicitarse ese traballo desenvolvido polo persoal da Consellería.

E quixera felicitarse tamén a Consellería de Economía e Industria por adoptar esa decisión de anticipar o pago das prestacións dos ERTE que o Goberno de España, sexa cal sexa o problema, non era quen de pagar a tempo. Adianto de ata dúas mensualidades, do que xa se benefician máis de tres mil familias galegas. Dende logo, eu creo que iso é o verdadeiramente importante.

O importante non é quen o paga, porque as prestacións non as pagan os gobernos, como pensa algún líder interino da oposición. As prestacións quen as paga é o Estado. O importante é que goberno resolve os problemas das persoas, e ese goberno no caso dos ERTE foi o Goberno galego.

Por certo, grazas á figura dos ERTE, tan demonizada pola esquerda galega e española; esa figura dos ERTE tan demonizada aquí pola esquerda no Parlamento galego; esa figura introducida na lexislación laboral española pola reforma laboral do Goberno de Mariano Rajoy. ¿Quen lle ía dicir á esquerda deste país que esa reforma era a que ía permitir agora atender tantos traballadores españois neste momento?

Nós queremos falar de traballo, de emprego, porque estamos profundamente preocupados pola situación dos máis de cinco mil traballadores da industria electrointensiva galega. Estamos preocupados porque levamos moito tempo falando deste asunto, e o Goberno non aporta ningunha solución.

Dende hai máis de ano e medio, as industrias electrointensivas galegas agardan por unha resposta do Goberno de España, e co que se atoparon é deixadez absoluta. Dende hai máis de ano e medio sucedéronse anuncios, palabras, visitas. O feito é que o Goberno de España aínda non fixo absolutamente nada.

Pasaron o ano 2019 cun estatuto como promesa electoral. Pero de promesa non pasou, seguiu sendo promesa electoral todo este tempo. Prometeron para abril de 2019, logo non foi, tampouco foi en xuño, nin en setembro, nin en decembro, nin sequera en febreiro. En febreiro presentaron un borrador, un borrador que foi rexeitado pola industria electrointensiva e polos traballadores. Dende ese momento, Galicia, Asturias e Cantabria presentaron alegacións conxuntas. O que demostra que isto non é un problema partidista, senón que é un problema de compromiso coa industria. De momento, o Goberno aínda non fixo nada.



Señor conselleiro, queremos saber cal é a valoración que fai o Goberno galego sobre a situación na que se atopa a industria electrointensiva e ante a falta de actuacións por parte do Goberno de España.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor Tellado, por traer a esta cámara un tema tan importante como é a situación da industria.

O contexto que temos que afrontar co coronavirus pon de manifesto a importancia da fortaleza das economías que teñen no seu tecido industrial o seu referente. Polo tanto, todo o que significa apostar pola industria significa apostar polo emprego e significa apostar polo desenvolvemento económico e social.

Lamentablemente, estámonos atopando cun goberno que lle está dando as costas á industria e que, polo tanto, non está afrontando as necesidades que ten o tecido industrial, non só en Galicia, senón tamén en España. Estao a facer no eido enerxético, ao asinar convenios en contra da posición das comunidades autónomas, deixando a un lado os propios territorios e as propias competencias que temos en materia enerxética as comunidades autónomas. Estao a facer co sector naval, ao incumplir os compromisos adquiridos para fortalecer a posición de Navantia e que teña a capacidade para poder construír un buque de aproximamento loxístico mentres non se inicia a construción das fragatas. E estao facendo tamén, lamentablemente, no eido do sector electrointensivo.

Un compromiso de aprobar un estatuto para os consumidores electrointensivos que leva ano e medio incumprindo este goberno e que, lamentablemente, non temos ningún horizonte claro de cal vai ser a súa decisión. Non temos claro se o Goberno vai asumir as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia, polo propio sector, polo resto de comunidades autónomas, que fixemos unha fronte común precisamente para trasladarlle ao Goberno a importancia de que ese estatuto non só se aprobase, senón o máis importante é que se aprobase un estatuto que estableza un prezo competitivo para a industria electrointensiva.

Non lle pedimos xa un estatuto ao Goberno, pedímoslle un prezo competitivo para que en España poidamos seguir producindo aluminio primario. E iso pasa necesariamente por aprobar unha serie de medidas e un compromiso que nestes momentos o Goberno non quere asumir. Polo tanto, tememos que, se non se dá unha resposta clara e o Goberno non reacciona, podemos atoparnos coa destrución da produción de aluminio primario en España e —o que sería peor— podemos atoparnos co peche de Alcoa en San Cibrao e podemos atoparnos con que os traballadores de Alu Ibérica non terán futuro unha vez que venza o prazo de dous anos que se marcou co acordo que alcanzaron tanto Parter como Alcoa. Polo tanto, eu espero que o Goberno asuma os seus compromisos, que o Goberno estableza un documento final do estatuto que recolla as alegacións do sector e das comunidades autónomas, que, polo tanto, o Goberno lle dea un futuro ao sector electrointensivo en Galicia e que lles



dea un futuro aos traballadores e ás dúas mil familias que nestes momentos en San Cibrao dependen dunha decisión do Goberno de España.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica do señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Viña na prensa de onte: «A Asociación de Empresas con Gran Consumo de Enerxía alerta de que este ano estas empresas en España van pagar 20 euros máis por megavatio/hora que as empresas de Alemaña ou que as empresas de Francia», 20 euros máis por megavatio/hora aquí, en España.

¿Que lle pedimos ao Goberno de España? Pois pedímoslle basicamente que faga exactamente o mesmo que fixeron os gobernos de Francia ou Alemaña. Se os gobernos de Francia e Alemaña o puideron facer, o Goberno de España tamén; e, polo tanto, se non o fai —e alégrome de que estea presente o señor Caballero—, é porque non quere, sencillamente porque non quere. Non é porque non poida, porque hoxe o Goberno ten máis poder ca nunca coa declaración do estado de alarma, e, polo tanto, se non lles rebaixa o prezo da electricidade ás industrias electrointensivas de España, é simplemente porque non quere, porque non ten a sensibilidade necesaria para resolver ese problema, porque as súas prioridades son outras e non os traballadores galegos da industria electrointensiva.

Dende que Pedro Sánchez chegou ao palacio da Moncloa mantivo unha axenda de desindustrialización de Galicia. Primeiro en solitario, é verdade, e logo coligado cos seus socios, que comparten bancada de esquerda aquí no Parlamento de Galicia, con Podemos e tamén co apoio cómplice do Bloque Nacionalista Galego.

Non hai industria importante en Galicia que non sentise o ataque do Goberno de Pedro Sánchez. Primeiro foi o automóbil, logo foi o forestal, logo foi o conserveiro, logo o naval, logo as térmicas e agora as electrointensivas. O lóxico sería que o Goberno de Pedro Sánchez, ante a crise da covid, recapacitase, rectificase e deixase á parte a súa política industrial equivocada. Sen embargo, o que atopamos é que persiste no erro, insiste na equivocación, e no camiño quere tombar toda a industria electrointensiva de Galicia. O Goberno de Sánchez quere ter todo o poder absoluto co estado de alarma perpetuo. Nós o que lle pedimos é que utilice ese poder para resolver o problema dos traballadores de Alcoa. Se Alcoa na Mariña pecha... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Rematou o seu tempo.

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.



O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Efectivamente, señor Tellado, non lle estamos a pedir nada ao Goberno de España que non estean a facer outros gobernos a nivel europeo. Estámoslle a pedir que lles traslade as mesmas condicións que teñen as empresas electrointensivas de Francia, de Italia ou de Alemaña ás empresas españolas. Polo tanto, non é un problema de competencia na Unión Europea, non é un problema orzamentario, é simplemente unha decisión de carácter político, de apostar ou non pola industria electrointensiva en España. E tanto as asociacións de grandes consumidores de enerxía como as comunidades autónomas e os propios traballadores témoslle trasladado ao Goberno que ese borrador do estatuto que presenta é insuficiente. É insuficiente porque non establece un prezo competitivo entre 25 e 30 euros/megavatio, porque non ofrece tampouco un sistema de poxa como ten Italia, por exemplo, que permite que cada tres anos se poida celebrar pero que ademais convoque outras poxas máis pequenas a principios de cada exercicio para poder completar os incentivos. E tampouco é suficiente porque está a discriminar claramente a industria electrointensiva, e estalle supoñendo neste caso a Galicia que vaia pasar de 13 a 31 empresas beneficiarias, cando en España, señorías, os beneficiarios van pasar de 119 a 612. Hai claramente unha política de discriminación de determinadas industrias e de determinados territorios. A decisión do Goberno de España favorece a Cataluña e ao País Vasco, e prexudica claramente a Asturias e Galicia. Debería explicar o Goberno por que está tomando esta decisión.

Polo tanto, o que lle pedimos é que o Goberno dea prioridade á industria, que evite o dismantelamento e que tome unha decisión sobre o Estatuto de consumidores electrointensivos para garantir que en España, en Galicia, en Asturias, se poida producir aluminio primario. Iso significa ter un prezo en igualdade de condicións como teñen noutros países, como Francia e Alemaña, e significa, polo tanto, tomar decisións.

Eu lamento que dous ministerios, a ministra de Industria, Comercio e Turismo e a ministra de Traballo, lles estean dando as costas á industria e ao emprego, que non haxa unha decisión clara de aposta pola industria e polo emprego, e que, polo tanto, non se lle permita a Alcoa-San Cibrao ter un escenario de certeza para garantir a súa competitividade e manter os empregos, e que non se lles traslade aos traballadores de Alu Ibérica un escenario claro para que a partir de xuño do ano 2021 poida continuar a produción de aluminio primario en España.

Pedímoslles, polo tanto, á ministra de Industria, Comercio e Turismo e á de Traballo que rectifiquen e que fagan esa aposta pola industria e polo emprego.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego ante posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus SARS-CoV-2 tanto en termo inmediato como nunha segunda onda de contaxios

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Caballero Míguez.



O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor conselleiro de Sanidade, queriamos preguntarlle á Consellería polas súas previsións en relación coa crise da covid e a evolución do virus na cidadanía en Galicia.

O establecemento do estado de alarma implicou un confinamento no conxunto do Estado que, a través da limitación dos movementos e tamén da paralización da actividade económica, impediu que o virus circulase ao ritmo de crecemento que estaba levando. Iso permitiu que en Galicia o virus circulase pouco, así o din os propios expertos e membros do comité clínico que asesoran a Xunta de Galicia. Algúns falan de que nalgunha área sanitaria pode estimarse que circulou en tres ou catro días, e algún outro sinala que houbo quince días de atraso na chegada do virus a Galicia respecto doutras comunidades, e que xustamente ese atraso permitiu que a aplicación do confinamento do estado de alarma non permitise que o virus circulase a un ritmo crecente, como ocorreu noutras partes do territorio.

Queriamos, xustamente nesa liña, preguntarlle á Consellería de Sanidade cal é a súa previsión. En primeiro lugar, queriamos saber se a posición política do Goberno da Xunta de Galicia en relación co estado de alarma, a oposición que o presidente Feijóo mantén ao estado de alarma —mecanismo constitucional previsto para poder respostar a unha crise sanitaria e unha epidemia—, é algo que está baseado no comité clínico, na decisión dos expertos, ou se é unha decisión política, xa que o presidente da Xunta fala de que non ten que ver cos mecanismos dos dereitos de saúde e garantías sanitarias, aos que obriga á situación existente. E nesa liña tamén queredamos ter máis información sobre o que está ocorrendo con ese estudo epidemiolóxico impulsado por iniciativa propia por parte da Xunta de Galicia, respecto do que hai tanto rexeitamento por parte de profesionais sanitarios, xa que os indicios que se están dando están amosando nalgúns momentos dúbidas sobre a fiabilidade dos resultados, e hai a idea de que hai un nivel de inmunidade colectiva realmente moi, moi reducido.

Podería vostede aportar algunha luz sobre que é o que está ocorrendo coa epidemia e, en función disto, dicir cal é a previsión que se ten para as próximas semanas e meses. Cando vostedes falan da desescalada, do desconfinamento, ¿con base en que informes do comité clínico, do comité de expertos, sobre a evolución da pandemia en Galicia fan as súas reflexións?

¿Cre vostede que o comité clínico que asesora a Xunta de Galicia vai poder determinar en que semana do verán hai máis normalidade para poder celebrar unhas eleccións en Galicia? ¿Hai algún informe clínico ou científico que poida predicir cal é o nivel de risco que existe para un rebrote en función da semana do verán?

É importante desligar, señores do PP —que xa sei que lles incomodan estas cuestións—, a posición política do Partido Popular da xestión da pandemia dende os órganos responsables e dende a Consellería de Sanidade, e pedímoslle que dea información do comité clínico e da evolución epidemiolóxica máis alá das directrices do PP.

Grazas, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.



Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bos días, señor presidente, señores deputados.

A pandemia provocada polo coronavirus causante da covid-19 é a peor crise sanitaria pública e global dos últimos cen anos. O coñecemento sobre este virus e o seu comportamento, aínda que avanza moi rapidamente, é limitado. O curso da futura pandemia neste momento é altamente impredecible. Imos coñecendo con máis detalle como se produce a transmisión e podemos facer comparación con outros axentes infecciosos, buscar similitudes que poden ocorrer ao longo destes anos. Pero quero dicirle que as oito grandes pandemias dos últimos douscentos anos non seguen un patrón semellante.

Investigadores americanos describen varios escenarios. Segundo o modelo da pandemia de gripe de 1918, podería ocorrer unha segunda onda, maior que a que pasamos, en outono ou inverno. Outro escenario posible son ondas máis pequenas que se reproduzan ao longo deste ano e tamén do 2021.

A realidade é que, ata que se inmunice unha porcentaxe alta da poboación, superior ao 50 % ou 60 %, de forma natural ou mediante vacina, loxicamente a espada de Damocles estará sempre aí.

Aínda que hai moitos grupos de investigadores traballando no descubrimento desa vacina, sabemos que é moi difícil que en breve período poida estar dispoñible. Hai que facer os estudos de seguridade, hai que ver se é efectiva en persoas maiores de 50 anos, en persoas máis susceptibles, e logo un proceso de produción. Fálase de, como mínimo, un ou dous anos.

O mesmo podemos dicir dos tratamentos. Tamén neste campo se están producindo novos coñecementos que melloran as expectativas das persoas afectadas. Recordamos que o virus do VIH foi descrito dous anos despois da aparición dos primeiros enfermos, e sen embargo aquí en escasas semanas sabiamos cal era o virus causante. Polo tanto, imos moito máis acelerados que noutras épocas, pero temos o tempo por diante e temos que concretar.

Tampouco temos información definitiva sobre a inmunidade das persoas expostas e infectadas polo virus, nin sobre a súa efectividade e duración. En Galicia, concretamente, xa creamos bancos de plasma hiperinmune, e xa hai un paciente tratado desta forma.

A información da que dispoñemos sobre a circulación do virus na nosa comunidade dinos que é escasa. Os resultados preliminares do estudo de seroprevalencia así o indican, tanto o promovido e realizado pola Xunta de Galicia —o maior, dende logo, que se ten feito en número de mostras de toda Europa— como tamén o que estamos facendo promovido polo Estado e feito pola Consellería de Sanidade. Os datos non están pechados, pero indican que a circulación vai ser pequena.

En Galicia estamos preparados para activar o plan de resposta ao rebrote cando sexa necesario. Desde logo o propio Ministerio mide as capacidades das que dispón Galicia, e aprobamos este exame.



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten despois outro turno.

Para a réplica, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor conselleiro, coincidimos na súa apreciación de que o curso da pandemia é impredecible e coincidimos tamén nas reflexións xenéricas, que están ben enfocadas, que vostede presenta. Así nolo transmiten tamén os compañeiros e a xente especializada en xestión pública de epidemias que nos está asesorando ao longo desta crise. Derivamos, polo tanto, que non hai ningunha predición nin ningunha posibilidade de determinar que semana poida ter menor risco de rebrote ao longo do verán que outra.

En definitiva, hai que diferenciar entre o que é a cuestión clínica do que é a cuestión política. Hai que diferenciar a xestión dunha crise de tanta gravidade, como vostede sinala, do que son os intereses políticos que pode ter un gobernante á fronte da Xunta de Galicia. Non se pode mesturar a saúde, o dereito á saúde, a defensa e a loita contra esta pandemia, con outro tipo de intereses que están poñendo motivos ou razóns clínicas de inmunidade que para nada poden estar enriba da mesa dos expertos. Algúns falan de informes clínicos ou de expertos para intentar con iso poñer por riba os seus intereses da axenda política. Así pasou co estado de alarma, que é un mecanismo institucional, a resposta institucional, para entender como se pode atallar unha situación tan crítica dende as institucións.

Eu xa sei que non lles corresponde aos médicos, aos profesionais clínicos, facer unha valoración do mellor instrumento institucional, pero corresponde, polo tanto, ao responsable político que fai esas valoracións dicir explicitamente que as fai á marxe dos comités clínicos. Exactamente o mesmo ocorre cando se está trasladando á opinión pública que haberá un determinado mecanismo para establecer cal é unha mellor data electoral en Galicia. A data electoral, se se quere facer en función do nivel de evolución da pandemia, non se pode establecer de acordo con criterios de previsión que non existen.

En definitiva, señor conselleiro, sería bo que o señor Feijóo, cando di que vai poñer a data electoral en función dos informes clínicos, diga a verdade: que vai intentar traballar en función dos seus intereses, sen informes clínicos e...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero. Rematou o seu tempo.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...sen previsións certas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Caballero Míguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que cando me chegou esta pregunta pensei que o Partido Socialista quería saber algo de sanidade, da pandemia e do que estamos facendo. (*Murmurios.*) De feito, eu traía pois todo o que estamos facendo en vixilancia, en tratamento e tal, pero vexo que iso non é o que necesitan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, o que estamos dicindo é que hai investigadores, científicos, de todo o mundo —e lóxicamente tamén españois—, que fan predicións. Hai unha predición na que coinciden todos: que imos ter o 2020 e o 2021, seguro, con risco alto de novos rebotes, en diferentes ondas, porque non hai unha vacina, e, polo tanto, a inmunización natural non chega e a que non é natural non imos poder facela. Polo tanto, si teño claro que hai que establecer que durante dous anos como mínimo imos ter unha situación de risco, e ante iso os investigadores fan as previsións segundo os graos de coñecemento.

E hai unha cousa que din: que, á parte de que vai haber ondas durante todo este período, posiblemente poida haber unha onda enorme no outono-inverno, coincidindo precisamente con outras epidemias de virus respiratorios, sobre todo especialmente a gripe. Iso é o que están dicindo os analistas a nivel nacional e internacional.

E, dende logo, nós imos seguir traballando no que temos que facer, no que hai que traballar, que somos a Consellería de Sanidade. E no comité clínico aprobamos protocolos, de todo tipo: de reactivación da actividade sanitaria, tanto a nivel hospitalario como de atención primaria, e facemos todo o necesario para mellorar a calidade da atención, e creo que é moi importante que o teñamos claro.

Se vostede o que quere é falar do estado de alarma, deberá dedicalo en ámbito xurídico, no ámbito do dereito, non no ámbito sanitario. No ámbito sanitario estase facendo, e resulta que parece que non o estamos facendo mal de todo cando o propio ministerio aproba Galicia para que pase con todo o territorio á seguinte fase, á fase 1, na que estamos, e que, dende logo, nós temos montado para seguir na fase 2 e fase 3, e rematar ese período de estabilidade para toda a poboación galega, e creo que o estamos facendo.

Por iso quero agradecer o traballo de todos os profesionais sanitarios, que neste período, dende logo, fixeron moito máis do que se pide habitualmente; e fano porque teñen experiencia e capacidade e sobre todo implicación con este sistema sanitario. E tamén agradecer á poboación galega, que é unha poboación madura e responsable, que ten feito un magnífico labor para tratar de conter esa onda que aquí, por toda esta suma de activos, nos favoreceu.

Pero tamén quero dicir e aproveitar neste ámbito do Parlamento de Galicia que temos que continuar nesa liña, con sentidiño, gardando as distancias de seguridade, practicando a hixiene de mans e tamén a respiratoria. E entre todos podemos vencer esta pandemia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...en diferentes graos, en diferentes ondas que poida haber nos seguintes anos.



Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Debatemos agora, de xeito acumulado, dúas preguntas.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, do G. P. Grupo Común da Esquerda, sobre a actuación inspectora e sancionadora da Xunta de Galicia nos centros de atención a maiores nos últimos anos

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto da covid-19 nas residencias de maiores na comunidade autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Comezamos. Formula a pregunta, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario Común da Esquerda, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Bo día, señora conselleira.

Mire, cando estes días preparaba esta pregunta, pensaba que en política hai preguntas que unha quixera non ter que facer nunca, e esta é unha delas, porque entre toda a dor provocada por esta pandemia seguro que coincide comigo en que a cara das máis duras, das máis dramáticas e incomprensibles foi e está sendo aínda a que se vive nas residencias de maiores. Duras en canto a que miles de traballadores e traballadoras se tiveron que enfrontar a esta pandemia con medios totalmente insuficientes, tanto materiais como persoais. E, por suposto, quero aproveitar unha vez máis a ocasión para agradecerlles o seu enorme traballo, que seguen facendo hoxe, atendendo precisamente a poboación máis vulnerable.

Dramática, porque as cifras de falecementos nas residencias de maiores son realmente arrepiantes. Case a metade das persoas que faleceron neste país por mor da covid-19 eran residentes deste tipo de centros. Vai por diante tamén unha calorosa aperta e unha mensaxe de alento ás súas familias e achegados.

E dicía tamén incomprensibles. E ¿por que digo incomprensibles? Porque vendo o percorrido histórico do que sucedeu coas residencias de maiores neste país, unha ten a sensación —máis ben ten a certeza absoluta— de que isto podería ter sido doutra maneira, que as cousas se puideron facer mellor. A certeza de que cando se privatizan servizos públicos esenciais as consecuencias son desastrosas. A certeza de que había avisos suficientes enriba da mesa que non se atenderon como debían, que vostedes ignoraron, avisos de organismos tan pouco sospeitosos de ser esquerdistas como pode ser o Consello de Contas, que no ano 2017 —como debería saber, non sei por que o señor Feijóo dixo que descoñecía este informe, agardo que vostede non o descoñeza— nun informe alertaba dalgunhas das deficiencias que se podían atopar nos centros de maiores, e nomeadamente —cito textualmente— dicía que «se apreciaban diferenzas no ratio de persoal de atención directa entre os centros xestionados con medios propios e os xestionados externamente, resultando unha media dun 9 % superior nos primeiros. A diferenza no ratio do persoal de aten-



ción directa é un factor que pode repercutir na calidade do servizo». Por iso entre as recomendacións atopábase, entre outras, a de incrementar os efectivos de inspección para evitar que estas cousas seguisen pasando, a vixilancia sobre incumprimentos da normativa ou estándares de calidade exixidos, adoptando as medidas correctoras que foran precisas.

Como sabe seguramente tamén, as familias e os usuarios denunciaron durante moito tempo que había este tipo de incumprimentos; mesmo nesta sede parlamentaria ten sido obxecto de debate unha e outra vez. O Goberno galego seguiu mirando para outro lado, seguiu apostando, sen lugar a dúbidas, pola privatización dos coidados, argumentando que era un sistema eficaz e eficiente; vémolos agora. Todo isto —non hai dúbida— lastrou a loita contra a covid-19. Os datos —como dicía— están enriba da mesa.

Por todo iso, preguntamos: ¿que fixo a Xunta de Galicia ante os datos que tiña enriba da mesa? ¿Que fixo para aumentar a actuación...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: ...inspectora e sancionadora nos centros de atención a maiores?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Formula agora a pregunta o señor Gonzalo Caballero, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señora conselleira, en primeiro lugar, as miñas verbas vaian en apoio, en respaldo ás familias dos falecidos e das falecidas en residencias de maiores ou en hospitais despois de estar en residencias de maiores.

Este é o punto máis complexo de toda esta crise sanitaria, onde a situación dramática vivida ao longo destas semanas se exemplifica e onde o número de contaxios e o número de falecementos é, sen dúbida, o que máis a todos nos alertou.

Un modelo de residencias que se atopou cunha crise da covid que non foi anticipada e un modelo de residencias que non estaba nin preparado nin ben deseñado para este sistema. Traballadores sen medios durante semanas queixándose e reclamando máis medios de protección en todo tipo de residencias. Protocolos incumpridos por parte de residencias, co beneplácito do poder autonómico, a pesar dun informe contundente do Consello de Contas que especificaba que as irregularidades existían, que as inspeccións non implicaban corrección desas irregularidades. Persoal precario en moitos casos e un modelo de privatización do sistema de residencias no que o Partido Popular afondou ao longo dos once anos de goberno do señor Feijóo.

Foi un modelo errado e unha situación moi grave a que aconteceu ao longo destas semanas. E por iso pedímoslle de forma continua, señora conselleira, e pedímosllo ao señor Feijóo, que dea información pormenorizada, por dignidade ás familias, por respecto ao que aconteceu; ás familias, que non podían entrar en residencias de maiores e que tiñan novas informándoas do que ocorría ata que moitos deses familiares acabaron perdendo a súa vida. E



séntense desamparados e senten un goberno autonómico que non tivo empatía, que non os protexeu. Así o din asociacións de familiares de residentes que perderon a vida, así o din tantas familias e tantos profesionais dos servizos sociais que traballan nas residencias.

Ese é o escenario que temos, é o escenario que ten que explicar o Goberno autonómico tamén de Galicia, porque alí onde están as súas responsabilidades en sanidade e en servizos sociais é onde están os focos de contaxio máis altos nestes momentos cando xa estamos nunha etapa de recuperación fronte á crise, e con responsabilidade pedímoslle que o expliquen.

E por iso parécenos especialmente grave que o señor Feijóo a semana pasada viñera ao Parlamento de Galicia dicir que o Goberno da Xunta se anticipara á chegada do virus na xestión das residencias. E eu quérolle dicir a vostede —que asente, señora conselleira, que asente dicindo que o Goberno da Xunta se anticipou á chegada da covid—: ¿por que non illou todas as residencias de maiores se sabían que a covid estaba aí? ¿Por que non tomaron medidas de calado para evitar uns contaxios alí onde vostedes teñen as responsabilidades? Se vostedes din que se anticiparon ao virus, ¿que lles explican ás familias dos residentes que perderon a vida ao longo destas semanas?

Quero pensar, señora conselleira, que prefiren mentir e non recoñecer que non se anticiparon a pensar que si realmente se anticiparon, porque a súa responsabilidade sería enorme.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente.

Deputadas e deputados, boas tardes.

O único xeito de comezar esta intervención é recordando as 269 persoas maiores e con discapacidade que perderon a vida nos centros residenciais de Galicia durante o primeiro brote desta pandemia. O coronavirus levou por diante moitas vidas antes de tempo, en todos os ámbitos. Desgraciadamente, tamén entrou nas residencias, onde vive a poboación máis vulnerable a esta doenza. Galicia comprende, lamenta e comparte a dor de todas esas familias que perderon un ser querido.

Durante esta crise aprendemos moitas cousas. Unha delas é cando o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, asumiu o mando único na xestión desta pandemia. Debeu de escribir naquel momento un pé de páxina e, aínda que fose en letra pequeniña, dicir que o Goberno central ten o mando único e ten competencias en todo, excepto en residencias.

Miren, Galicia loitou moi duro e loitou moito contra esta pandemia, loitou moi duro en todos os ámbitos, e nas residencias o persoal fixo un esforzo encomiable para frear o impacto do virus, nunhas residencias onde traballan milleiros de persoas que entran e saen cada día, uns lugares onde conviven moitas persoas vulnerables e onde a distancia social, cando falamos dos coidados, é algo impracticable.



Galicia pelexou moi duro e pelexou moito, pero desgraciadamente pelexamos sós; o Goberno central non estivo, e iso que se lle esperou, señor Caballero. O domingo 22 de marzo o vicepresidente Pablo Iglesias informounos por correo electrónico ás comunidades autónomas, publicou na súa conta de Twitter e tamén lles filtrou aos medios de comunicación que, cando unha residencia estivese en problemas, o Goberno central acudiría ao rescate. Lamentablemente, señor Caballero e señora Chao, aínda o estamos esperando, porque pedimos o apoio do Goberno central e descubrimos que a única orde que lle dera o Goberno central ao Exército era acudir a residencias a desinfectar; algo que, por suposto, agradecemos e agradeceremos sempre, pero que non era para nada ao que se comprometera.

A deixación de funcións do Goberno central foi de tal calibre que ata tivo que ser a propia Xunta de Galicia a que lle subministrase material de protección aos dous únicos centros de discapacidade que ten o Goberno central aquí en Galicia, un en Bergondo e outro en Ferrol, dous centros que dependen directamente do Goberno central, dous centros que contan con persoal que depende do Goberno central; e tiveron que acudir á Xunta de Galicia a buscar material de protección, que, por suposto, lles facilitamos.

Na actuación do vicepresidente Pablo Iglesias a verdade é que houbo máis promesas incumpridas que respostas convincentes. E do presidente do Goberno, ¿que lle vou eu dicir? Que pasou máis tempo falando das segundas residencias que das residencias dos nosos maiores.

Señor Caballero, eu, ademais, hoxe tiña a esperanza de que vostede viñese hoxe a esta cámara pedindo desculpas, que pedise desculpas polas súas desafortunadas palabras a semana pasada nesta cámara. Comparar as residencias dos nosos maiores coas prisións é unha das cousas máis delirantes que puideron escoitar os galegos e as galegas nos últimos anos nesta cámara galega. Nunca pensei que vostede puidese vir a esta sede parlamentaria e dicir das persoas maiores que as residencias son como prisións. Mire, señor Caballero, as persoas maiores cando van ir vivir a unha residencia é para recibir os mellores coidados por parte duns excelentes profesionais. E tanto os usuarios como as familias deberían de ter máis respecto e máis rigor pola súa parte. Por iso, que vostede equipare as residencias ás prisións a verdade é que é algo totalmente surrealista e está fóra de lugar, e confío en que utilice a súa segunda intervención para poder rectificar.

Señorías, durante esta pandemia a xestión do Goberno galego nas residencias seguiu tres premisas básicas. Si, señor Caballero, como dixó o presidente Feijóo. A anticipación. Galicia comezou a limitar as visitas ás residencias antes de que o Goberno central declarase o estado de alarma e tamén elaboramos un protocolo de actuación antes de que o Goberno central elaborase o seu e se remitise ás comunidades autónomas.

A segunda premisa foi a transparencia. Toda Galicia puido coñecer diariamente con exactitude o número de contaxios entre usuarios e traballadores e, desgraciadamente, todas as persoas que foron perdendo a vida. Máis dun mes despois seguimos esperando a que o Goberno central publique eses datos cos que conta de todas as residencias de maiores a nivel nacional.

E a terceira premisa, señor Caballero e señora Chao, foi a contundencia. Cando a situación así o aconsellou e de acordo sempre cos criterios sanitarios, porque nos atopamos nunha



crise sanitaria, intervimos e asumimos a xestión das residencias onde o avance do virus puxera en risco a calidade asistencial e a calidade sanitaria e, ademais, as autoridades sanitarias tutelaron o 100 % das residencias de Galicia, tanto das públicas como das privadas.

Mire, señor Caballero, antes, durante e despois da pandemia, a Xunta de Galicia sempre estivo ao carón dos usuarios e dos traballadores das residencias de Galicia. Señor Caballero e señora Chao, ¿onde estivo o Goberno central?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Mire, señora conselleira, teño que dicirle que non me gustaría estar na súa pel, non me gustaría porque despois de escoitar isto eu penso, quero pensar que isto non é máis que un disfrace de xestor frío e insensible; quero pensar que vostede, como o resto da cidadanía galega, tamén está padecendo o sufrimento da xente que morreu nas residencias de anciáns; teño que pensalo para non marchar deste parlamento inmediatamente. Porque o que acabamos de escoitar é un exercicio de tal indignidade, de tal falta de responsabilidade, de tal falta de asunción de responsabilidades políticas que é indigno desta cámara, absolutamente indigno.

Vostede, cando menos, hoxe debería vir esta cámara facer unha única cousa: desculparse. Desculparse polo que aconteceu; desculparse por ter ignorado todas as recomendacións que tiñan enriba da mesa do Consello de Contas hai tres anos; desculparse por ter apostado unha e outra vez pola privatización dos servizos públicos, unha e outra vez, por ter vido a esta cámara dicindo que a privatización das residencias de anciáns era a mellor das opcións; desculparse por ter sido vostede nomeadamente responsable de maiores deste goberno e ter dado o visto bo, un tras outro, a cada proceso de privatización; desculparse por ter garantido este negocio para os seus amigos durante tanto tempo.

Iso era o mínimo: vir aquí e asumir responsabilidades con dignidade, vir aquí e dicir que si, que se equivocaron, e que a partir de agora ningunha empresa que queira facer negocio coa vida dos nosos maiores vai contar coa complicidade do seu goberno e, nomeadamente, non vai contar coa súa complicidade. Iso era o mínimo que se pode esperar nunha cámara, iso era o mínimo que se pode esperar nunha situación coma esta.

En lugar diso, vostedes veñen aquí, con todo descaro, botar balóns fóra tamén neste tema. ¿Esquece o artigo 148 da Constitución española? Pódollo dicir eu: no artigo 148 da Constitución dise que vostedes teñen a competencia transferida, pero esquécense diso. ¿Queren iralles contar aos familiares das persoas que perderon a alguén en toda esta traxedia que vostedes non podían facer absolutamente nada? Non, claro que non podían facer nada. Vostedes xa se encargaron durante todos estes anos de que teñamos máis de cinco prazas en residencias privadas, en residencias privatizadas, regaladas aos seus amigos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.



A señora CHAO PÉREZ: ...que en residencias públicas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: E de aí os resultados que temos hoxe.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señora conselleira, di vostede que algunhas das miñas declaracións están fóra de lugar. Vostede está fóra de lugar, vostede está fóra da responsabilidade que se lle exige a alguén que xestiona unha crise tan grave con efectos tan terribles para tantas familias. 269 falecidos en residencias, en centros de discapacidade, e vostede vén aquí outra vez dicir que vostedes se anticiparon. Se se anticiparon, explíquenlles qué pasou. Se vostedes sabían que o virus supoñía ese risco para os residentes nas residencias, expliquen que medidas non tomaron e non faga un xogo perverso e demagóxico que ninguén lle vai crer.

Xustamente o que eu lle plantexei a semana pasada, señora conselleira, é que, se tiñan anticipación, vostedes podían prever a entrada do virus e tomar medidas de illamento, como existen noutros centros, e situei os centros penitenciarios xustamente como un mecanismo de que hai respostas para evitar a entrada dos riscos cando se impide a mobilidade e as entradas e saídas. Vostede hoxe dá unha resposta insensible, incapaz, falaz.

Nin transparencia por parte da Xunta. Aínda non temos os datos de falecementos e de contaxios de cada unha das residencias deste país, e vostede debería traelas hoxe aquí. Nin tam pouco anticipación, e quero seguir preferindo pensar que menten antes de pensar que vostedes se anticiparon, porque serían responsables do que ocorreu. Non sigan nese discurso falaz de confrontación que non os leva a ningures e deixen a confrontación co Goberno de España para non asumir as súas responsabilidades.

Hoxe vostede fai unha intervención que é a de escapar das súas responsabilidades e a de non asumir que vostede é a conselleira de Política Social dun goberno que ten plenas competencias en servizos sociais e intentar exculparse das súas responsabilidades polo modelo de residencias e pola xestión da crise. E cando botan adiante ese nivel de confrontación erran porque faise máis evidente un camiño que é moi preocupante para o país...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...pero que será o peor para a responsabilidade política deste goberno.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. Grazas.

Turno de peche, conselleira.



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señorías, señor presidente.

Señor Caballero, é unha pena, é unha pena que desaproveitara esta ocasión que tivo vostede de intervir para poder rectificar. E é curioso porque, ademais, tamén sería bo que Galicia soubese a razón de por que o Goberno central exixise diagnosticar as prisións a través de PCR e, en cambio, as nosas residencias de maiores a través de tests de baixa fiabilidade ou de menor fiabilidade. Teremos que quedar coa incógnita, señor Caballero. Menos mal que aquí en Galicia testeamos o 100 % das residencias e os nosos maiores con PCR.

Ademais, señor Caballero, tamén é unha lástima que vostede non lle deixase hoxe facer esta pregunta á deputada que a rexistrou, á señora Blanco, que teño que dicirlle que é bastante, pero bastante máis rigorosa que vostede.

Eu insisto: sempre que se detecta nunha residencia algunha irregularidade, a Xunta de Galicia actúa, e actúa con contundencia. Fixémolo durante a pandemia, asumindo directamente a xestión dos centros onde a calidade asistencial e sanitaria estivo comprometida. E continuaremos facéndoo despois, tal e como indica o plan de inspección para este ano 2020 que aprobou o Consello da Xunta o pasado mes de xaneiro. Neste ano o obxectivo é realizar máis de mil cincocentas inspeccións a centros de servizos sociais, que é un 20 % que o pasado ano 2019.

E indo ao ámbito específico das persoas maiores e das persoas con discapacidade, o obxectivo é superar o 40 % as previsións para o ano pasado e facer máis de cincocentas cincuenta inspeccións. Cando nestas inspeccións se detecta algún tipo de anomalía ou que algunha residencia non está a cumprir, primeiro pídeselle que subsane as deficiencias e despois compróbase, compróbase en función da gravidade e do incumprimento, e é o corpo de inspectores da Xunta de Galicia o que valora a apertura dun expediente sancionador.

No que vai de lexislatura e ata o inicio desta crise, a inspección dos servizos sociais abríalles trinta e tres expedientes sancionadores ás residencias de maiores e pecháronse dous centros. Durante a pandemia, ademais das múltiples inspeccións sanitarias, a inspección dos servizos sociais acudiu a trinta e sete centros e incoou catro expedientes sancionadores.

O obxectivo da Xunta de Galicia por suposto que é seguir perfeccionando os procedementos da inspección para actuar cada vez con máis rapidez e con máis contundencia fronte a calquera tipo de incumprimento. Por iso nos próximos días iniciaremos a tramitación dunha orde que vai reforzar o labor inspector, facilitando ás persoas usuarias e ás súas familias que poidan presentar as súas queixas e as súas denuncias directamente á Xunta de Galicia.

Ademais, este ano imos reforzar as inspeccións para responder a varias situacións que se detectaron e que nos preocupan, con campañas específicas para asegurar que as residencias respectan escrupulosamente o patrimonio das persoas usuarias, sobre todo aqueles que non teñen familia próxima, e garantindo o estrito cumprimento do réxime de prezos establecido, para evitar que se facture indebidamente por extras que as familias descoñecen e que a administración pública non autoriza, e revisando — ¡como non! — progresivamente a normativa que regula os centros de atención ás persoas maiores, que é a mesma que estaba vixente durante a etapa do Bipartito e que entendemos que agora toca actualizar.



Señorías, é imprescindible reflexionar —¡como non!— sobre o futuro das residencias de maiores, pero o elemento motor desta reflexión non poden ser os prexuízos nin os dogmas ideolóxicos, senón que ten que ser o realismo, o diálogo co sector e, sobre todo, o sentidiño. Eu pódolles asegurar que a Xunta de Galicia terá un papel protagonista nesa reflexión.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o Goberno galego nas residencias de maiores por mor da pandemia da covid-19

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Todo indica que a actualidade non está nesta cámara, ¿non?, senón na convocatoria de eleccións que está neste momento facendo o presidente da Xunta, o cal demostra o respecto por este parlamento.

Señora conselleira, dous meses despois de declarado o estado de alarma, xa temos certa perspectiva para iniciar o balance da pandemia producida pola covid-19 nas residencias de maiores. E os datos dende logo son demoledores. Máis de mil persoas residentes contaxiadas, a pesar de non ter eses datos oficialmente, máis de catrocentos traballadores e traballadoras, 269 persoas mortas, 269 de 597; máis do 45 % das persoas que morreron en Galiza fixérono en residencias de maiores, vivían en residencias de maiores. E por iso pregúntolle se coida que a Xunta fixo todo o preciso para protexer as persoas maiores que viven en residencias e as persoas que as atenden.

Esta crise fixo emerxer con toda crueza, señora conselleira, a situación de deterioración, de recortes, de deficiencias das residencias de maiores, que é anterior a esta crise, mil veces denunciada e mil veces negada por vostede e polo Partido Popular. Un sector entregado á empresa privada e precarizado, a atención aos nosos maiores convertida nun negocio lucrativo.

A Xunta coñecía as deficiencias destes centros, porque así o denunciou o Consello de Contas, porque así quedou recollido en actas de inspección, porque así o denunciámos neste parlamento, mais a todo antepuxo os intereses desas empresas vinculadas ao Partido Popular diante dos intereses das persoas residentes. E os datos reflicten as consecuencias, señora conselleira. O epicentro da traxedia, situada en dous grupos empresariais, fundamentalmente: DomusVi e San Rosendo. Barreiro de Vigo, 80 persoas residentes contaxiadas, 17 profesionais, 30 falecidos. Aldán, 27 falecidos. San Lázaro, de Santiago, 150 contaxios, entre 45 e 50 persoas falecidas, un de cada tres residentes. 50 persoas mortas e 180 contaxiadas nas residencias da Coruña. Esperanza de Ourense, 140 infectados, 35 mortes. San Carlos, de Celanova, onde se declarou o primeiro brote masivo, unha taxa de contaxios arredor do 82 %,



11 mortes, cun cadro de persoal reducido ao 16 %, sen dirección. Residencia do Barco, 14 falecidos.

¿Por que non interveu as residencias, señora conselleira? ¿Por que non interveu todas as residencias, porque vostede era quen tiña a tutela a pesar de terllo pedido insistentemente, cando a emerxencia de moitas —acabo de demostrarllo— era tan importante ou maior que as que interveu? ¿Por que permitiu que tiveran que afrontar esta pandemia con ratios de persoal máis que insuficientes, con moitísima carga de traballo, con falta de material de protección, con falta de protocolos, con falta de formación, sen facerlles tests...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...totalmente desbordados e vivindo un inferno?

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. Grazas.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, grazas, terminou o tempo. Non, perdón, pareille o tempo. Non, non, señora Prado, que non teña ningunha dúbida, pareille o tempo, jeh! Non, non. Son testemuñas os poucos que hai hoxe aquí, pero parei o tempo, jeh!

Respóstalle a conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados.

As residencias de persoas maiores e de persoas con discapacidade non están configuradas como hospitais, nin a nivel arquitectónico nin a nivel de persoal, nin tampouco no seu funcionamento diario. Precisamente por iso non teño palabras suficientes para louvar o tremendo esforzo que fixeron os profesionais das residencias, co apoio permanente do persoal sanitario que destinou o Sergas, para loitar contra este inimigo silencioso.

Señora Prado, o cen por cento das residencias de Galicia, tanto públicas como privadas, estaban tuteladas pola autoridade sanitaria. O obxectivo da Xunta de Galicia foi previr, acompañar e estar á altura dos esforzos que fixeron as persoas que traballan nestes centros de maiores e de persoas con discapacidade.

Por iso, a pesar da preocupante incomparecencia do Goberno central, desde Galicia, si, actuamos con anticipación, con total transparencia e tamén con contundencia. En Galicia interviñéronse residencias antes que noutras comunidades autónomas. En Galicia puxéronse en marcha centros integrados para illar aqueles maiores contaxiados que recomendaban as autoridades sanitarias, e fixémoslo antes que noutras comunidades autónomas. En Galicia a autoridade sanitaria asumiu a tutela do cen por cento das residencias galegas. En Galicia conseguimos adquirir o material de protección para as nosas residencias, a pesar de que o Goberno central se comprometera a asumir e a centralizar a súa subministración. En Galicia



contamos con protocolos, como dicía antes, oito días antes que o Goberno central publicase os seus.

Eu hoxe quero darlles unha cifra e unha porcentaxe: a cifra é 1.013; 1.013 é o número de profesionais cos que reforzamos as residencias de maiores, profesionais que viñeron de centros de día, que viñeron de centros de educación especial e doutros ámbitos, que acudiron á chamada da Xunta de Galicia e se puxeron a traballar, aos cales eu hoxe quero reiterar unha vez máis o noso agradecemento. E a porcentaxe que quería dar hoxe do cen por cento. O cen por cento das residencias de maiores, dos nosos maiores, e tamén dos traballadores, están testeadas en Galicia.

Reducir o risco a cero hoxe por hoxe é unha quimera, e quen diga que ten a fórmula para garantir que non haberá contaxios ou mente ou é que ten unha vacina. Por iso é tremendamente inxusto utilizar esta pandemia que impactou en todos os ámbitos da nosa sociedade como escusa para emprender unha causa xeral contra todas as residencias de Galicia, porque os profesionais de todos estes centros se merecen bastante máis.

A estratexia da Xunta de Galicia para romper esta cadea de contaxios foi...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Terminou o seu tempo.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas.

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: A realidade, conselleira, é que tiveron semanas de antelación con respecto a outras partes do territorio e non as aproveitaron. Eu diríalle que non perseveren nos erros e non pretenda impoñer un relato fraudulento.

Os datos demoledores da pandemia en residencias de maiores mostran con clareza que é precisa unha rectificación e un abandono do modelo privatizador do Partido Popular e ir a un modelo público. O 45 % das persoas falecidas vivían en residencias; é a porcentaxe como se en Galiza morreron trinta mil persoas. Creo que non sería aceptable, non se poden aceptar como danos colaterais, señora conselleira; non son estatísticas, son persoas con nome e apelidos, con familias, que se sentiron abandonadas e desprotexidas, que denuncian a opacidade e o escurantismo que a día de hoxe se mantén, pois a día de hoxe non existe un protocolo claro de información ás familias, que non saben como van realizar o desconfinamento progresivo destas persoas, illadas, sen relación social, con grave risco para a súa saúde mental, que seguen sen ter información.

Eu por iso hoxe vou facerlle unha serie de propostas, señora conselleira. Que presente a planificación para a volta á normalidade das residencias, para que estas persoas poidan recuperar tamén as súas vidas. Que presente as medidas para garantir que o drama vivido non se volva repetir diante de posibles brotes. Que poña en marcha un plan de inspección para garantir que todas as residencias cumpren coas condicións precisas, tanto en medios e instalacións como en ratios de persoal. Que publique, sen máis dilación, os datos de persoas



contaxiadas e falecidas en cada residencia, tanto acumuladas como desagregadas. Que se poña mans á obra, señora conselleira, para poñer en marcha un modelo público, para crear un verdadeiro servizo galego de benestar público, de proximidade, cun orzamento preciso e ao que os nosos maiores poidan ter acceso cando o precisen, coa garantía de que van ser ben atendidos.

Eu pídlle que deixe de ser a conselleira ausente, que deixe de actuar cando as cousas están sobrepasadas e que se poña nunha posición proactiva...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...porque os nosos maiores necesitan unha... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Peche desta pregunta, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señorías, señor presidente.

Todas as comunidades de España levamos máis dun mes achegando datos exactos das residencias de maiores ao Goberno central, co modelo que eles marcaron, coa frecuencia que eles nos indicaron e coa profusión que eles nos pediron. Aínda así, a min polo menos resúltame incompreensible como o Goberno central aínda non fixo públicos os datos cos que conta dende hai máis dun mes, porque así é imposible poder obter unha panorámica que nos dea a realidade da situación en todas as residencias de maiores a nivel nacional. A información que temos a día de hoxe é a información que nos dan os medios de comunicación.

En toda España as residencias estiveron entre os lugares máis afectados da pandemia, en todos os lugares de Europa, e España non foi distinta. Grazas ao traballo de moitos xornalistas, podemos contar cada día cunha aproximación ao impacto real do coronavirus nas residencias de maiores españolas.

No conxunto de España dúas de cada tres persoas falecidas con coronavirus eran usuarias de residencias; en Galicia o impacto foi dezaoto puntos menor. Galicia, segundo nos din os xornalistas, foi a quinta comunidade autónoma con menos falecementos en relación coas franxas de maiores, e Galicia foi a segunda comunidade onde menos penetrou o coronavirus nas residencias con relación ás prazas.

Cando o Ministerio de Sanidade faga públicos todos estes datos dos que dispón hai máis dun mes, poderemos corroborar de xeito oficial estas cifras que nos dan os medios de comunicación.

Eu remato, do mesmo xeito que comecei a miña anterior resposta. Eu lamento profundamente todas e cada unha das persoas falecidas, esas 269 familias que perderon os seus seres queridos antes de tempo. Comparto a súa dor e acompáñoos no sentimento. Poñer os datos



en perspectiva axuda a ter unha visión moito máis clara e certa da realidade. Comprobar que Galicia resistiu mellor que outros territorios reitéranos nesa débeda de gratitude que temos con todos os profesionais, cos milleiros de profesionais que traballan nas residencias de maiores e que nos axudaron á contención da pandemia. A eles e a elas, unha vez máis, moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os fondos cos que contará a Xunta de Galicia neste exercicio para xestionar o tramo autonómico das subvencións a entidades sociais con cargo ao 0,7 % social do IRPF

O señor PRESIDENTE: Señora Rodríguez Arias, cando queira.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, puido comprobar que hoxe os grupos da oposición parecen estar máis preocupados pola data da celebración das eleccións autonómicas que polas persoas maiores e polas persoas que están en situación de pobreza ou exclusión social. *(Murmurios.) (A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Chao, ¡silencio!

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Parece ser que están nerviosos... *(A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Chao, ¡silencio! Por favor, non compliquemos o tema agora, que é a última pregunta.

(A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Silencio! Señora Chao, non dialogue. Vou ter que chamala á orde, señora Chao, e non quería facelo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: É unha mágoa, señor presidente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

Eu non escoitei nada, pero, por favor, é que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)



Retiren, por favor, calquera cousa que poida molestar a alguén e imos terminar esta sesión. O mellor é que non haxa intercambio entre ninguén. Imos rematar a sesión, por favor. E xa está. ¡Silencio!

(A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Chao, ¡silencio xa! ¡Xa está! Non entren..., por favor.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio! ¡Por favor, xa, non compliquemos!

(Murmurios.) (A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Por favor, señora Prado!

Vou ter que suspender agora o pleno neste último momento. ¡Por favor!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señora Chao, non quero chamar á orde a ninguén. ¡Silencio! Señora Prado, ¡silencio, por favor! Xa está. Señora Prado e señora Chao, ¡por favor! ¡Vaia imaxe!, por favor, neste momento. ¡Silencio!, ¡silencio! Xa está.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Prado, silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Pido desculpas aos galegos e ás galegas por esta cuestión que acaba de acontecer, porque creo que as persoas non se merecen este tipo de comportamentos por parte dalgúns grupos parlamentarios desta cámara.

Dende logo, nós hoxe comprobámolo e vostede, señora conselleira, debe de estar desconcertada, porque a oposición non sabe dicir outra cousa que a de que a resposta da Xunta non foi anticipada ou que o modelo da Xunta de Galicia non foi o acertado, mentres o único que saben facer e repetir, unha e outra vez, é que eles están na gama alta de éxitos e na gama baixa de erros. Dende logo, nós, señora conselleira, apoiamos a súa xestión e apoiamos o traballo do persoal sanitario e do persoal profesional das residencias de maiores.

E hoxe queremos falar doutro exemplo desa gama alta de éxitos, porque o pasado 8 de maio os grupos parlamentarios recibimos un escrito — todos os grupos parlamentarios — da Rede Galega contra a Pobreza. No seu escrito trasládannos a súa extrema preocupación ante o novo criterio do Goberno central para repartir os fondos do 0,7 % social do IRPF, unha repartición que se fai de xeito unilateral, sen diálogo, sen falar coas comunidades autónomas e sen acordo con ninguén.



¿En que consiste esta repartición? Ben, pois, mentres a maioría das comunidades autónomas verán incrementada a súa asignación por riba dun 11 %, resulta que Galicia tan só percibirá un mínimo incremento do 0,9 % correspondente ao incremento do IPC. Non é a primeira vez —e vostede sábeo, señora conselleira— que o Goberno central reduce a asignación a Galicia dunha axuda social durante a pandemia. O primeiro recorte reduciuse á hora de asignar fondos extraordinarios para o plan social de continxencia de Galicia, no que reduciron a achega nun 32 %. E agora volven castigarnos aos galegos con cargo ao 0,7 % do IRPF e, ademais, sen ter en conta a situación extraordinaria que estamos a vivir por culpa da pandemia da covid-19.

Esta repartición inxusta que hoxe denunciámos non afecta soamente as entidades sociais; afecta as persoas, millares de galegos que están en situación de risco de pobreza e de exclusión social. Dende logo, Galicia manifestou o seu desacordo ante esa reunión co secretario de Estado de Dereitos Sociais e comprometeuse a facer todo o necesario para que eses fondos sexan xustos para Galicia.

Por iso hoxe, señora conselleira, queremos saber con que fondos contará...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...Galicia en relación con este 0,7 %...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...como se fixo a repartición e en base a que criterios.

Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados.

Moitas grazas, señora Rodríguez Arias, por traer a esta cámara unha cuestión de vital importancia como é a repartición dos fondos da casilla social do imposto sobre a renda, unha cuestión que afecta directamente as entidades sociais de Galicia e, en consecuencia, afecta directamente as galegas e os galegos que peor o están a pasar.

Como saben, trátase duns fondos que na súa maior parte distribúen as comunidades autónomas e que cada ano lles asigna unha cantidade o Goberno central ás comunidades autónomas. Este ano certamente nos sorprendeu, sorprendéunos a nós e tamén sorprendeu as entidades sociais de Galicia, que o Goberno central tan só lle aplicase á nosa comunidade autónoma, aos nosos fondos, un incremento do 0,9 %; incrementamos o IPC. ¿Como cren vostedes que é posible atender todas as necesidades extraordinarias que xurdiron durante esta crise e que xurdirán nos próximos meses cun incremento do 0,9 %?



E aínda é máis grave a segunda pregunta que nos preocupa: ¿en base a que criterios a Galicia e a outras tres comunidades autónomas —ningunha delas, por suposto, lideradas polos partidos que gobernan— só se nos incrementa o IPC mentres todas, todas as demais comunidades autónomas ven como a súa asignación medra por riba do 11 %, entre o 11 % e o 44 %?

Comprenderán vostedes que aos galegos e ás galegas e ao propio Goberno autonómico nos cause estupefacción comprobar que a proposta de repartición que nos fai o Goberno é once veces peor para Galicia que para o resto das comunidades autónomas.

Señorías, o Goberno central mudou este ano os criterios de repartición do 0,7 % do IRPF e fíxoo de forma unilateral, sen que nós puidésemos opinar nin puidésemos votar as comunidades autónomas e ademais aplicando uns criterios pouco claros —eu máis ben diría uns criterios ben escuros—, polo que comprenderán que temos que ser un pouco suspicaces, especialmente ao ver a cor política das comunidades que estamos máis castigadas.

Galicia non pide un trato de favor, pero, por respecto aos galegos, por respecto ás nosas entidades sociais, que fan un traballo brillante, os trescentos sesenta e cinco días do ano, non imos tolerar que se nos faga de menos. Cando o ano pasado chegou o momento de debater a distribución destes fondos, o Goberno central, do Partido Socialista, recoñeceu que había nove comunidades autónomas a nivel nacional que estabamos infrafinanciadas; esas comunidades eran Andalucía, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Castela-A Mancha, a Comunidade Valenciana, Extremadura e Galicia. Pois ben, desas nove comunidades infrafinanciadas, oito comunidades soben de media un 15,2 % e deixan fóra unha. ¿Cal? Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, neste parlamento á oposición o que lle escoitamos é que a Xunta de Galicia ten que ter cooperación, ten que ter diálogo, pídeno todos os días, e resulta que logo o Goberno central o que fai coas comunidades autónomas é non falar, non gobernar, secuestrar competencias en relación coa materia de servizos sociais. Polo tanto, non entendemos como vostedes hoxe neste pleno poidan pedirle a Galicia que asuma competencias, cando dende o Goberno do Estado o que fan é unilateralmente asumir as competencias das comunidades autónomas, da Xunta de Galicia, en materia de servizos sociais.

Porque a repartición do 0,7 % non é o único que está a acontecer con esta proposta do Goberno do señor Sánchez (*A señora Rodríguez Arias mostra un documento.*). Resulta que agora o Goberno central, a través da Vicepresidencia de Dereitos Sociais, pretende asignar directamente outras axudas sociais, neste caso as correspondentes ao 0,7 % do imposto de sociedades, en contra da sentenza do Tribunal Constitucional que avala que estas axudas son competencias das comunidades autónomas. É incomprensible que aproveiten esta situación para asumir competencias que son propias das comunidades autónomas. Dende logo, nós esperamos que recapaciten, porque aínda teñen tempo de emendar o seu erro e dende logo



esperamos que teñan un plan B para devolverlles as competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas para ter unha repartición xusta dos fondos con Galicia e co resto das comunidades autónomas e, dende logo, para deixar de actuar de xeito unilateral e que negocie, fale e cogoberne coas comunidades autónomas.

Grazas, señora conselleira, pola súa xestión, grazas aos profesionais sanitarios, grazas aos profesionais das residencias.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Turno de peche desta pregunta, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Deputada Rodríguez Arias, moitas grazas polas súas achegas.

Creo que estamos e nos atopamos nunha ocasión excelente para amosar a unidade do Parlamento de Galicia ao redor dunha reclamación que consideramos xusta e que beneficiará as entidades sociais de Galicia e tamén todos os galegos e galegas que peor o están a pasar. Eu espero contar con todos os partidos desta cámara para poder reclamar ante o Goberno central unha repartición entre comunidades autónomas equilibrada e razoable dos fondos da casilla social do 0,7 % do IRPF. Porque o obxectivo destes fondos é axudar as entidades sociais de Galicia, é axudar as entidades sociais de todas as comunidades autónomas, para que poidan desenvolver o seu labor do mellor xeito posible e non castigar as entidades sociais dunhas comunidades autónomas e premiar as entidades sociais doutras comunidades autónomas, con criterios moi, moi dubidosos.

Non é normal que a proposta de repartición que se lle fai a Galicia sexa once veces peor que a da inmensa maioría das comunidades autónomas, e tampouco é normal que das nove comunidades autónomas que o Partido Socialista considerou que estabamos infrafinanciadas as outra oito medren de media un 15,2 % e Galicia un 0,9 %. Por iso, Galicia vai actuar —e espero que co apoio de todas as forzas políticas desta cámara—, e imos actuar nunha dobre dirección. Por unha banda, seguiremos reivindicando que o incremento dos fondos do 0,7 % do IRPF sexa tan beneficioso para as entidades sociais de Galicia como o é para as entidades sociais asturianas, extremeñas ou cántabras. E, por outra parte, faremos unha consulta xurídica sobre a constitucionalidade de que o Goberno central pretenda asignar de xeito directo as outras axudas sociais neste caso non correspondentes ao 0,7 % do imposto de sociedades.

O Goberno central aínda está a tempo de emendar o seu erro e de tratar a Galicia de forma distinta. Espero que recapaciten e que todas as forzas políticas desta cámara nos axuden a facer que o Goberno central recapacite, porque non se trata para nada dun favor á Xunta; do que se trata é de exixirlle ao Goberno central o que lles corresponde ás nosas entidades sociais de Galicia, o que lles corresponde a todos os galegos e galegas que peor o están a pasar. Non queremos que se castigue tan duramente as nosas entidades sociais.



Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Esgotada a orde do día, antes de suspender a sesión, eu quería unha vez máis trasladarlle o agradecemento ao persoal do Parlamento, que fai posible que celebremos esta sesión. Tamén o noso recoñecemento a todo o persoal sanitario e ao persoal de diferentes servizos esenciais, que continúan prestando servizos ante o confinamento e mesmo agora tamén na fase de desescalada.


E, por último, tamén, un chamamento á responsabilidade, tanto individual como colectiva. Eu penso que aquí os deputados temos moito que facer: somos elixidos, somos os representantes da sociedade; deberíamos de incidir nisto. (*Murmurios.*) Si, si, non o tomen a broma, poucas bromas con esta cuestión (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —perdoe, estou falando eu—, poucas bromas con esta cuestión. As nosas mensaxes han de calar tamén, é moi importante que fagamos ben a desescalada e é importante que teñamos un comportamento adecuado para iso. Isto é o que estou tratando de transmitir e vostedes poden nisto botar unha man, o que queira; o que non queira, que non a bote, pero isto é responsabilidade de cada un e é a miña obrigación trasladalo. Poucas bromas con esta cuestión. Nada máis. Sentidiño.

Levántase a sesión.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás tres e dez minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGKZcD6iSs2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

